SILENCIADA

FESTA DA PALABRA

A CIENCIA COMO ALIADA

20

Publicación Galega Feminista
Galicia. 2005

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
BIBLIOTECA

F **E** S **T** A D A

P **A** L **A** B **R** A

S **I** L **E** N **C** I **A** D **A**

Edita: **FIGA**

Subvenciona: **Concellaría da Muller do Concello de Vigo.**

Dirección: María Xosé Queizán

Deseño: Margarita Ledo Andión

Maquetación: Mónica Bar / María Xosé Queizán

Consello de Redacción: Mónica Bar Cendón / María Xosé Queizán / Marga R. Marcuño

Asesora Lingüística: Marga Rodríguez Marcuño

Colaborado@s:
María Xosé Queizán
Carme Adán
Mari A. Lires
Edual Carbonell
Avelino Muleiro García
Mónica González
Xosé Francisco Pardo Teijeiro
Carlos L. Bernárdez
Marcela Santorun
Mónica Bar Cendón
Marta Neira Rodríguez
Manuel Bragado
M. Carmen Villarino Pardo
Xosé Manuel Sánchez Rei
Manuel Forcadela
Teresa Moure

Ilustracións:
Marcela Santorun Ardone

Portada: Marcela Santorun Ardone

Enderezo-e:
palabra.silenciada@telefonica.net

Distribúe: www.andelvirtual.com

Imprime:
ALFER, etiquetas en contínuo, S.A.

Dep. Legal: VG-241-1983

I.S.S.N.: 1139-4854

EDITORIAL

A FESTA DA PALABRA considera a ciencia como aliada e o método científico como norma, non só para os estudos de ciencia, senón para a análise de calquera tema, xa sexa social o político, filosófico ou literario. A través dos seus vinte anos de vida, intentou constatar, dacordo co feminismo, que nada na vida ten sentido sen teoría. A Festa da Palabra que pretendeu e pretende contribuír a eliminar a dicotomía entre ciencias e humanidades, non quere deixar pasar este ano da Física sen reflectilo nas súas páxinas.

A ciencia ocúpase de explicar como funciona o universo e as/os seres que contén. Así, a evolución das persoas en cada momento histórico médese pola industria á que teñen acceso, polos artefactos que manexan. Da man da experiencia e da investigación xorde a ciencia que foi determinante no progreso da humanidade, xa sexa este económico, cultural, mental, ideolóxico ou ético. A ciencia consegue cambiar a orde social e política, e os seus logros determinan o benestar, a saúde, a vida mesma.

En moitas ocasións, as descubertas científicas, ao estaren contrariando o poder establecido e as mentalidades conservadoras ou relixiosas, tiveron dificultades para seren difundidas e custoulles persecucións e mesmo a morte aos seus autores/as.

Desde certas atalaias de poder quixeron, e aínda queren, difundir un concepto faustiano da ciencia acusando aos descubrimentos e avances de seren perigosos e ameazar gravemente á humanidade. Contra isto se pronuncia François Jacob ao afirmar que a ciencia nunca enxendra paixóns desmedidas; son as paixóns as que utilizan a ciencia malamente. A ciencia no orixina o racismo e o odio; é o odio quen acode á ciencia para xustificar o racismo.

A ciencia e a técnica son de interese público sempre que son aplicadas a problemas sociais. Os problemas do benestar requiren tanto do correcto xuízo social como do coñecemento técnico. Colaboran no proceso de humanización relacionándose coa ética e a política.

En relación coas mulleres debemos subliñar os esforzos pedagóxicos que se deben levar a cabo para incluílas nos estudos científicos, así como a reflexión sobre a súa exclusión dos mesmos. As mulleres, afastadas da formación cultural, quedaron relegadas na sociedade aos aspectos biolóxicos e do coidado. Aplicóuselles o "natural" por oposición ao artificial, elaborado e científico. Alegando a

María **X**osé **Q**ueizán

I.S.S.N. 1139-4854

incapacidade para o pensamento lóxico, concedéronlles a intuición como contraria á reflexión. A intuición está analizada hoxe en día como coñecemento; pero a intuición aplicada ás mulleres estaba relacionada co instinto, iso que os humanos teñen en común cos animais. Así, as mulleres son naturais, irracionais, puras..., polo tanto non só, durante séculos, estiveron afastadas da formación necesaria, senón tamén , conforme a misoxinia se encargaba de difundir, desprovistas das capacidades para coñecer dun modo obxectivo, racional, científico.

A unidade intrínseca do coñecemento é o potencial do progreso da humanidade. A meirande empresa da mente é conectar as ciencias e as humanidades, segundo E.O.Wilson. Esta é a idea que floreceu por primeira vez na Ilustración, a gran contribución de occidente á civilización. A ciencia foi o motor da Ilustración como demostra perfectamente a obra de Feixóo , de Sarmiento, de Cornide, grandes ilustrados galegos que aspiraban a combater o irracionalismo e a mellorar a vida das persoas, tamén moral e politicamente, mediante o "facho da análise".

As mulleres víronse especialmente favorecidas polos avances científicos, médicos, técnicos..., tanto na saúde, na prolongación da vida, como no benestar social. Igualmente facilitaron os cambios mentais. Por exemplo, o desexo de liberdade das mulleres, a máxima feminista de "dereito ao propio corpo", a decisión das mulleres sobre a propia maternidade, non serían posibles de non inventarse a píldora anticonceptiva a mediados do S. XX. Ao longo da historia, as aspiracións mentais progresistas viñeron acompañadas das axudas tecnocientíficas. No proceso de humanización que se leva a cabo, a biotécnica conseguirá substituír a inseminación natural pola artificial para eliminar o útero das mulleres na procreación, separándoas así da animalidade para alcanzar máis humanidade.

A ciencia é unha aliada na vida das mulleres que cómpre controlar e exercer. A Festa da Palabra invítavos, a través de diversos traballos, a pensar e realizar ese camiño.



M O N O G R Á F I C O

CIENCIA E FEMINISMO: UNHA PERSPECTIVA DESDE A FILOSOFÍA

A importancia da mirada feminista no ámbito da academia xa non é posta en dúbida por ninguén. Nas últimas décadas do século XX o feminismo foi quen de construír todo un instrumental analítico para poder enfocar e ampliar as zonas máis opacas dos espazos tradicionais do saber. Nesta liña, o xénero funcionou como un zoom capaz de facer ver os problemas e as contradicións dos discursos sometidos á súa análise. E todo isto sen perder de vista que un dos obxectivos principais que se persegue é a eliminación do androcentrismo que enchoupa todos os produtos culturais. Así, grazas a este emprego do xénero como categoría de análise creáronse modelos teóricos, elaboráronse hipóteses de traballo e tamén se abriron moitos debates, entre outros os referidos ao poder, á divisón sexual do traballo, á sexualidade, á igualdade ou á diferencia. Todo este labor crítico e construtivo da teoría feminista chegou á meirande parte das disciplinas e dos campos do saber producindo un efecto transformador nos mesmos.

Os ámbitos relacionados coa construción do coñecemento científico non podían ser alleos a esta revolución que as preocupacións feministas produciron. Así, se repasamos a historia do feminismo máis recente, atopamos que o tema do coñecemento, e en concreto da ciencia, é unha parte importante da axenda feminista. Ora bén, tamén é certo que esta indagación pasou por etapas moi distintas tanto no obxecto da preocupación como no grao. A incursión da teoría feminista nos temas científicos desenvolveuse de vagar desde unha actitude de desprezo inicial cara o ámbito científico-tecnolóxico, pasando por etapas tanto de busca da pegada feminina na ciencia a través dos estudos históricos como de denuncia dos sesgos androcéntricos das teorías científicas, ata unha etapa máis recente que abarca as dúas últimas décadas do século vinte, principalmente os anos noventa, onde esta teoría cuns azos renovados aúna esforzos para elaborar unha crítica á ciencia patriarcal, unha reflexión desde a experiencia situada das suxeitas femininas, e aposta pola participación das mulleres no ámbito científico-tecnolóxico.

Mais polo miúdo podemos dicir que excluíndo moi escasas excepcións, como por exemplo a obra de Shulamith Firestone[1], as feministas dos anos sesenta e setenta adoptaron unha actitude moi crítica co androcentrismo da ciencia. Viron no coñecemento científico, fundamentalmente na bioloxía e na medicina, un aliado importante dos dispositivos culturais tendentes a naturalizar - e reducir a un destino biolóxico- ás mulleres. Estes discursos, baixo a pretensión da neutralidade investigadora, axudaron a dar razóns da desvantaxe social das mulleres baseándose nunha natureza distinta das mesmas. De feito, o cometido da ciencia, en canto que unha das formas culturais privilexiadas, caracterízase non só por describir a natureza senón que busca o sometemento e dominación da mesma. Polo tanto, nesta concepción, as mulleres, definidas polo seu maior achegamento á natureza e en oposición á cultura, son reafirmadas no papel de obxectos pasivos de estudo e de sometemento. Como dicíamos esta é a lectura máis extendida nas primeiras achegas do feminismo á ciencia, é dicir, consideran as teóricas que os discursos científicos regrados non só impediron o acceso das mulleres aos centros de saber senón que desenvolveron estes coñecementos alentadas polas ansias de dominio e control do feminino.

Ao longo da década dos oitenta e principalmente nos noventa a actitude das feministas cara á ciencia vai mudando radicalmente. Este cambio prodúcese en función dunha serie de etapas ou programas de investigación que se van sucedendo –e tamén solapando-

nas preocupacións feministas polo coñecemento científico. A teórica Hilary Rose[2] propón unha periodización nos estudos de ciencia e xénero seguindo catro etapas fundamentais. As dúas primeiras etapas son denominadas cos ilustrativos títulos de *¿Por que tan poucas?* e *Redescubrindo as irmás de Hipatia*. Estas refírense aos inicios da crítica feminista iniciados cos problemas que atinxen á participación das mulleres na ciencia e co redescubrimento das mulleres científicas. As dúas restantes son recollidas baixo os enunciados: *Enfrontándose á ciencia patriarcal* e *crítica feminista ao coñecemento científico*. Estas etapas responden ás análises que desenmascaran os sesgos androcéntricos dalgunhas das teorías científicas –xeralmente referidas ás ciencias da vida- e, por último, a crítica feminista á ciencia.

Xa que logo, os primeiros programas de investigación sobre mulleres e ciencia están enmarcados nos procesos de revisión histórica que desenvolveu o feminismo dos anos setenta e oitenta. Son programas que pretenden dar resposta á xa célebre cuestión *¿por que tan poucas?* Do mesmo xeito que noutros eidos académicos aos que se aplica o prisma feminista, as causas desta falla de mulleres no quefacer científico analízanse desde a perspectiva histórica, sociolóxica e pedagóxica. Polo tanto, as primeiras indagacións feministas no ámbito da ciencia teñen un carácter dobre, por unha banda, reflicten a sorpresa ante a escasa presencia feminina na elaboración do coñecemento científico e, por outra, denuncian a invisibilización daquelas mulleres que si tiveron ese acceso e que mesmo chegaron a ter un papel sobranceiro. Respecto ao primeiro aspecto, e buscando un xeito de subsanar esta descompensación na participación feminina en temas científicos e tecnolóxicos, sucédense as propostas que atenden á educación das nenas no ámbito científico tecnolóxico. Non obstante, aínda hoxe os datos son en certa medida desalentadores xa que constatan que segue a ser unha materia pendente conseguir un acceso paritario das mozas aos estudos de corte científico-tecnolóxico.

No que se refire ao segundo aspecto, a invisibilización das mulleres na historia[3], o labor do feminismo consiste fundamentalmente na revisión histórica e a análise das circunstancias sociais que propiciaron unha menor participación das mulleres nos diferentes ámbitos do coñecemento. Son investigacións que descobren a científicas esquecidas nunha historia que sempre pasa páxina sen contar coas mulleres. Algúns destes estudos baséanse en biografías de científicas, outros documentan o traballo científico das mulleres desde a antigüidade ata o presente e un terceiro grupo analiza as tarefas levadas a cabo polas mulleres na ciencia, desde axudantes de laboratorio ata investigadoras principais. Estes dous xeitos de establecer unha crítica á ciencia propiciaron que as feministas se enfronten ao seguinte dilema: ou preguntarse que hai nas mulleres ou nas súas vidas que lles impide facer ciencia ou, pola contra, formularse qué hai na ciencia que impide a participación das mulleres e tamén dos grupos marxinados. Ante este dilema os traballos feministas sobre a ciencia apuntaron cara a necesidade dunha reavaliación do coñecemento científico que permita comprender e apreciar a participación das mulleres no mesmo.

Outra forma de *enfrontarse á ciencia patriarcal* que se realiza paralelamente ás investigacións históricas, e que comeza a dar froitos interesantes a finais dos setenta e durante a década dos oitenta consiste na denuncia dos sesgos androcéntricos das propias teorías científicas. Estes estudos realízanos

fundamentalmente mulleres científicas que desenvolven o seu labor nos ámbitos da bioloxía e a medicina. Dada a súa concepción empirista da ciencia marcan como obxectivo detectar os sesgos androcéntricos derivados dunha mala aplicación do método científico. Estas análises feministas tentan mostrar como determinados campos de estudo, por exemplo, entre outros, a primatoloxía, a neuroloxía ou a psicoloxía están sesgados debido a unha aplicación incorrecta do seu método. Así e todo, a pesar da importancia destas investigacións, non posibilitan unha crítica global ao androcentrismo da ciencia. Aínda que non sexa posíbel afondar nesta cuestión, subliñar que os motivos polos que a bioloxía e as ciencias da vida son as disciplinas cuestionadas dunha forma máis inmediata deveñen claros se atendemos ao papel que historicamente representaron estes discursos na definición das mulleres. Cómpre lembrar a este respecto a visionaria referencia á bioloxía que Simone de Beauvoir fai en *O Segundo Sexo* publicado en 1949. Beauvoir sospeita do carácter sesgado deste discurso e, asemade, adianta a idea de que a bioloxía resulta insuficiente para definir o que significa ser unha muller. O carácter androcéntrico da ciencia tamén se reflicte nas metáforas e na linguaxe utilizadas polos científicos, tanto no seu uso formal como nas súas declaracións máis coloquiais.Os traballos de Evelyn Fox Keller son moi clarificadores da dimensión normativa que algunhas das metáforas empregadas polos científicos acadan na propia disciplina.O papel das metáforas na investigación científica é especialmente salientábel en disciplinas relacionadas coa vida[4], como é o caso da bioloxía ou a medicina.

Por último, podemos distinguir unha etapa máis recente de *crítica feminista ao coñecemento científico* na que as análises de xénero teñen por obxectivo reflexionar sobre as bases epistemolóxicas da ciencia. Entre as características comúns a este novo espazo de reflexión



sobre o coñecemento científico destacan, por unha banda, o recoñecemento efectivo da natureza social do suxeito cognoscente e da empresa científica e, por outra, a análise do coñecemento científico como unha práctica no canto de consideralo un contido rematado. Fronte ao ideal de neutralidade que marcou as concepcións clásicas sobre a ciencia, todas as autoras feministas parten dunha concepción da ciencia como unha práctica e introducen no seu campo de estudo temas como o papel dos valores na ciencia, a redefinición da noción de obxectividade, a reconfiguración do suxeito cognoscente ou a participación das mulleres no quefacer científico entre outros. Esta entrada do *social* na esfera reservada ata entón á neutralidade en valores conleva unhas dinámicas de estudo que non poden ficar de costas ao xénero. Con todo, como afirma Donna Haraway, os estudosos sociais da ciencia, tan hábiles para a indagación social tenden a facer oídos xordos ás propostas das súas colegas dos estudos feministas da ciencia. Mais o feito é que debemos ter presentes tanto a filosofía da ciencia como a socioloxía do coñecemento científico como un dos eixos de referencia para delimitar o campo de intersección da ciencia e o feminismo.

Unha posíbel clasificación da epistemoloxía feminista

Existen moitas tradicións feministas que están comezando a encarar o tema da ciencia e o coñecemento en xeral, en aras de ofrecer un pequeno esbozo das prespectivas máis salientábeis na actualidade optamos por empregar a célebre clasificación de Sandra Harding: empirismo feminista, teoría do punto de vista feminista e posmodernidade feminista. O empirismo feminista ten a súa orixe nas investigacións feministas referidas ao ámbito da bioloxía e as ciencias da vida. Como xa se comentou, as primeiras análises que se realizaron nesta liña interpretaron os sesgos androcéntricos da ciencia como falta de coidado e rigor na aplicación do método científico. As autoras embarcadas nesta tarefa entendían o seu traballo como un labor de denuncia da mala ciencia. Este período soe denominarse empirismo espontáneo e sentou as bases para un segundo momento, o empirismo feminista filosófico, o cal, partindo do presuposto da imposíbel neutralidade valorativa da ciencia – incluída aquela que se denominaba boa ciencia- somete a revisión o marco conceptual e as categorías clave do empirismo. Como representates do empirismo feminista filosófico podemos destacar a Helen Longino e Lynn H. Nelson.

A teoría do punto de vista feminista non se centrou exclusivamente no problema do coñecemento e as súas implicacións senón que significou para o feminismo toda unha revolución metodolóxica, así como unha determinada forma de orientar as investigacións feministas exportable a moi variadas disciplinas. Esta concepción foi inicialmente formulada no contexto da tradición marxista. As autoras que defenden esta posición afirman que en calquera período histórico a visión do mundo hexemónica reflexa os intereses e valores do grupo dominante. As mulleres, como grupo excluído dos circuítos de poder, detentan unha posición social especial que lles proporciona un punto de vista epistemolóxico privilexiado, unha visión do mundo menos distorsionada que a imposta polos homes brancos de clase media. A teoría do punto de vista aséntase en dous piares básicos: a) todo coñecemento está situado, pois é unha construción práctica e social, b) unha localización en especial, a das mulleres, é máis fiable porque proporciona un punto privilexiado para revelar algún tipo de verdade. Feministas tan notables como Nancy Hartsock, Dorothy Smith, Sandra Harding ou Evelyn Fox Keller

desenvolven as súas propostas na órbita desta corrente.

O terceiro apartado desta clasificación coñécese habitualmente como posmodernidade feminista. Este enfoque tería, en opinión de Harding, como denominador común negar os supostos das dúas correntes anteriores e engadir á análise do coñecemento outras variables ademais do xénero, co obxectivo de enfatizar as identidades fragmentadas da cultura actual. No entanto, dada a proliferación de termos que pretenden dar conta destas múltiples variables que interveñen nos procesos de configuración das identidades, como por exemplo, feminismos polifónicos, feminismo global, ou feminismos multiculturales, podemos considerar que a expresión feminismos polimorfos, por exemplo, reflicte mellor as moitas faces coas que debe arrouparse unha teoría que pretende interpretar un mundo estruturado sobre o local/global e evita a equívoca denomiación de posmodernidade para os temas epistemolóxicos. A idea rectora destes desenvolvementos reside en manter a necesidade de que os feminismos, como teoría e práctica, non reproduzan as formas dos discursos hexemónicos patriarcais que tenderon á uniformización e homoxenización das realidades das mulleres. Acentuar a variedade das voces das mulleres, a interrelación da variable xénero coa raza ou a clase social, ou asumir a necesidade de entender o feminismo da man das propuestas ecolóxicas, son estratexias dos feminismos da década dos noventa, que buscan novas variables, para fuxir dunha identidade monolítica para as mulleres. Neste sentido, o pensamiento de Donna Haraway móstrase como un verdadeiro espazo multidimensional onde os planos de análise se cruzan e entrecortan formando figuras poliédricas, instrumentos de visión dos problemas. Esta autora desexa destacar xa non tanto as voces das mulleres, como as dimensións que posúe a rede do coñecemento-política-cultura-natureza, é dicir, a tecnociencia actual na que as mulleres están inmersas.

Facer ciencia como feministas

Facer ciencia como feministas, non unha ciencia feminista, esta é a empresa á que nos retan as pensadoras feministas. Facer unha ciencia que asuma o esvaecemento dos límites entre feitos e valores e que aposte pola introdución de novos valores nas comunidades científicas e nos espazos de toma de decisións sobre políticas

científico-tecnolóxicas. Asumir o feminismo, concrétase no recoñecemento de novos valores na empresa cognitiva. Este é un labor moi importante e aínda nun estado de xestación nas teóricas feministas. Sen dúbida que afondar neste tema é un dos camiños a desenvolver nos próximos anos. A par que se desenvolva este labor concretarase unha noción de obxectividade máis beneficiosa para os intereses das mulleres.

Son as filósofas feministas as máis interesadas en mostrar o carácter erróneo de concibir a obxectividade en termos de neutralidade valorativa ao tempo que se propoñen rescatar esta noción das gadoupas do relativismo. Podemos afirmar que

as diferentes nocións de obxectividade que manexan as autoras feministas comparten un certo xeito de entender a necesidade de ter presentes os valores. Asistimos polo tanto a unha reconfiguración da obxectividade introducindo unha dimensión ético-política. En última instancia a obxectividade é o grao no que exercen os suxeitos epistemolóxicos a súa capacidade para tomar decisións interactivas e dialóxicas sobre os valores que deben constituír os proxectos científicos sen excluír ningunha das perspectivas en liza.

En xeral podemos dicir que os estudos feministas sobre o coñecemento teñen por interese fundamental contribuír a un cambio real no coñecemento, isto é, conseguir vías de intervención desde unha perspectiva que favoreza as mulleres. A participación das mulleres vese cun dobre obxectivo. Por unha banda, preténdese lograr un coñecemento máis axeitado do mundo e, por outra, unha política do coñecemento mellor porque inclúa todas as perspectivas. Un bo exemplo da combinación destas dúas liñas é o traballo teórico e práctico que leva desenvolvido Vandana Shiva nas últimas décadas. Científica de formación, feminista de convicción e activista alterglobaliación ten demostrado como é posíbel pensar e actuar desde un modelo de coñecemento diferente ao hexemónico nas sociedades capitalistas.

Facer ciencia como feministas significa acreditar na natureza dialóxica da ciencia, asumir a importancia dos valores na construción do coñecemento e apostar decididamente por unha ética da responsabilidade. En palabras de Donna Haraway :

"As feministas teñen que insistir nunha mellor descrición do mundo; non chega con mostrar a continxencia histórica radical e os modos de construción para todo. (...) As feministas teñen apostado por un proxecto de ciencia que ofrece unha versión do mundo máis axeitada, rica e mellor, con vistas a vivir ben nel e en relación crítica e reflexiva coas nosas prácticas de dominación e coas dos outros e coas partes desiguais de privilexio e de opresión que configuran todas as posicións."[5]

NOTAS

1. Firestone, *Dialéctica del Sexo* (1976)

2. Rose, *Love, Power and Knowledge* (1994)

3. A denominación desta etapa como *Redescubrindo as irmás de Hipatia* toma o seu nome da célebre científica e filósofa Hipatia de Alexandría (380-415).

4. Fox Keller, *Lenguaje y vida. Metáforas de la biología en el siglo XX* (2000)

5. Haraway (1995, 321)

ESCOLMA BIBLIOGRÁFICA:

HARAWAY, D. (1995): *Ciencia, Cyborg y mujeres. La reinvención de la naturaleza*, Madrid, Cátedra.

HARAWAY, D. (1997): *Modest_Witness@Second_Millennium.FemaleMan"_Meets_OncoMouse': Feminism and Technoscience*, Londres, Routledge.

HARAWAY, D. (1999): "Las promesas de los monstruos: Una política regeneradora para otros inapropiados/bles" en *Política y Sociedad*, nº 30, paxs.121-163, Madrid.

HARDING, S. (1993): Ciencia y Feminismo, Madrid, Morata.

HARDING, S. (1998): *Is Science Multicultural?: Postcolonialisms, Feminisms, and Epistemologies*, Bloomington, Indiana University Press.

LONGINO, H. (1990): *Science as Social Knowledge*, N. J., Princenton University Press.

LONGINO, H. (1997): "Feminismo y filosofía de la ciencia" en Marta I. González García, José A. López Cerezo e José Luis Luján (eds.), *Ciencia, Tecnología y sociedad*, Barcelona, Ariel, páxs. 71-83.

MAGALLÓN, C. (1998): *Pioneiras españolas en las ciencias. Las mujeres del instituto Nacional de Física y Química*, Madrid; Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

SHIVA V. (1995): *Abrazar la vida*, Madrid, horas y Horas.

SHIVA V. (2003): *Cosecha robada*, Barcelona, Paidós.

FÍSICA: UNHA CIENCIA CON GRAN PRESENZA FEMININA

1. INTRODUCIÓN

En primeiro lugar cómpre aclarar que a ciencia que hoxe *chamamos Física non é a mesma* ciencia dos séculos XVII e XVIII- época na que se consolidou a chamada *ciencia moderna*- nin *moito menos a da antigüidade*. Ata o século XIX a actividade científica era *amateur* e dependía de mecenados, de fortunas persoais *ou das posibilidades que ofrecían* os mosteiros dalgunhas ordes relixiosas. No século XIX, a ciencia comeza a ubicarse en diversas *institucións, a depender de* políticas económicas e a precisar equipos con dedicación exclusiva. Polo tanto, non se debe falar de *ciencia,* no sentido actual do termo, ata a segunda metade do século XIX. Polo que respecta á Física hai que salientar que esta disciplina sufriu unha importante sacudida como consecuencia dos enunciados da Teoría da Relatividade e da Mecánica Cuántica, vai xa para un século.

Igualmente habería que examinar os novos escenarios que se configuran como resultado da aparición da informática en todas as disciplinas científicas e na vida cotiá das sociedades avanzadas, dando lugar ao que se coñece como *tecnociencia*.

Existen abondosos estudos sobre os temas apuntados e non é posible estenderse sobre eles neste artigo, que ten outra finalidade, pero é preciso salientalos para poder elaborar axeitadamente unha xenealoxía de mulleres científicas aínda incompleta.

É un lugar común, tan falso como adoitan selo todas as afirmacións simplificadoras, dicir que as mulleres non se dedicaron á actividade científico-técnica, que a súa presenza foi escasísima ou que a única que realizou descubrimentos importantes foi Marie (Sklodowska) Curie. Aínda hoxe, malia as investigacións e conclusións dos Estudos de Ciencia e Xénero (*Women´s Studies*), continúase a manter este mito por xentes estudosas da Historia da Ciencia que xamais utilizaron o xénero como categoría de análise.

As mulleres non puideron estudar nas universidades europeas, coa excepción do norte de Italia, ata ben entrado o século XX e tampouco se lles permitiu ser membras das Sociedades e Academias Cientificas, por importantes que fosen as súas contribucións. Haberá ocasión de comprobalo a través dalgúns exemplos que botan por terra esa idea machista de que se non hai mulleres na historia é porque non fixeron nada digno de mención. Pero deberiamos preguntarnos: ¿quen determina o que é relevante e o que non o é?¿por que é máis importante fabricar a bomba atómica (na que por certo interviñeron moitas mulleres) que atender ao benestar e asegurar a supervivenza da humanidade desde o traballo doméstico e cotián? ¿quen escribe a historia? A perspectiva androcéntrica- a consideración do home occidental branco de clase media ou alta como medida e patrón de todas as cousas- deixa de lado, oculta a presenza das mulleres en todos os acontecementos históricos. Nada máis anticientífico e irreal: é imposible que existise un só evento histórico do que as mulleres estivesen ausentes, incluídas as batallas; outra cousa é analizar cal foi o seu papel en cada un deles.

Estas e outras consideracións ocuparon e ocupan aos grupos de investigación feminista desde hai algunhas décadas; en concreto, a *pescuda sobre ciencia e xénero na* Física, na Química e nas chamadas ciencias "duras" ten pouco máis de 20 anos de *antigüidade, polo que non se lle* pode pedir unha alternativa acabada fronte a tantos séculos de silencio, invisibilidade, desconsideración, opresión e afastamento dos centros de poder e decisión. Aínda hoxe, a escaseza de mulleres é escandalosa nas institucións máis relevantes e nos postos de responsabilidade na elaboración das políticas científicas, tal como mostra o Informe ETAN, 2000 da Unión Europea. Para mostra abonda

salientar que na Academia de Ciencias de España hai unha única muller, a doutora Margarita Salas.

E todo isto acontece a pesar de que a igualdade diante das leis é un feito e de que a presenza feminina é maioritaria nas facultades universitarias, coa excepción dos estudos de enxeñería e de física. Pois ben, non sendo que admitamos que as mulleres somos seres inferiores carentes de intelixencia, resulta difícil admitir, para unha mente razoablemente libre de prexuízos sexistas, que ao longo dos séculos non fosemos quen de facer aportacións científico-técnicas útiles para a humanidade.

Para abordar o complexo campo da presenza das mulleres no ámbito científico-tecnolóxico hai que efectuar, previamente, unha escolla entre diferentes enfoques historiográficos:

- Buscar as mulleres que traballaron na ciencia oficial.

- Pescudar onde están aquelas que se moveron á marxe da ciencia oficial.

- Indagar nos saberes seculares das mulleres como os tintes, o lavado, a preparación de alimentos, de medicinas... Remexer, como dicía Santa Teresa, "entre los pucheros", ou seguir as indicacións de Sor Juana Inés de la Cruz: "si Aristóteles guisara mucho más habría adelantado".

Examinaremos, pois, brevemente cada un destes enfoques:

- O primeiro deles pode levarnos a buscar unicamente as figuras sobranceiras, as excepcións e non nos vai ser útil para elaborar esa xenealoxía feminina da que tan faltas andamos, aínda que resulta fecundo como fornecedor de modelos. Con todo, o número e a importancia das mulleres é moito maior do que recoñecen as historias das ciencias tradicionais. Non é doado dar con elas xa que ou non escribiron, ou publicaron con seudónimo de varón ou, se acadaron recoñecemento oficial no seu tempo, foron desautorizadas pola historia posterior.

Pero existe outra posibilidade máis produtiva dentro deste enfoque: o estudo das mulleres como grupo dentro das comunidades científicas.

- O segundo enfoque é, se cabe, máis complicado, ¿como rastrexar fóra das institucións? Malia todas as dificultades van emerxendo da escuridade secular mulleres alquimistas, naturalistas, astrónomas, físicas, químicas, matemáticas...

- O terceiro dos enfoques vainos levar a dar con mulleres anónimas, pero podemos rescatar os seus saberes e as súas contribucións a aspectos tan importantes como a fabricación da aspirina, os coñecementos farmacolóxicos, a invención das conservas, ou o branqueado dos tecidos, por poñer algúns exemplos ben coñecidos, técnicas que, unha vez que pasaron á industria, foron catalogadas como logros masculinos en exclusiva.

Se ben os estudos pioneiros neste ámbito proceden do mundo anglosaxón, estanse a levar a cabo investigacións desde hai máis dunha década no Estado español, pero a súa publicación e difusión son difíciles, polas mesmas razóns polas que se desconsidera aquilo que se cataloga como "cousas de mulleres". Na pequena escolma bibliográfica que se cita é posible comprobar o que se vén de afirmar.

2. AS MULLERES CIENTÍFICAS EXISTIRON

Está probado, histórica e documentalmente, que se tentou excluír as mulleres do campo científico con máis ardor, aínda, "que dos campos de batalla", tal como afirma a investigadora feminista Sandra Harding. A reprensión, burla, desconsideración, desautorización... que tiveron que soportar para acceder á ciencia son difíciles de imaxinar nos tempos actuais pero, a pesar de todos os pesares, as mulleres sempre buscaron estratexias para incorporarse a aqueles campos do

saber que se consideraban exclusivos dos varóns. Algunhas pagárono ben caro, coma no caso de Sor Juana Inés de la Cruz ou das que foron acusadas de bruxería; outras tiveron a sorte de pertencer a familias que llelo permitiron; durante a Idade Media houberon de recluírse nos conventos, único lugar no que podían estudar e fuxir dun matrimonio non desexado. Algunhas movéronse na invisibilidade máis absoluta, ou ben aproveitaron as pequenas gretas do sistema social para dedicarse a aquilo que era a súa aspiración. Finalmente, moitas loitaron abertamente contra a opresión do seu sexo-xénero. Toda unha demostración de que a necesidade agudiza o inxenio e de que as mulleres non foron vítimas pasivas nin choromiqueiras das prohibicións de dedicarse ao estudo e á ciencia. As súas loitas e experiencias contribuíron decisivamente á igualdade legal da que hoxe disfrutamos.

3. CIENTÍFICAS NA FÍSICA: ¿DESDE CANDO?

Hai que ter en conta que ata o século XIX a "física" era unha ciencia que se ocupaba de descifrar as razóns e causas de todos os fenómenos que a natureza producía, tanto os animados coma os inanimados. O que hoxe chamamos *ciencia* coñecíase como *filosofía natural* desde finais do século XVII. A filosofía natural formou parte da filosofía e abordaba cuestións como a existencia da alma, o libre albedrío ou a existencia de Deus, aspectos que hoxe nos parecen alleos á actividade científico-técnica pero que inzan os escritos de todos os autores e autoras daquela. A partir da Ilustración, as diferentes disciplinas comezarán, paseniñamente, a adquirir unha estrutura independente e iranse asemellando ás actuais despois da segunda metade do século XIX.

Tendo en conta esta definición de ciencia, puidemos achar individualidades e mesmo escolas de mulleres desde tempos pretéritos. Cómpre aclarar que unicamente nos imos referir á ciencia occidental; a situación do colectivo feminino na ciencia árabe ou na chinesa, por facer referencia a dúas das que acadaron maior notoriedade antes do Renacemento europeo, é aínda máis descoñecida; non obstante, puidemos atopar, recentemente, nomes de fillas de sultáns que aló polos séculos XI, XII e XIII desenvolveron mecenados científicos e participaron nos debates científico-filosóficos detrás de celosías, pero esa é unha investigación en curso e non estamos en condicións, polo de agora, de ofrecer unha información acabada sobre ela.

3.1. Un camiño de obstáculos con avances e retrocesos

Deseguido farase un percorrido superficial pola ciencia oficial con paradas nas contribucións dalgunhas mulleres notables ou daqueloutras que formaron parte de escolas científicas ou de tradicións; prestarase especial atención ao conxunto de pioneiras na ciencia nuclear, un colectivo ben descoñecido sobre o que se pode recabar información na obra que se cita, *Las científicas y su historia en el aula*. Igualmente, o grupo de pioneiras da ciencia española no primeiro terzo do século XX será obxecto de atención, de acordo coas investigacións reflectidas no libro *Pioneras Españolas en las ciencias. Las mujeres del Instituto Nacional de Física y Química*.

Comezarase pola antigüidade grega ata chegar á metade do século XX. ¡Pouco espazo para moita historia!

3.1.2. Filósofas en Grecia e abadesas na Idade Media

As preguntas que a ciencia grega formulaba sobre o mundo eran ben distintas das que preocupan á ciencia actual. A sabedoría presentábase nos séculos VIII e VII antes da nosa era coma un novo coñecemento asociado á relixión e ao mito; a especulación filosófica está inzada de elementos psicolóxicos e mesmo poéticos. A *sofía,* legado da cultura materna, fixo posible a participación das mulleres na tradición filosófica grega.

As escolas filosóficas eran comunidades politico-relixiosas que vivían en pechados círculos facendo vida en común. As fillas dos filósofos educábanse nelas e moitas foron cultas e brillantes. Coñécense os nomes dalgunhas das pitagóricas máis ilustres: Tímica, Fíltide, Ocelo, Ecelo, Quilónide, Cratesiclea, Teano, Mía, Lastenia, Abrotelea, Equécrates, Trisinide, Pasírrode, Teadusa, Boio, Babelia e Cleecma. Os textos que se conservan son de Teano, a muller de Pitágoras, e da súa fila Mya; de Perictione, a nai de Platón; de Phyntis, Melissa e Aseara de Lucania, entre outras. Os textos, que se utilizaban para a realización de actividades pedagóxicas, versan sobre aspectos tales como a astronomía, as matemáticas, a música ou a división e a clasificación, conceptos centrais da lóxica clásica. Tamén se conservan fragmentos de escritos de Hiparquia, da Escola Cínica, e de Temista e Leoncio, pertencentes ao Xardín Epicúreo.

No século IV (370-415) destaca Hipatia de Alexandría, que explicaba publicamente as doutrinas de Platón e Aristóteles, e escribiu diversos tratados filosóficos e matemáticos. Creou escola e explicaba vestida co manto dos filósofos. A súa autoridade non se discutía e sempre foi citada ata que no século XIX desapareceu dos libros de filosofía e matemáticas. Os estudos feministas recuperárona aló polos anos 80 do século XX. Morreu asasinada, lapidada por unha multitude cristiá fanática alentada polo bispo Cirilo durante un conflito político-relixioso.

Na Idade Media as mulleres comezan a escribir desde os conventos e destacan, entre elas, as abadesas alemanas; as razóns desta localización non están claras e pode acontecer que se dese tamén noutros países e non se coñezan aínda as autoras. Citaremos a Herralde de Landsberg, abadesa alsaciana, que redacta entre 1175 e 1185 unha das primeiras enciclopedias feitas por unha muller, *O Xardín das Delicias (Hortus deliciarum)*, na que se abordan temas como a historia da Creación, a Trinidade, a astronomía, agricultura, agrimensura ou vías de comunicación. Pero a máis famosa das abadesas foi Hildegarda de Bingen (1098-1179), fundadora do mosteiro do mesmo nome, respectada, admirada e consultada por papas, príncipes, emperadores, abades, abadesas, reis e nobres. Escribiu diversos tratados, entre eles un enciclopédico, á maneira medieval, titulado: *Physica o Los nueve libros de las utilidades de las diversas naturalezas de las criaturas* (o termo *physica* procede do grego e significa *natureza*). Hildegarda propuxo unha estrutura do universo e amparouse nunhas supostas visións de inspiración divina, tal vez como estratexia para conferir autoridade ao seu propio pensamento.

3.1. 3. Do Renacemento á Ciencia Moderna

Resulta ben difícil rastrexar os itinerarios científicos das mulleres europeas no Renacemento porque o propio paradigma hermetista-animista dos séculos XV, XVI e parte do XVII é o grande ausente das historias da ciencia oficiais. Trátase dunha tradición científica á que pertenceron personaxes tan ilustres como Kepler, Giordano Bruno ou Copérnico e na que se educou o propio Descartes. Sábese que houbo moitas

mulleres que traballaron na alquimia, unha actividade científica que incluía aspectos filosóficos, astronómicos e técnicos, unha "arte" hermética que foi varrida polo cartesianismo e desprestixiada ata que investigacións recentes comezaron a rescatar as súas aportacións á ciencia moderna e a situar nela a persoeiros coma os citados. Polo tanto, resulta tarefa ciclópea buscar as mulleres que traballaron nela, moitas veces acusadas de bruxería.

Ademais, entre os séculos XV e XVII deuse en Europa unha polémica, *La Querelle des femmes*, sobre a valía intelectual das mulleres. Este debate continuou durante os séculos XVIII, XIX e XX baixo diferentes supostos e, en opinión de quen isto escribe, está lonxe de rematar (lémbrense, por exemplo, os artigos sobre a diferente organización do cerebro de homes e mulleres e as súas supostas repercusións, ou as teses da sociobioloxía sobre a inferioridade das mulleres, os negros e outros colectivos fronte aos logros dos homes brancos). A primeira muller que participou na polémica foi Christine da Pizzano, que publicou en 1405 *La ciudad de las damas*, obra na que refutaba todas as acusacións que se lle facían as mulleres e gavaba os praceres do estudo e as virtudes femininas.

Outras mulleres ilustres, que tomaron partido en defensa do seu sexo, foron a italiana Lucrezia Marinella (1571-1653) e a holandesa Anna Maria von Schurmman (1607-1678). A primeira foi unha erudita veneciana que publicou *La nobleza y excelencia de las mujeres con los defectos y deficiencias de los hombres*, en resposta a outro titulado *Los defectos de las mujeres*. Marinella agardaba poder espertar as mulleres do seu longo sono de opresión, valoraba as actividades femininas e consideraba que a función do seu sexo non era agradar aos homes, senón comprender, gobernar, procrear e dotar de graza ao mundo. Von Schurmman foi amiga e correspondente filosófica-científica de Descartes; defendía a educación científica feminina, escribiu diversos tratados publicados en Leyden en 1641, tivo discípulas e preparou programas de estudos científicos para mulleres pero o bispo Burnet non os aprobou. Pola súa parte, María de Zayas (1590-1661) asegurará que as mulleres e os varóns son iguais porque teñen alma e que se aínda non son cultas é por mor da falta de oportunidades para o estudo e non por falta de capacidade.

Sen embargo, os escritos das mulleres e dalgúns varóns, coma o filósofo cartesiano do XVII, Poulain de la Barre, van ter pouca influencia no pensamento científico-filosófico e a maior parte dos homes ilustrados dos séculos XVII e XVIII, representantes da *nova ciencia*, da ciencia moderna, manterán as argumentacións misóxinas sobre a innata inferioridade das mulleres e a superioridade dos varóns, baseadas nunha suposta cientificidade que condenaba ás mulleres á irracionalidade e á subordinación ao sexo masculino. Durante o século XVIII algúns ilustrados coma os bieitos galegos Feijoo e Sarmiento, o francés Condorcet ou o alemán Von Hippel defenderán a igualdade e algúns, mesmo, a excelencia das mulleres, sumándose ás argumentacións das defensoras desta metade da humanidade. Neste contexto polémico, o Século das Luces será un tempo propicio para que moitas mulleres, de clase alta, teñan acceso á ciencia desde os Salóns, institucións rexentadas por mulleres, ou desde as súas propias casas cando os homes da súa familia llelo permitiron. Foron as *damas de ciencia*.

De entre as moitas mulleres ilustres deste tempo queremos salientar a figura de Émilie du Breteuil, marquise du Châtelet (1718-1799). Esta extraordinaria muller, da que só nos chegaron, ata hai ben pouco tempo, novas sobre os seus tormentos amoríos con persoeiros como Richelieu ou



Voltaire, foi xunto a este último a introdutora da filosofía de Newton en Europa; non só realizou a tradución e o estudo crítico dos *Principia,* senón que escribiu tratados como *Institutions de Physique* ou sobre a natureza do fogo (un problema que preocupaba á ciencia da época). Ademais, no castelo de Cirey organizou un Salón, laboratorio, academia científica na que estudaba, escribía e realizaba experimentos cos científicos e científicas da época como Maupertius, Konig ou Anne Conway.

A marquesa sempre sostivo a posibilidade de compaxinar a filosofia de Newton coa de Leibniz pero nunca se lle permitiu, pola súa condición de muller, tomar parte nun debate público da Academia de Ciencias de París. Recentes estudos, realizados en Francia e en Estados Unidos, manteñen que ela avanzou o concepto de enerxía, que Newton non formulara, e que a ciencia moderna tería seguido outros camiños de lle conceder a Châtelet o creto que merecía. Pola contra, malia a súa situación privilexiada, tivo que sufrir a desautorización, a negación e a apropiación da autoría das súas obras por parte de Konig. Os académicos franceses devolvíanlle os escritos afirmando que non os entendían e o Secretario da Academia non respondía aos seus artigos cando terciaba nas polémicas entre newtonianismo e vitalismo. No seu enterro, Voltaire, que a cualificaba de Lady Newton, fixo un eloxio dela no que sostiña que fora "un grande home cun único defecto: era muller" (sic).

3.1.4. O retroceso do século XIX e a imparable ascensión á ciencia do XX

Como xa se indicou con anterioridade, a ciencia comeza a profesionalizarse no século XIX e desaparecen as *damas de ciencia*. O pensamento sobre as mulleres muda a peor e, agora, prevalece o ideal do *anxo do fogar*, de muller calada, pasiva e sometida; xa non caben as excepcións nin para as de clase alta. A ciencia deixa de ser cousa de mulleres. Con todo, aínda se dan figuras excepcionais como a de Mary Fairfax Sommerville (1780-1872), unha das últimas *amateur*.

Sommerville logrou pertencer á Royal Society de Londres, representada polo seu home. Relacionouse con científicos e científicas de sona como Gay-Lussac, Young, Laplace ou Carolyn e John Herschel; foi mentora de Lady Ada Byron Lovelace. Publicou tratados sobre o poder magnetizante dos raios solares ou sobre a transmisión dos raios do espectro solar a través dos xugos vexetais, que foron publicados pola Royal Society e pola Académie de Sciences de París e tiveron unha grande aceptación, pois se trataba de problemas que preocupaban á ciencia daquel

tempo. Tras moitas dúbidas, pola dificultade da empresa, realiza a tradución, estudo crítico e anotacións da *Mecánica celeste* de Laplace, que poucos físicos e matemáticos se atrevían a ler. O propio Laplace afirmou que só a señora Sommerville era quen de comprender o seu libro. Este libro de Somerville, *Mecanismo de los cielos,* considerouse un texto clave de matemáticas e astronomía durante o século XIX nas universidades inglesas. Tamén publicou *Sobre a interrelación das Ciencias Físicas,* no que se ocupaba de astronomía física, mecánica, electricidade, magnetismo, calor, son e luz. Fixéronse dez edicións entre 1835 e 1877 e científicos tan famosos como Faraday recomendaban e prologaban o texto. Parece que foi nunha das reseñas deste libro onde se comezou a substituír o termo *filosófico* polo de *científico* e todo parece indicar que as súas opinións constitúen un importante antecedente do principio de conservación da enerxía, cando se ocupa dos procesos de conversión que relacionan fenómenos físicos aparentemente diversos.

Sommerville foi amplamente premiada e as súas aportacións recoñecidas. A súa fortuna foi salientada por Charles Lyell, en 1831, da seguinte maneira: "Se a nosa amiga, a señora Sommerville, tivese casado con Laplace, ou cun matemático, nunca teríamos oído falar do seu traballo. Estaría fundido co do seu home e presentaríase coma se fose del".

Pero non todo foron sombras para as mulleres no século XIX. Contra finais de século, factores como a extensión da educación elemental, tamén para as nenas, as loitas antiescravistas e as das mulleres resucitaron a polémica sobre a educación destas e a súa participación na actividade científica e, malia todas as dificultades, ábrense as universidades e moitas mulleres conseguen estudar e realizar importantes aportacións científicas e tecnolóxicas, dando lugar a unha imparable riada feminina que chega a todos os campos do coñecemento. Pola súa importancia ocuparémonos, deseguido, de dous colectivos: as pioneiras en ciencia nuclear e as da ciencia española.

a) Pioneiras en ciencia nuclear: alén de Mme Curie

En cada un dos descubrimentos que se produciu na ciencia nuclear, desde finais do século XIX ata mediados do XX, as mulleres científicas estiveron presentes. Non obstante, os seus nomes e aportacións non aparecen nos libros de texto de Física e Química, e só se salientan os dos seus colegas masculinos. Existen probas, na correspondencia que mantiveron entre elas, de que estas mulleres se relacionaron persoal e cientificamente. Tales contactos puideron axudalas e estimulalas a desenvolverse nunha profesión que a sociedade daquel tempo non aprobaba. Outras encontraron apoio nalgún gran personaxe, como as que traballaron con Marie Curie (1867-1934) e con Ernest Rutherford (1871-1937). Non faltan aquelas que tiveron que enfrontarse á hostilidade dos xefes dos equipos de investigación; tal foi o caso de Lise Meitner (1878-1968) que sufriu a oposición de Emil Fischer (1852-1919) e a apropiación das súas investigacións por parte de Otto Hahn (1879-1968).

O traballo pioneiro de Marie Sklodowska Curie tivo continuidade no da súa filla Irène Joliot Curie (1897-1956); en Alemaña, no de Lise Meitner e Ida Tacke Noddack (1876-1879). Estas científicas participaron nos descubrimentos de novos elementos e de isótopos, así como no da fisión nuclear. Isto lles confire un carácter de colectivo cun rol estratéxico neste campo tan importante da ciencia físico-química contemporánea. Os seus traballos completáronse coas contribucións da francesa Marguerite Perey (1909-1975), da austríaca Berta Karlik (1904-1990), de Maria Göppert Mayer (1906-1972) e Wu Chien-Shiung (1912-1997) en EEUU. Á parte das

anteriores, hai constancia das importantes investigacións e artigos publicados, ata mediados do século XX, de catorce mulleres repartidas entre EEUU, Canadá, Gran Bretaña, Francia, Rusia e Austria. Non é posible reseñalas por falta de espazo pero poden encontrarse na obra xa citada, *Las científicas y su historia en el aula.*

Algunhas recibiron o Premio Nobel, como Marie Curie, única persoa que obtivo dous: o de Física, compartido co seu home e con Becquerel en 1903, e o de Química en 1911. Aínda así foi desautorizada e non é difícil achar biografías actuais nas que se afirma que despois da recepción dos dous Nobel non realizou investigacións importantes (sic). Tamén recibiu un Nobel (1935) a súa filla Irène co seu marido Joliot. En 1963 accede ao cobizado premio en Física, Maria Goppert Mayer, tamén compartido, e en 1964, o Nobel de Química recae en Dorothy Hodking Crowfoot.

Mais á beira destas distincións é de xustiza salientar que algunhas das que o merecían quedaron no camiño porque a concesión foi parar a investigadores varóns, que non sempre actuaron limpamente. Tal é o caso de Lise Meitner que, aínda que foi proposta dúas veces para o Nobel de Química e unha para o de Física, nunca o conseguiu. Ela levou a cabo múltiples investigacións e propuxo o mecanismo da fisión do Uranio pero o Premio Nobel, por este descubrimento, foi para o seu colega Otto Hahn en 1944. Lise Meitner era muller, xudía fuxida da Alemaña nazi e, ademais, negouse a traballar no Proxecto Manhatann para a construción da bomba atómica. Abondan as explicacións, pois, para a súa exclusión do Nobel. Wu Chien Shiung foi outra das excluídas do Nobel de Física, que se concedeu a dous dos seus colegas do mesmo grupo de investigación. Tanto Wu coma Maria Goppert Mayer deron conferencias para animar ás estudantes a dedicarse á investigación científica. Da primeira delas son estas palabras, pronunciadas nos anos 90:

"Eu dubido sinceramente de que calquera persoa libre de prexuízos crea realmente na errada idea de que as mulleres non teñen capacidade intelectual para a ciencia e a tecnoloxía. Tampouco creo que os factores económicos e sociais sexan os obstáculos reais que impidan a participación das mulleres neste campo.

[...] O principal obstáculo no camiño de calquera tipo de progreso foi, sempre, a irrefutable tradición".

b) Pioneiras na ciencia española no século XX

A historia das primeiras mulleres que accederon á educación científica, despois de que en 1910 puideran incorporarse aos estudos universitarios, é un tema pouco coñecido e, coma sempre, o máis fácil é afirmar desde o descoñecemento que case non houbo científicas. Nun brillante traballo, a investigadora Carmen Magallón examina a historia das mulleres do Instituto Nacional de Física e Química durante o primeiro terzo do século XX e descobre aspectos interesantísimos desta realidade.

En primeiro lugar chama a atención o feito de que a súa presenza nas facultades de ciencias medrase a un ritmo moito maior que nas outras; isto entra en contradición coa idea tan estendida de asociar as mulleres cos estudos de letras.

En segundo lugar, non se lles negou a entrada nas sociedades científicas, agás nalgunhas de medicina, aínda que a invisibilidade dentro destas sociedades fose unha característica da súa participación. Na Sociedade Española de Física e Química, entre 1930 e 1936, houbo 150 mulleres, pero tampouco estiveron ausentes da Real Sociedad Española de Historia Natural (1871-1936), da Sociedad Matemática Española (1911-1936) e da Asociación Española para el Progreso de las Ciencias (1908-1936).

En terceiro lugar, disfrutaron de pensións das JAE (Junta para



Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas) para viaxar ao estranxeiro e tamén de bolsas proporcionadas por mulleres científicas norteamericanas. Isto permitiu que adquiriran unha sólida formación científica e accedesen aos equipos de investigación estranxeiros.

No Instituto Nacional de Física e Química supuxeron un 22%, sobre todo nas seccións de química-física e de espectroscopia. Destaca, entre estas cientificas a contribución de Dorotea Barnés á introdución da espectroscopia Raman no panorama hispano, pero houbo outras investigadoras brillantes como Jenara Vicente, Piedad de la Cierva, Teresa Toral, Paz García del Valle ou Teresa Salazar. Case todas elas pertencían á clase media ilustrada ligada aos núcleos republicanos e estaban influídas polas ideas da Institución Libre de Enseñanza a través da súa formación no Instituto Escuela e no Laboratorio Foster da Residencia de Señoritas Estudiantes. O feito de quedar fóra do paradigma dos grandes persoeiros fixo que pasaran desapercibidas ata que a mirada de xénero de Carmen Magallón as rescatou da invisibilidade.

Non se trata de facer a haxiografía de mulleres excepcionais senón de mostrar que este colectivo accedeu a profesións e actividades que as súas devanceiras tiveran vedadas e de salientar que contribuíron, coas súas investigacións e publicacións, ao desenvolvemento da ciencia na sociedade española daquela época. Desgraciadamente, a Guerra Civil tivo como consecuencia a retirada destas mulleres da ciencia. Nalgúns casos, o matrimonio xa as retirara previamente, produto das circunstancias e ideas dominantes do seu tempo. A súa experiencia foi curta no tempo, pero a súa significación simbólica para as xeracións posteriores de mulleres é de enorme relevancia.

4. ESCOLMA BIBLIOGRÁFICA

ADÁN, Carme, *Feminismo e coñecemento*, Espiral Maior Universitas, A Coruña, 2003.

ÁLVAREZ LIRES, Mari; SONEIRA, Gloria e PIZARRO, Inma, *Ciencias de la Naturaleza. Un enfoque coeducativo desde la historia de las ciencias en occidente,* Junta de Andalucía. Consejería de Educación y Ciencia, Sevilla, 1994.

ÁLVAREZ LIRES, Mari; NUÑO, Teresa; SOLSONA, Núria, *Las científicas y su historia en el aula,* Síntesis, Madrid, 2003.

ETAN, *European technology Assesment Network on Women and Scienc,* Europ ean Commision, Reseach Directorate General, Bruxelles, 2000.

MAGALLÓN, Carmen, *Pioneras españolas en las ciencias. Las mujeres del Instituto Nacional de Física y Química,* Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 1998.

COMPLEMENTARIEDADE SEXUAL E FUTURO DA ESPECIE

O macho e a femia da nosa especie, o homosapiens, foron preparados a través da selección natural para a complementariedade estratéxica como os demais machos e femias doutras especies.

Polo tanto, a nivel biolóxico este comportamento dáse en todas as especies de mamíferos. Agora ben, o comportamento etolóxico varía segundo a especie. A este comportamento etolóxico diferencial debemos engadir, sen dúbida, o comportamento cultural no caso dos humanos.

Os cambios tecnolóxicos e a socialización dos mesmos levounos a un novo terreo en que a complementariedade sexual non ten que ser estratéxica. Os novos roles de machos e femias nunha sociedade cuns estatus de protección e sistemas sociais xeran novas dinámicas que non teñen que ver coa unidade doméstica do tipo tradicional que existía ata agora.

As crises das unidades domésticas producidas como consecuencia da desestruturación da economía agraria e da industrialización son a causa da nova realidade que se aveciña.

A femia cunha diversidade de tarefas coida do doméstico, traballo doméstico, traballo no exterior, etc. Tivo, polo cambio de criterio social, un gran acceso á cultura e á educación, desta maneira descubriu que o seu papel socializador non só se encontra no privado senón no público. Este cambio de mentalidade, fomentado pola capacidade adaptativa dos dous sexos da especie, desencadeou un cambio de actitude que levará como consecuencia un cambio moi relevante na relación macho-femia e non unha nova forma de complementariedade estratéxica.

A selección natural deixa paso á selección técnica e cultural, de xeito que se producen novas formas de civilización, na miña opinión, máis humanas e máis humanizadas respecto ao pasado.

A nosa especie e os seus dous sexos teñen que gozar de novas condicións que se xeraron coa perspectiva dunha humanización máis xusta e acelerada.

É imprescindible pensar que este tipo de camiño é o correcto. Soamente conseguiremos que a conciencia da especie se socialice, se empregamos, de forma sistemática, as enerxías femininas e masculinas máis obxectivas.

Os tempos cambian e as formas de civilización deben facelo. A sincronía entre evolución social e desenvolvemento tecnolóxico é básica se queremos facer posible esta nova articulación social da nosa especie.

Desde a perspectiva que comentamos, precísase un consenso de sexos na construción dunha realidade competente de especie. A concreción crítica de especie non se poderá establecer de xeito harmónico sen esta capacidade de diálogo social intraespecífico.

No futuro, a complementariedade sexual, tamén dará paso a outras formas de relación sobre todo á relación individual, sexa macho ou femia, co conxunto da especie.

Antes de chegar a esta previsible e nova crise, temos que pasar contas co noso pasado, só solucionando os problemas que non fomos quen de solucionar no pasado, seremos quen de establecer as relacións do presente.

Avanzamos sen pararnos, pero, sobre todo, convertendo o que sabemos en pensamento estratéxico. Na miña opinión, este é o camiño, esta ten que ser a nosa estratexia de futuro.

Trad. *Mónica Bar*

MARIO BUNGE, FILÓSOFO DA FÍSICA

O ano 2005 é o ano da Teoría da Relatividade e, por extensión, o ano da Física. Moito lle ten que agradecer a humanidade a Einstein por ser quen de intuír a Teoría da Relatividade e sempre estará en débeda con el polos seus achados no campo da Física. Pero a historia da ciencia é unha sucesión de elos que se engarzan entre si para formar a gran cadea científica. Daquela, o ano 2005 non só serve para lembrar a A. Einstein senón a todos os anteriores a el, a todos os coetáneos seus e a todos os posteriores.

Mario Bunge é un dos expoñentes máis preclaros desa pléiade continuadora de Einstein, un dos pensadores máis relevantes das últimas décadas e un crítico contundente nos seus argumentos. Este filósofo, nado na Arxentina, leva décadas afincado en Canadá, onde ensina na McGill University de Montreal; é un dos filósofos da ciencia que goza de maior prestixio internacional por ter contribuído persistente e tenazmente ao debate conceptual da ciencia desde unha perspectiva filosófica independente. Autor duns cincuenta libros e case cincocentos artigos nunha ducia de linguas, sostén —seguindo a Aristóteles— que a orixe da ciencia está no asombro e na curiosidade. Quen non se asombra por nada, nada vai investigar.

1. ¿Filósofo ou científico?

É difícil precisar se Bunge é máis científico que filósofo ou máis filósofo que científico. O punto de demarcación é pouco definido. Ciencia e filosofía nel van da man. Dixo máis dunha vez que tan pronto como nos decatamos de que a primeira teoría atómica foi formulada por filósofos gregos e indios no século V a. C. e de que a astrofísica naceu a mediados do século XIX, os produtos da técnica actual son descendentes remotos das especulacións filosóficas e de teorías e experimentos científicos comezados hai vinte e cinco séculos. Pero sen eses produtos da pura curiosidade non disporiamos actualmente de elementos tecnolóxicos que consideramos indispensables. E iso non ocorre só cos produtos da enxeñería, pasa tamén cos da farmacoloxía, agronomía, veterinaria, etc. A física cuántica, a física clásica, a física relativista, a cosmoloxía, a química teórica, a teoría da evolución, a bioloxía molecular, a xenética... foron todas motivadas polo desexo de coñecer o mundo, que é unha das grandes metas do ser humano, e en especial de coñecerse a si mesmo. Iso parece máis filosofía, pero a deriva desta apela máis á ciencia. A ciencia resolveu moitos dos problemas que foron propostos orixinariamente polos filósofos. Así, os físicos e os químicos contestaron á pregunta pola natureza da materia, o espazo e o tempo; os biólogos dinnos qué é a vida; e os neuropsicólogos parecen ter desvelado o misterio da alma. Estas respostas deixaron sen ocupación aos filósofos especulativos, pero deron alento a outros a reforzar os vínculos da filosofía coa ciencia.

Bunge é admirado como filósofo, pero non é un filósofo ao uso. As súas reflexións comezan cunha análise previa, procaz e profunda, sobre a esencia mesma da comunicación e da información. A súa perspectiva sobre a información non agocha convincentes críticas sobre o modo de utilizala, pois cre que a información en si mesma non vale nada, hai que descifrala. Hai que transformar os sinais e as mensaxes en ideas e procesos cerebrais, o que supón entendelos e avalialos. O importante para el é o coñecemento. A cantidade de información accesible na sociedade actual é moito maior que no pasado, e a velocidade coa que se pode conseguir aumentou enormemente. Pero esa maior facilidade ten un lado negativo, que consiste na

sobrecarga de información. Necesitamos máis tempo para reflexionar e menos para buscar información. Bunge fai neste sentido epistemoloxía. Nos países hispánicos tense a Bunge polo inspirador fundamental das tendencias epistemolóxicas próximas ao Racionalismo Crítico e ao paradigma da racionalidade científico-tecnolóxico.

Pero a filosofía de Bunge nunca se desmarca do horizonte da natureza a pesar dos escarceos idealistas; o pensador arxentino percorre os clivosos camiños das ideas pondo sempre como horizonte a ciencia cara á que apunta e orienta a búsola da física. Moitas das súas obras son tratados desta disciplina: *Filosofía da física, Controversias en física...* As súas teorías sobre a física cuántica e sobre a Teoría da

Relatividade de Einstein son famosas. Segundo o seu criterio, Einstein foi un dos fundadores da mecánica cuántica, pero amolábao unha característica da interpretación máis popular —oficial da mecánica cuántica—: o subxectivismo, a crenza de que a mecánica cuántica non representaba a realidade, senón as accións do experimentador e incluso os seus procesos mentais. O pensador alemán, premio Nobel de Física do 1921, quería unha mecánica ou unha física totalmente realista, obxectivista, pero cometeu, ao parecer de Bunge, un par de erros; un deles foi crer que a física realista debía ser forzosamente de tipo clásico e supoñer que todas as propiedades teñen un valor preciso en cada instante. Bunge dálle a razón a Bohr, o principal inimigo de Einstein. O que se precisa, segundo Bunge, é combinar o realismo de Einstein co cuantismo de Bohr. Iso é o que fixo Bunge nalgúns dos seus libros: interpretar de modo realista, obxectivista, a mecánica cuántica. O feito de ter un doutoramento en Física dálle moito máis interese ás súas investigacións filosóficas sobre a filosofía da ciencia. Pero sabe moi ben que facer filosofía da ciencia non é o mesmo que facer ciencia, distinción que Bunge sempre pareceu ter clara.

2. Pensador iconoclasta, pero rigoroso

Bunge é un autor enormemente preocupado polo rigor, interesado por reflexionar con claridade e nitidez e coa maior precisión posible. Un pode estar de acordo ou en desacordo con el, pero ninguén pode acusalo de non fundamentar ou razoar o que afirma. Ese espírito rigoroso indúceo a suscitar polémicas onde queira que vaia, pero nel adquiren o efecto terapéutico do desabafo intelectual.

Cómpre recoñecer que Mario Bunge é un iconoclasta. Non permite ningunha fisura intelectual nos argumentos nin perdoa o máis mínimo esvarón na consistencia das teorías. A súa amizade con Karl Popper, outro dos grandes pensadores do século vinte, non foi óbice para descargar sobre el contumaces críticas. No seu libro *Cápsulas* afirma que nunca foi un partidario fervoroso de Popper, aínda que foi un admirador seu desde o momento en que leu algúns dos seus libros, pero criticou a súa lóxica do descubrimento científico por considerala máis destrutiva que construtiva; cre que Popper non ten un sistema filosófico nin unha metafísica propias. Nese mesmo libro pasa revista a moita xente, normalmente desde o respecto e o afago, sinalando os aspectos positivos do seu pensamento e os aspectos negativos das súas ideas. Non é menos implacable con Thomas Kuhn nin con Paul Feyerabend. O libro do primeiro *Historia das revolucións científicas* foi ao seu parecer un dos máis citados e menos lidos. Foi un libro oportunista e, ademais, faille recoñecer ao seu autor que utilizou a palabra "paradigma" para designar vinte e dous conceptos diferentes. De Feyerabend escribe que desafiou todas as regras do xogo intelectual, que andou como xitano polo mapa da cultura e do mundo e que as súas clases eran coma un circo onde os alumnos se divertían. O libro *Contra o método* ten erros tan grandes que "bastarían para suspender a calquera alumno que os cometese".

3. O método científico no esquema filosófico

No ano 1966, antes das súas diverxencias con Popper, Bunge elaborou o seu primeiro esbozo dun sistema filosófico. Tratábase dun programa moi esquemático que abarcaba a ontoloxía e a semántica da ciencia. Impresionoulle moito unha conversación con Popper na que este se manifestaba moi despectivo con todas as ciencias sociais contemporáneas e coa psicoloxía contemporánea, en

particular coa psicoloxía experimental e coa psicoloxía matemática, polas que Bunge tiña gran respecto. Aínda máis, Bunge cre que é posible aplicar a metodoloxía propia da ciencia física ou da matemática á análise dos distintos ámbitos das ciencias humanas. Ata aí chega a súa devoción intelectual pola ciencia, especialmente pola física.

Bunge cre que é posible aplicar a metodoloxía propia da ciencia física ou matemática á análise dos distintos ámbitos das ciencias humanas. Amósase contrario á denominada escola Histórico-Cultural, segundo a cal as ciencias sociais son radicalmente diferentes das ciencias naturais. Certamente que son obxectos e técnicas diferentes —afirma— pero cre que se pode aplicar a mesma metodoloxía porque hai ciencias híbridas que son á vez naturais e sociais, como é o caso da bioeconomía, que reúne aspectos da bioloxía con outros da economía, ou a socioloxía de sociedades de animais que é ao mesmo tempo ciencia social e ciencia natural. Polo tanto, entre ciencias naturais e sociais hai diferenzas pero non separación.

Ignacio Morgado, un dos mellores expertos nos postulados filosóficos bungeanos na psicoloxía, demostra cómo Bunge defende o funcionalismo da mente como "unha colección de procesos cerebrais distintos pero mutuamente imbricados" dentro dun complexo ámbito biolóxico. Tanto as funcións cerebrais automáticas e inconscientes como a maioría das facultades superiores (percepcións, memoria, emocións, linguaxe...) que se producen conscientemente foron aparecendo progresivamente ao longo da evolución. Son, polo tanto, procesos que dependen das propiedades físico-químicas da materia que integra as neuronas e das súas propiedades biolóxicas. A psicoloxía, clasificada dentro dos saberes filosóficos, vémola aquí cabalgando sobre a garupa do método científico.

Na *Filosofía da física,* Bunge admite con total claridade a existencia da realidade independente, á que considera cognoscible e sobre a que podemos construír o edificio da ciencia. "A física —di Bunge nesta obra— non exclúe o concepto de realidade, senón que o restrinxe ao nivel físico, deixando a outras ciencias a tarefa de investigar outros niveis, en particular, o da experiencia humana. Ningunha teoría física fai a suposición de que o seu obxecto sexan sentimentos, pensamentos ou accións humanas: as teorías físicas refírense a sistemas físicos. As teorías filosóficas remiten a sistemas filosóficos, nos que se contemplan pensamentos e accións humanas.

Pero a ciencia ten resolto moitos problemas que foron formulados orixinariamente polos filósofos. Así, os físicos e os químicos deron respostas a preguntas relacionadas coa natureza da materia, do espazo e do tempo. Os biólogos dinnos qué é a vida. Os neuropsicólogos procuran desvelarnos o misterio da alma. Desta maneira, as respostas dos científicos alentan a reforzar os vínculos da filosofía coa ciencia.

4. As ciencias como constructos mentais

Ningunha teoría física propón o postulado de que o seu obxecto sexan sentimentos, pensamentos ou accións humanas: "as teorías físicas refírense a sistemas físicos". As teorías e as leis son inventadas por cerebros humanos. Se as súas *consecuencias* se observan nos fenómenos reais, a lei corrobórase, pero nunca se demostra. Se non corresponden á realidade, a lei queda refutada ou *falsada.* En consecuencia, verificación ou falsación non son cualidades da realidade senón dos constructos mentais.

O coñecemento científico é un saber crítico (fundamentado), metódico, verificable, sistemático, unificado, ordenado, universal, obxectivo, comunicable (por medio da linguaxe científica), racional, provisorio e que explica e predice feitos por medio de leis. A física intenta representar a realidade dunha maneira hipotética, dando rodeos e de modo parcial. Todo constructo físico apunta directamente a un modelo teorético, a algunha esquematización ideal incorporada nunha teoría que se supón que dá conta dun sistema físico dunha clase. Di en *Teoría e realidade* que "a conquista conceptual da realidade comeza por idealizacións... nacendo o obxecto modelo ou modelo conceptual dunha cousa ou dun feito". Sobre ese modelo hai que construír unha teoría dese obxecto modelo, resultando así un modelo teorético que representa un esquema dunha cousa ou dunha situación real ou suposta como real.

Bunge segue na actualidade reivindicando o papel da física, e critica a aquelas universidades, como algunhas de Canadá, que pecharon os departamentos de física. Que esas universidades sigan contando con escolas de enxeñería, pero non de física, resulta ridículo porque non hai enxeñería moderna sen física, e os grandes avances en enxeñería



adoitan ir precedidos polos grandes avances en física.

Mario Bunge non só se ocupou ao longo da súa vida da física e da filosofía da ciencia, senón tamén da filosofía en xeral; por exemplo, fai metafísica e ética. A filosofía da ciencia e da técnica estuda problemas lóxicos, noseolóxicos ou metafísicos que xorden na investigación científica e tecnolóxica. Estuda asemade problemas metafísicos tales como qué é o tempo, qué é a vida, qué é a psique... Problemas noseolóxicos sobre o coñecemento e en qué se diferencia o coñecemento científico do coñecemento vulgar, etc.

5. O modelo físico

O concepto que ten da física é que traballa exclusivamente coa materia. Os físicos, mentres levan a cabo as súas investigacións, obran como materialistas. Saben que as cousas microfísicas existen de por si, en lugar de ser obxectos mentais. O que si pode suceder é que adopten posturas idealistas cando fan divulgación científica. Desta maneira considera factible refutar as teses de que a existencia dos fotóns, electróns, átomos, etc. dependa do observador. No seu libro *Fundamentos da física* levou a cabo esa crítica ao axiomatizar as principais teorías físicas. Esas teorías exhiben explicitamente os referentes das mesmas, que son referencias exclusivamente a cousas físicas. Polo tanto, Bunge non comparte a opinión de que a física se divida en materialista e idealista; o que si pode suceder é que haxa interpretacións idealistas ou subxectivistas dalgunhas teorías físicas, en particular a teoría cuántica. No seu libro *Crise e reconstrución da filosofía* (Gedisa 2002) afirma que o idealismo é incompatible coas ciencias fácticas (ou empíricas) e coas tecnoloxías. Por conseguinte, unha filosofía acorde coa ciencia e coa tecnoloxía deberá ser materialista, aínda que non vulgar (fisicista) senón emerxentista.

6. Mecánica cuántica, determinismo, indeterminismo, caos, azar...

Bunge concédelle suma importancia á mecánica cuántica non só na física e na química, senón no pensamento e nos adiantos tecnolóxicos. A mecánica cuántica foi o motor de crecemento da ciencia do século XX. Porén, a teoría cuántica non é tan nova como se cre; non comezou hai cen anos, senón no século VI antes da nosa era, na antiga Grecia, cando Pitágoras, estudando a física da música, descubriu que a corda dunha arpa pode vibrar só en frecuencias que son múltiplos enteiros dunha liña harmónica fundamental. A física cuántica moderna naceu case ao mesmo tempo que o positivismo lóxico.

Pero as leis reguladoras da física cuántica someten o comportamento dos fenómenos a tal indeterminismo que fai difícil precisar o devir destes. Iso introduce na natureza unha gran dose de incerteza, como propuxera xa Heisenberg co seu principio de indeterminación. A Heisenberg uníronse Schrödinger e Dirac desenvolvendo todo un formalismo matemático da mecánica cuántica que serviu de guía a unha nova concepción do mundo microscópico que contradí profundamente a intuición. Bunge afirma, dentro deste contexto, que debemos aceptar o azar en condicións de igualdade coa causalidade: ambas son modos obxectivos de ser e devir. En *Cápsulas* escribe que "recentemente naceu un intruso, chamado ·caos·, que complica as cousas. Mellor dito, fainos ver que o mundo é aínda máis complexo do que criamos... Sempre debemos contar co azar, o caos e o accidente. Pero tamén podemos contar coa causalidade para contrarrestar o azar, o caos e o accidente, ou polo menos para diminuír os seus efectos indesexables".

Ata finais do século XIX tiñase a convicción de que a natureza era previsible e ordenada e que o azar, tal como se dá na vida cotiá, débese á complexidade dos fenómenos involucrados e non ás leis da natureza. Non embargantes, co achado da radioactividade, cambiou completamente ese modelo paradigmático. A interpretación de Copenhagen sobre a mecánica cuántica, que está cargada dun manifesto carácter idealista, non é o paradigma convincente no que se poida alinear Bunge. En experimentos teóricos como o do Gato de Schrödinger, Bunge séntese máis cómodo no obxectivismo científico.

O azar e os seus compañeiros, a causalidade e o caos, son reais. Noutras palabras, algúns aspectos do mundo son causais, outros aleatorios e outros máis caóticos.

7. Conclusión.

Jesús Mosterín, amigo e experto na filosofía bungeana, proclama o espírito sistemático do filósofo arxentino. Asevera como a gran maioría dos filósofos do século XX renunciaron á ambición de construír un sistema. Algúns, como Bertrand Russell ou Nicholas Rescher, traballaron en campos diversos da filosofía, pero Bunge despunta no panorama contemporáneo pola súa extraordinaria vontade de sistematización filosófica. Esta nobre ambición, conclúe Mosterín, converte a Bunge nun filósofo clásico.

O paso do tempo non é quen de domear a perspicaz intelixencia deste pensador bonaerense que aos seus oitenta e seis anos non amosa o menor sinal de devalo de lucidez, de sagacidade intelectual e incluso de bo humor.

MARIC-EINSTEIN OU A CONDICIÓN HUMANA DA TEORÍA DA RELATIVIDADE

O mundo da Ciencia conmemora en 2005 o Ano Internacional da Física cando se cumpre o centenario da publicación dos traballos de Albert Einstein que sentaron as bases da Teoría da Relatividade. Einstein é un dos iconos dos século XX que traspasou os círculos da Física para converterse en imaxe do colectivo científico. Einstein encarna a figura do xenio, do investigador introspectivo, case obtuso, absorto en disquisicións intelectuais complexas; mente privilexiada, simpar, case divino. Porén, Alberte foi, por riba de todo iso, persoa, home, mozo, adulto, vello, fillo, esposo, pai, protagonista dunha biografía menos coñecida que a súa obra insigne. Nesa vida humana aparece unha muller, intelixente, forte, con mais seso que corpo; colega, compañeira, esposa e nai. Mileva Maric.

Mileva e Albert, unidos pola Ciencia

Mileva Maric nace en 1875 no seo dunha familia eslovena acomodada. A nena destaca polo seu talento para as Matemáticas e a Física, unha capacidade que non pasa desapercibida e compensa un defecto físico de nacemento. Cando Mileva cumpre 15 anos o seu pai consegue un permiso especial para que poida asistir a clases nunha escola preuniversitaria restrinxida á homes. Sendo unha moza, Maric obtén as mellores cualificacións en Matemáticas e Físicas e decide continuar os seus estudos en Zurich, unha das poucas universidades europeas ás que poden asistir féminas nese tempo..

No verán de 1896 Mileva comeza os estudos de Medicina pero no outono xa decide cambiar ao Instituto Técnico, sendo a quinta muller en cursar esa disciplina. Na clase coincide con Albert Einstein. Ela ten 21 anos, el, 17. A relación parece iniciarse cun intercambio de cartas cando Mileva se despraza a Heidelberg. As primeiras cartas rebelan aínda certa distancia e falan, sobre todo, da satisfacción compartida polo éxito de Mileva. Pronto se estreitan os lazos e a confianza ate que os mozos inician unha relación "moderna" para a época.

A familia Maric amósase tolerante ao asumir que Mileva ten poucas posibilidades de casar pola súa tara física e a súa intelixencia. Porén, os pais de Albert non ven con bos ollos á parella do seu fillo,: maior ca el, coxa, demasiado cultivada e non xudía. Ante esta oposición Mileva protexe a Einstein, volcáse nel, abandonando estudos e amigos. No verán de 1900 ambos suspenden os exames finais, aínda que el consegue sorprendentemente o título. Rematados os estudos, Einstein busca traballo e Mileva ofrece apoio económico e emocional.

En 1901 Einstein emigra a Italia coa súa familia, mentres Mileva queda en Zurich empregada como asistente de laboratorio e preparando os seus exames. Na primavera dese ano a parella rencóntrase en Lago di Como onde pasan uns días. Semanas máis tarde Mileva decátase de que está embarazada, suspende os seus exames de novo e concibe esperanzas dunha vida co pai do seu fillo. Pero Einstein comeza a inventar excusas para non vela. A finais de Xaneiro de 1902 Mileva dá a luz o seu primoxénito. A vida parece tomar un xiro inesperado: nai dun fillo ilexítimo, fracaso académico e ruptura con Einstein.

Maric-Einstein: gloria e ocaso dunha parella científica

Finalmente Mileva casa con Einstein en 1903. A súa unión tivo unha forte compoñente intelectual, como declaraba Einstein a un amigo. "Mileva é un igual, é forte e independente coma min". Os primeiros anos non son fáciles para unha esposa nova que ten que asumir a perda da súa irmá e a renuncia á súa carreira profesional. Xusto antes

do segundo aniversario de voda da parella, a Academia sueca comunica a concesión do Premio Nobel aos esposos Curie, un exemplo que Mileva ansiaría para a súa vida con Albert pero que nunca emularon.

No ano 1905 prodúcese o milagre de Einstein. Catro publicacións que asombran á comunidade científica. Na correspondencia de Mileva á unha amiga serbia recóllese: "acabamos un traballo importante que lle dará ao meu esposo fama mundial". Pero o éxito profesional de Einstein non aportará máis tranquilidade e satisfacción á súa compañeira.

Albert mantén unha vida extraconxugal axitada que motiva os desexos permanentes de cambio de cidade, ante a resistencia de Mileva. En 1916 Einstein solicita o divorcio pero Mileva non accederá ata despois da guerra e baixo a condición de obter toda recompensa económica dun futurible Premio Nobel. En 1919 a observación dun eclipse solar permite confirmar a Teoría da Relatividade postulada por Einstein en 1905. A comunidade científica réndese ante a xenialidade deste físico que adquire prestixio mundial. Mentres, Mileva ten 44 anos, xa é unha muller divorciada e unha enferma crónica que retoma a súa vida perto da familia Maric cos tres fillos do matrimonio

Einstein e subsistindo grazas á docencia de música e matemáticas.

Os derradeiros anos de Mileva están marcados pola esquizofrenia dun dos seus fillos e os desencontros económicos con Einstein que refliten pouca responsabilidade e amor paternal.

¿A outra metade da Teoría da Relatividade?

A contribución de Maric á produción científica do seu esposo segue a ser obxecto de debate. Abram Joffe, asistente de W.C. Roentgen e membro do círculo editorial alemán da época afirmou ter visto dous nomes asinando os famosos documentos de 1905 (Einstein e Marity , forma hungarizada de Maric). Porén, Mileva nunca reclamou a súa autoría nin o recoñecemento público por eses documentos e tampouco nunca declarou ser colaboradora científica do seu esposo. En Febreiro de 1990 un grupo de expertos da *American Association for the Advancement of Science* decidiron valorar a posible participación dun segundo autor na obra de 1905, pero non chegaron a una conclusión certeira.

Aínda que non se admita a existencia de evidencias directas que proben a implicación de Mileva Maric nas obras máis relevantes de Einstein, parece pouco probable que unha soa persoa producira tanto traballo e sobre temas tan variados nun só ano. Nun período de 7 meses Einstein envía catro artigos revolucionarios a *Annalen der Physik*, a publicación sobre Física máis importante en Europa. Eses documentos deseñan o marco de investigación desa disciplina no século XXI. A diferencia de Maric, unha estudosa matemática, as teses de Einstein contestan a argumentación estatística sobre a que outros colegas fundamentaban os seus descubrimentos. Unha década despois do *Annus Mirabilis* Albert publica o manuscrito sobre a relatividade xeral. Esa foi a súa contribución máis notable e é probable que Mileva tivera oportunidade de discutir e inspirar as ideas xeniais que deron forma a este fito. A cuestión segue aberta. ¿fixoo el? ou ¿só o fixo el?

Teorías de 1905: cronoloxía e conceptos

Datas e correspondencia entre Einstein e os seus amigos e colegas suxiren que as ideas presentadas en 1905 foron elaboradas entre 1904 e 1905, cando Einstein está con Maric.

Marzo 1905: Quanto de luz e efecto fotoeléctrico

Este artigo sobre a estrutura da luz mereceu o galardón Nobel.

Antes de 1905 a natureza da luz estaba en discusión, aínda que se aceptaba que podía ser unha onda. En 1900 Max Planck propuxo que a *lux* estaba formada por partículas (quantos de luz). Porén, ningunha teoría podía explicar certos efectos eléctricos como a fluorescencia.

Einstein suxeriu a dobre natureza da luz con propiedades de partícula e ondas.

Maio 1905: Movemento browniano e Teoría atómica

Robert Brown reportara a existencia de movementos ao azar de pequenas partículas en líquidos, pero ninguén sabía por qué se movían. Ademais algúns científicos debatían se os átomos existían ou eran "curiosidades teóricas".



O artigo de Einstein non só proporciona argumentos para o movemento browniano, senón tamén unha maneira para contar os átomos utilizando un microscopio estándar.

Xuño 05: Teoría especial da Relatividade

A teoría básica da Relatividade xa se apuntara antes de 1905 co seguinte presuposto: as medidas tomadas en dous puntos que se moven á mesma velocidade coinciden.

Einstein cría que a relatividade podía ser aplicada para determinar a velocidade da luz. Para o seu enunciado utilizou matemáticas básicas e unha visión novidosa do espazo e do tempo. Así se formula a Teoría especial da Relatividade.

Setembro 05: Equivalencia masa e enerxía

Como un anexo lóxico da Teoría especial da Relatividade, Einstein relacionou a enerxía, a masa e a velocidade da luz na famosa ecuación E=m.c2.

* Responsable de Promoción e Cultura Científica. Delegación do CSIC en Galicia



IONE ROBINSON E A CAUSA REPUBLICANA

Ione Robinson (Portland, Oregón,1910– París,1989) non chegou a ser unha das grandes mestras da pintura norteamericana, tampouco se considera unha fotógrafa de prestixio internacional, a pesar da calidade das súas fotografías e da súa importancia testemuñal, pero tivo o gran mérito de ser testemuña directa dos máis importantes sucesos históricos e artísticos da primeira metade do século XX, que deixou reflectidos nos seus debuxos, murais, lenzos, escritos e fotografías.

Falaba varios idiomas, tiña unha gran facilidade de comunicación e aptitudes inatas para as relacións sociais. Muller avanzada para o seu tempo e amante da liberdade, mostrou un enorme interese por todo o que sucedía ao seu arredor, implicándose apaixonadamente na problemática das sociedades nas que elixiu vivir e participando nelas co instrumento que tiña ao seu alcance e que dominaba, o debuxo.

Era unha persoa de especial beleza, atractiva e moi agradable no trato. As súas cualidades, xunto coa potente bagaxe informativa que foi acrescentando conforme ía tratando ás máis destacadas personalidades, facilitáronlle que ambientes tan dispares como os artísticos e intelectuais de esquerdas e os da alta sociedade lle abriran as súas portas.

As súas inquedanzas convertérona nunha viaxeira incansable. Tratou nos Estados Unidos dos anos 30 tanto aos conservadores como aos xudeus e aos comunistas; coñeceu o México post-revolucionario, a Gran Bretaña aristocrática, o París prebélico, a Guerra Civil española

Retrato de Ione Robinson. David Sequeiros 1931

e o exilio republicano, a Italia de Mussolini, a Alemaña de Hitler.

En 1928 vive na Franza e en Italia, e en 1929 trasládase ó México para traballar como axudante de Diego Rivera nos murais do Palacio Nacional. Coñece alí a Frida Kahlo, á que retratou, e intégrase no seu círculo de amizades, no que estaban as fotógrafas Tina Modotti e Lola Alvarez Bravo, que captaron perfectamente coas súas fotografías a súa personalidade. Frecuentaría tamén a pintores como Clemente Orozco, David Siqueiros, Pacheco, Pablo O´Higgins ou Julio Castellanos.

En novembro de 1929 casa en Nova Iorque co poeta xudeu Joseph Freeman, xornalista da axencia rusa *Tass*, do que a separaría dous anos mais tarde. Freeman a consideraba un "producto de esterilidade burguesa" e ela chegou a escribir no seu diario que *It is really very difficult being in love with a communist*. As súas amizades desa época foron as mesmas que as de Freeman, todas elas vinculadas ao Partido Comunista; algúns dos seus amigos, esritores e xornalistas, irían loitar ao lado da República Española na Brigada Abraham Lincoln.

En 1933 contrae matrimonio con John Dallet, membro dunha familia de adiñeirados terratenentes de Carolina do Sur e, co nacemento da súa primeira filla, Anne Ione, pareceu alcanzar a súa estabilidade familiar e afectiva, ata que en 1935 recibe a visita de David Siqueiros e de Antonio Pujol, cos que intercambia opinións sobre o marxismo, a pintura mexicana e

os cambios políticos e sociais producidos en España.

En 1938 recibe en Nova Iorque noticias do bombardeo de Barcelona e lembra a simpatía e o apoio do México á República. As novas sobre España increméntanse cando atopa ao pintor santanderino Luís Quintanilla, que se mostra fortemente impactado polas consecuencias da Guerra Civil, como se vivira noutro mundo. Establécese dende entón unha grande amizade entre eles, ata o punto de que Quintanilla vaina axudar a entrar en España.

O 29 de xuño de 1938 embárcase no *Normandie* rumbo a Europa. Á súa chegada a París foi entregar unha carta para Luis Buñuel á embaixada española, onde non a recibiu moi ben Rafael Sánchez Ventura, aínda que co tempo acabarían sendo moi bos amigos. Segundo Max Aub, Luis Buñuel traballou durante a Guerra Civil en París no servicio de contraespionaxe da República, xunto con Sánchez Ventura e con Vicéns, director da Delegación de Propaganda.

En París, I. R. identifícase plenamente coa causa republicana. O seu desexo de ir a España a loitar ao lado da República vai sendo cada vez máis firme, pero poderá ir tan só como fotógrafa e debuxante. Sánchez Ventura intenta desanimala; pona ao corrente da dificultade para obter os permisos e da delicada situación dos brigadistas americanos. Tentando buscar compromisos no Comité de Non-Intervención, a teima do goberno español era retirar da fronte a todos os voluntarios estranxeiros e o Batallón Abraham Lincoln, que tivera moitas baixas en Cataluña, atopábase con problemas para volver a América por carencia de fondos e tamén por motivos diplomáticos.

O que Ione consideraba a súa primeira experiencia española non tivo lugar en España, senón en Francia, e non foi nunha tertulia republicana, senón nun convento. Encargáronlle que levase ao convento unha carta do pintor Luis Quintanilla, que estaba aínda traballando en América, a súa irmá, unha monxa carmelita. O encontro foi moi ilustrativo; a monxa preguntoulle a ela se era defensora da Virxe María ou se polo contrario simpatizaba co demo, e despediuna bruscamente. Ione considerouno a primeira "Spanish family experience".

A segunda experiencia sucedeu pouco tempo despois nun xantar con Buñuel e Quintanilla, que fixera escala en París no seu retorno a Barcelona. Luís Quintanilla era militante socialista e acusou aos comunistas de malgastar os cartos enviados a París pola República na publicación de *Ce Soir*, comentario que disgustou a Luís Buñuel; o que ía ser un feliz encontro convertiuse nunha violenta discusión. Ione coñeceu nesta segunda ocasión outra faciana da realidade española.

Antes de ir a Barcelona, Ione viaxa a Escocia co financieiro americano Bernard Baruch e consegue unha entrevista con Churchill, cousa nada fácil para unha xornalista; quizais a afición de Churchill á pintura e o feito de que a súa nai era norteamericana, así como os informes dos seus amigos conservadores, facilitou o seu acceso ao político. Cando Ione lle falou da súa intención de ir a España contestoulle con ironía que "é absurdo que corra vostede o risco de ser bombardeada en Barcelona, debería esperar en Londres e ser bombardeada alí". Churchill mostrouse defensor dos dereitos do pobo español ao goberno elixido legalmente, pero desconfiaba da República.

I. R. chega a Barcelona en setembro de 1938. Luís Quintanilla agarda por ela en Perpiñán, para a axudar a pasar os laberínticos controis fronteirizos. Os primeiros efectos da guerra víronos en Figueres, cos edificios medio derruídos polos bombardeos; Girona tiña mellor aspecto, a catedral estaba completamente taboada, cuberta

por madeiras protectoras excepto unha sección que se utilizaba como refuxio antiaéreo, e a herba que medraba polos patios e fachadas indicaba o seu abandono.

Alóxase en Barcelona no céntrico Hotel Majestic, no Paseo de Gracia, frecuentado polos corresponsais estranxeiros. Cando chegou a el non había luz na cidade, as rúas permanecían a escuras, sen apenas movemento e no hotel alumeábanse con velas. A súa primeira reacción foi aproximarse ás ventás coa curiosidade da xornalista; aconselláronlle que se alonxara delas e tomara todo tipo de precaucións.

I. R. e os seus acompañantes percorreron os barrios en ruínas. Semanas antes Barcelona fora bombardeada, estragáranse moitos edificios, barrios enteiros; no mercado quedaran atrapados mulleres e nenos, non se respectou á poboación civil. Luís vía nos edificios derruídos deseños abstratos para debuxar; Ione pensaba na expresión da xente, nas súas caras, no sufrimento humano.

O 23 de setembro Ione acude ao ministerio de propaganda. Recíbiuna a súa responsable, Constancia de la Mora, neta de Antonio Maura e muller de Hidalgo Cisneros, o Ministro do Aire, que lle causou unha fonda impresión. Na súa mesa había unha fotografía dunha nena, a súa filla, que pasaba unha tempada nun campamento para nen@s en Rusia, lonxe da guerra. Constancia de la Mora asignoulle unha acompañante para que puidese visitar sen problemas os refuxios e os centros onde as mulleres preparaban a roupa para enviar á fronte.

O primeiro refuxio que visitou foi o *Rosa Luxemburgo*, do Partido Comunista. Recebírona con moita ledicia; @s nen@s bailaron e cantaron para ela e emocionouse coas súas caras expresivas e as súas mostras de afecto. Despois visitou outros, moito menos equipados e ademais cheos de xente, de mulleres, nenos e vellos. O *Rosa Luxemburgo* resultaba irreal en comparación con outros lugares onde sobrevivían os menos favorecidos.

Elexiu para os seus traballos un refuxio a unha hora do seu hotel, onde vivían mulleres de toda España, a maioría analfabetas, que unha asturiana trataba de instruír. Durante días Ione fai debuxos d@s nen@s e das mulleres, que se tíñan agrupado segundo a súa procedencia, como un enorme mapa de España.

Ione Robinson en México. (Fotografía de Lola Álvarez Bravo, 1929)

Por recomendación do socialista Julio Alvarez del Vayo, Ministro de Estado (ou Asuntos Exteriores), Ione vai facer debuxos das traballadoras das fábricas de municións. Visita a de Prat de Llobregat. Tan só había nela tres homes, que supervisaban o traballo, as demais eran mulleres, negrexadas dos pes á cabeza, por mor da graxa, traballando arreo, montando casquillos e cargándoos nos camións que os levarían á fronte. Era evidente a carencia de materiais, a produción era mínima, insuficiente para cubrir as necesidades do exército republicano, pero o éxito da ofensiva podería depender das pequenas fábricas de municións.

A mediados de outubro danlle permiso para visitar a fronte do Ebro. Álvarez del Vayo asígnalle un acompañante novo, pero tamén vai con eles Fusimaña, comisario político do quinto reximento, o de Enrique Líster. En Mora de Ebro recíbeos o Comisario Xeral, que estaba alí para para darlles instrucións aos novos oficiais. Tratábase do pontevedrés Bibiano Fernández Osorio-Tafall, terceiro e último Comisario Xeral do goberno de Negrín.

Osorio-Tafall pediulle a Ione os seus documentos, revisoullos páxina por páxina, e sorprendeuna dicindo nun perfecto ingles: *I am tired of foreign tourists of the war. That is just what you all are: tourists of the war.* Considerouna, case despectivamente, unha simple e molesta "turista de Guerra". Ao despedirse sonríulle dicindo que un simple turista de guerra non se atrevería a atravesar o Ebro, dándolle a entender que recoñecía o seu mérito. A partir dese día xurdiría entre eles unha estreita amizade que mantería no exilio en Francia.

Rapaza nun refuxio de Barcelona (Ione Robinson,1938)

O novo Comisario Xeral falaba inglés, francés e alemán. Vivira en varios países europeos e tiña visitado os Estados Unidos en marzo dese mesmo ano para recadar fondos para a República. Era unha das grandes promesas da ciencia e da política galegas na II República. Ocupara diferentes cargos nos gobernos de Manuel Azaña e de Casares Quiroga e no de Negrín os de Comisario Xeral do Exército de Terra e de Comisario Xeral de Defensa.

É fácil comprender a identificación de Bibiano Osorio-Tafall e I. R. Eran dúas persoas de mundo, vinculadas a elite intelectual e política, falaban varios idiomas, tiñan una gran facilidade para as relacións sociais, moitas inquedanzas e unha afección común: informar do que estaba a suceder no mundo. Ione transmitiu as súas impresións sobre a Guerra Civil española a través dos seus debuxos e fotografías; Osorio-Tafall era descendente de xornalistas, escribira en Pontevedra no xornal *El País* e fora director do xornal *Politica* de Madrid ata había uns meses, e anos máis tarde colaboraría en México no semanal *Tiempo*.

Na fronte do Ebro, I. R. visita a Brigada Abraham Lincoln e observa como os mozos voluntarios norteamericanose pintan nunha parede " No pasarán el Ebro- viva la República". Alí coñece a Johnie Gathes, o seu comisario político, un brigadista procedente de Brooklin, debuxa escenas dos combatentes e pasa as noites no campamento escavado na montaña, coas

tropas do coronel Terguena. Percorre tamén pobos en ruínas, observa ás mulleres e aos nenos remexendo no entullo, recoñece as miserias das vítimas da guerra, contempla os ríos, marelos e vermellentos, e os define como "correntes de pus nunha ferida infectada", invádea un pesimismo do que só se recuperará cando alcance a luminosa costa de Tarragona.

De volta a Barcelona asiste, ao lado do embaixador mexicano, á despedida ás Brigadas Internacionais; pola Gran Vía Diagonal desfilan as delegacións dos diferentes países e o Batallón Garibaldi que recebe a máis entusiasta ovación por parte dos barceloneses, especialmente das rapazas, que tiran flores ao seu paso, e pola noite vai, invitada por Osorio-Tafall, á cea de despedida de Negrín e o seu goberno aos oficiais estranxeiros.

Despois de debuxar noutros refuxios e residencias de nenos, Ione cruza a fronteira francesa. Cando chega a París infórmanlle de que a Prefectura de Policía rexistrou a súa casa e levou as súas pertenenzas porque dende a súa viaxe a España era considerada unha perigosa "roxa". Ao tempo reconfórtalle saber que José Bergamín escribiu un fermoso artigo sobre os seus debuxos.

De París vai a Londres, a visitar aos Kennedy, e despois a Berlín para coñecer os proxectos de arte de Hitler e os novos cuarteis de Goering, exemplo do urbanismo nacionalsocialista. En Berlín é testemuña, o día 9 de novembro da "kristallnacht" ou "noite dos cristais rotos", na que os nazis esnaquizaron cristais das xanelas e dos escaparates das tendas dos xudeus e destruíron e saquearon sinagogas, cemiterios, escolas e vivendas ante a pasividade da policía alemana.

Ao seu regreso a Nova Iorque, no mes de decembro, intervén en programas de radio e dá conferencias sobre a Guerra española e as persecucións dos xudeus na Alemaña, expón os seus debuxos sobre a Guerra Civil española e envía os beneficios aos feridos da Brigada Lincoln. En xaneiro de 1939 exponos en Washington e en febreiro, coa presentación do pintor Carlos Mérida, lévaos á Galería da Universidade de México. A continuación vai a Morelia, Michoacán, a facer fotografías d@s nen@s da Escola México-España, orf@s e fill@s de combatentes republicanos que serían coñecidos como os "nenos de Morelia; a Ione párteselle o corazón ao falar con el@s, non pode esquecer o sufrimento d@s nen@s e mulleres que coñeceu en Barcelona.

Segundo a crítica de arte Teresa del Conde, Bibiano Osorio-Tafall acompañou a I. R. a México na súa visita ás "nen@s de Morelia" en febreiro de 1939, dato non moi fiable. A que si está constatada é a viaxe que fixo a México en novembro dese ano, en misión oficial, facendo escala en Santo Domingo; en Cidade Trujillo intermediou entre as autoridades dominicanas e os republicanos españois, entre os que estaba Santiago Álvarez, mentres que o deputado galeguista Suárez Picallo asentábase como preceptor dos fillos do ditador.

De volta a París, en marzo de 1939, ten malas novas do tráxico éxodo dos republicanos a través dos Pirineos, pero tamén ten outra boa, Osorio-Tafall diríxese cara alí e poderán verse de novo. Ione acompaña a Sánchez Ventura e a súa muller, aos que aloxara no apartamento da filla do historiador de arte Elie Faure; á estación de Perpiñán, chegaban a moreas os fuxidos do sur e dos campos de refuxiados, abrazábanse en silencio, sen apenas falarse, sen manifestar ningunha emoción, preocupados por pasar desapercebidos diante dos funcionarios franceses que tiñan orde de arrestar aos "sen papeis".

O día 26 de marzo anunciaron a caída de Madrid, pero aínda quedaba moito que facer, os

franceses non querían acoller aos refuxiados e os alemáns xa estaban ás portas de Francia. O 1 de abril de 1939 o Goberno Republicano crea o SERE (Servicio de Emigración de Refuxiados Españois) co fin de evacuar aos exiliados aos diferentes países de acollida en Latinoamérica, especialmente a México; dirixiríao Pablo de Azcárate e Bibiano F. Osorio-Tafall sería o Secretario Xeral.

Foi Osorio-Tafall, nun café da Place Clichy, o que convenceu a I. R. de que podería desenvolver un traballo interesante nos campos de refuxiados colaborando co SERE. Os franceses non eran partidarios de facilitar o acceso de altos funcionarios republicanos aos campos de refuxiados, polo que pouco se sabía sobre eles, e era necesario ter datos para seleccionalos e proceder á súa evacuación. Ione podería facer debuxos dos refuxiados e ao mesmo tempo colaborar na investigación.

No mes de maio parten os dous, xunto co coronel Monnier, oficial de enlace entre republicanos e os funcionarios franceses, e o deputado Ramón Viguri, cara a Perpiñán. O primeiro campo de refuxiados que visitan é o de Argelès, onde os militares republicanos os reciben friamente, á fin e ao cabo os franceses tratábanos como prisioneiros de guerra; algún refuxiado perde os nervios e di que prefire ir á cadea a España, pero a maioría coopera e cobren as tarxetas cos datos que precisa o SERE. Ione debuxa aos homes fatigados e enfermos dos campos, contempla os traslados duns campos a outros, recibe aos observadores americanos, visita outros campos, como o de Barcares, máis novo e mellor organizado; os americanos aconsellan que os soldados sans sexan alistados nunha Lexión española baixo mando francés, moi útil para Francia en caso de guerra e que ademais elevaría a súa moral.

O 13 de xuño de 1939 saíu do porto francés de Sète, cara a Veracruz, o buque *Sinaia* con 1800 refuxiados; despois sairían o *Ipanema* e o *México*. En México foron acollidos con xenerosidade polo goberno de Lázaro Cárdenas, que deu todo tipo de facilidades para a súa integración na sociedade mexicana, tampouco moi sobrante de recursos.

I. R. regresou a Chantilly. Aquel ano traballaba para *Vogue París* e alugara ao marchante de arte Pierre Colle unha casa rural, cunha apracíbel contorna, con vistas ao *Chateau* e o seu foso de auga. En Chantilly pasou os mellores meses da súa vida, para ela era o fogar máis fermoso que tivera, en compañía da súa filla e coas visitas continuas de Osorio-Tafall e os Sánchez Ventura. Porén, a felicidade non é doada en tempos prebélicos; a policía entrou na súa casa, requisou os seus pasaportes e indagou sobre todas as persoas que ían visitala. Circulaban rumores de todo tipo e todo cidadán comezaba a ser sospeitoso, era inminente a ocupación alemana.

En xullo, ela, Bibiano Osorio-Tafall e outros responsables do SERE desprázanse a Arxelia para continuar coa súa tarefa de selección e evacuación de refuxiados. Moitos combatentes republicanos foran recluídos en campos de refuxiados das colonias francesas norteafricanas.O de Sussoni, en Boghar, era un auténtico campo de concentración, erguido a pleno sol, sen árbores, sen condicións hixiénicas, con homes enfermos, amoreados, desmoralizados. Cando Osorio-Tafall intentou explicar a súa misión, os refuxiados alporizáronse e a piques estiveron de bater nel; os ánimos non estaban para menos, corría o rumor de que as autoridades francesas pretendían envialos a campos de traballo para construír un ferrocarril. Os combatentes da República Española non eran máis ca prisioneiros de guerra da República Francesa.

En Francia, a tensión seguía en aumento.Continuaban os rexistros domiciliarios, aplicouse unha estricta lei contra a espionaxe, o acoso aos españois

exiliados ía en aumento, comezaban a manifestarse publicamente as opinións antisemitas e moita xente tiña a venda as súas propiedades. En agosto os rusos firmaban o tratado de non agresión cos alemáns e en setembro Inglaterra e Francia declaraban a guerra á Alemaña.

Ante o perigo dunha Guerra Mundial e a insistencia de Ossorio-Tafall, Ione e a súa filla volveron aos Estados Unidos. O 9 de setembro despedíronse no porto de Le Havre, onde embarcaron no *Manhatan* rumbo a Nova Iorque. Non hai constancia de que volveran a verse.

A obra artística de I. R. foi, ao parecer, cativa, tanto no referente a súa produción como na brevidade no tempo e mesmo na creatividade. Polo seu traballo en México chegou a se converter nun membro máis da Escola mexicana, polo que se lle cualifica dentro da pintura latinoamericana.

A súa mellor obra, un óleo de estilo costumista titulado *La familia*, pintado nos anos 30, foi adquirido por 8.500 dólares en 1997 polo Museo de Arte Moderno de México na subasta de Sotheby´s de arte latinoamericana.

Os mesmos debuxos e fotografías sobre a Guerra Civil española que expuxera en México en 1939 foron exhibidos en Nova Iorque en 2003 na exposición *La retirada: The Spanish republican diaspora, 1938-1939.* Tamén se recuperaron algunhas destas fotografías na exposición *Las Brigadas Internacionales, Imágenes recuperadas* que percorreu varias cidades españolas nos anos 2003 e 2004.



"Nenos de Morelia". Fillos de republicanos na Escola Mexico-España de Morelia. (Ione Robinson, 1939).

I. R. foi unha artista independente que tivo que abrirse paso en sociedades nas que as mulleres estaban relegadas a un plano secundario. Aos artistas e intelectuais mexicanos resultáballes simpática e atractiva, pero non lle daban máis transcendencia. No ambiente conservador, da alta sociedade, que tanto lle atraía, era unha revolucionaria. No ambiente intelectual de esquerdas, no que tantas vivencias compartiu, era unha burguesa superficial e frívola.Tiña moitas cualidades, pero a crítica non foi xusta con ela; tampouco a historia, nin tan sequera parte da súa familia.

Despois dunha apaixonada vida, Ione Robinson faleceu en París en 1989, esquecida e con escasos medios económicos.

BIBLIOGRAFIA:

- ÁLVAREZ, Santiago. *Osorio-Tafall. Su personalidad, su aportación a la historia.* A Coruña, Sada: Ed. O Castro,1992.
- DEL CONDE, Teresa. "Christie's y Sotheby's: ciertas obras". *La Jornada* (16-12-1997).
- DEL CONDE, Teresa. *"Pintora sin muros ni barreras". La Jornada* (17-3-1998).
- ROBINSON, Ione. *A wall to paint on.* New York.: E.P.Dutton, 1946
- ROBINSON, Ione. *La Retirada. The Spanish Republican Diaspora 1938-1939. The Paintings, Drawings and Photographs of Ione Robinson.* Curated by Christopher J. B. Dallet with and essay by Jonathan Skinner. New York, Instituto de Mexico, 2002.

AS MULLERES GALEGAS EXPULSADAS DA HISTORIA

Publica *La Voz de Galicia* un gran volume que presenta e analiza a historia de Galicia no S.XX, dirixida polo recoñecido historiador Ramón Villares. Interésase o autor polas mudanzas no eido rural, mariñeiro e urbano, polo fenómeno da emigración, tan determinante, e pola "idea de Galiza" que se vai elaborando. Percorrendo o extenso volume, desde as loitas agrarias do primeiro tercio do século, que acabaron co Antigo Réxime, até a consecución da democracia e o actual Estatuto de Autonomía, non aparecen mulleres significativas nin se constata o papel produtivo das mulleres. As mulleres non existen nesta obra.

A obra inclúe un centenar e medio de biografías, coas correspondentes fotografías. Entre eles só hai 8 mulleres: Emilia Pardo Bazán, A condesa de Fenosa, Sofía Casanova, María Barbeito Cerviño, Mª Victoria Fernández España, María Casares, Maruxa Villanueva e Carmen Avendaño. Poucas e, con honrosas excepcións, mal escollidas: María Casares, unha recoñecida actriz francesa, que marchou do país aos 4 anos e nunca volveu nin fixo nada significativo por el, non se comprende que representa nesa historia. Tampouco Sofía Casanova, que marchou aos 12 anos para iniciar unha vida cosmopolita, social e xornalística moi activa, pero que en nada contribuíu ao progreso do noso país. En cambio o autor non ve, nin valora, a tantas mulleres representativas no campo da loita política, da empresa, da educación, do xornalismo, da literatura, da transformación social..., que merecerían figurar nesa historia.

Ademais das grandes figuras, inclúe moitas fotografías no volume e case todas son exclusivamente de homes. Asembleas agrarias, Agrupacións musicais, Directores antiforais, Reunión republicana, Amantes do campo, Irmandades da Fala, Seminario de Estudos Galegos, Asembleas nacionalistas, Misión biolóxica, Consello da Cultura Galega, Tertulias, Xuntanzas, escolas onde só hai nenos. Pouco hai neste extenso volume que nos diferencie dunha historia dos países musulmáns máis integristas e retrógrados. Tamén se me ocorre que no futuro alguén que abra este libro pode sospeitar que esta era unha sociedade homosexual masculina na que desapareceran as mulleres e quedaran só na abstracción decorativa. Porque aí si. A imaxe das mulleres está nos carteis, nos anuncios, na moda como unha idea, un soño na imaxinación dos artistas. Para ilustrar "os cambios de costume na muller a principios de século" aparece unha señorita entusiasmada onda unha mesiña cunha botella de viño e unha copa ofertante na man. Beber viño, velaí a novidade. Nas escasas fotos onde aparecen mulleres resalta a dunhas cursis damas coruñesas vestidas de organdí inmaculado pedindo cartos para combater a tuberculose; a das membras da Sección Feminina confeccionando roupa para os soldados; as costureiras do Seixo ilustrando o traballo das mulleres, as mulleres na Guerrilla, indicando que eran enlaces e apoio ao destacamento, aínda que, certamente fala de dúas famosas guerrilleiras. En fin, apenas aparecen as mulleres nesa historia.

Pódese interpretar esta historia como un agravio á metade da poboación galega, e así é. Pero iso non é o máis grave. O peor é que é falsa.

Nas loitas agrarias do primeiro tercio do século, as mulleres xogaron un papel fundamental. Enfrontáronse en primeira liña ás forzas da orde. O número de detidas, feridas e mortas, que nin se citan, dá boa conta disto. Como elas eran relegadas dos postos de decisión non aparecen nas fotos dos directorios. Pero a loita agraria débelle moito ás labregas deste país que, como son as que traballan a terra, tamén a defenden, como quedou patente sempre no caso de expropiacións como o das Encrobas e outros moitos.

Non só a terra estivo traballada maioritariamente por mulleres, senón tamén as tarefas do mar, agás a pesca en barco. As mariscadoras son mulleres, pero tamén as redeiras, as que cargan o peixe, as que o limpan, as espichadoras, as que o carretan, as que o venden...

E non só o peixe. Descargaron o sal, (no libro hai unha foto de salitreiras sen aludir para nada ao traballo) e todo o material que chegaba nos barcos. Cargaron coa auga nos baldes, co leite, cos feixes de leña, coa máquina de coser... con todo. As mulleres galegas levaban sempre a cabeza esmagada con enormes pesos. Relatar o traballo das mulleres no campo e no mar enchería un volume tan enorme como ao que aludimos.

Pero as mulleres galegas foron maioría nas fábricas: Na salgazón ao principio, nas conservas, no téxtil, na louza, nos tabacos..., tamén noutras industrias de fabricación de envases onde manipulaban máquinas pesadas. Agás os cadros superiores, o resto son mulleres. Polo tanto, a produción galega no S. XX estivo nas mans das mulleres, excluíndo as minas ou a construción, aínda que tamén había mulleres legoeiras nas estradas. A *Festa da Palabra* e o Concello de Vigo convoca un premio anual de investigación sobre o papel das operarias nas diferentes fábricas para cuantificar a produción e poder afirmar, cos datos económicos, o que escribo. Tamén foron pioneiras nas folgas, as xastras, as da conserva, as lavandeiras...

Que clase de historia é a que esquece ás produtoras da riqueza do país, a forza do traballo que é o fundamental?

Un dos factores que incrementa o papel das mulleres no traballo é a emigración. Este aspecto tamén é ignorado neste libro. Un millón e medio de persoas abandonaron o país. Non indica que a maioría son homes e algunhas mozas que ían para traballar nos bordeis. A trata de brancas enriqueceu a moitas familias e próceres galegos. As viúvas de vivos quedaron traballando e coidando a prole. Poucos emigrantes retornaron e os que o fixeron e foron exaltados pola súa contribución social, ou a fundación de escolas, (ás que ían sobre todo nenos) encontraron a casa e a facenda atendida e os fillos criados pola muller. A emigración supuxo a perda da forza de traballo dos homes máis novos, sans e arriscados. Esa forza de traballo foi substituída polas mulleres e iso fixo posíbel que o país seguira subsistindo e medrando. "Cos emigrantes conséguese a modernidade de Galicia" afirma o autor. Sen dúbida facilitaron aspectos novos, pero as que manipulaban nas fábricas as máquinas cada vez máis modernas eran as mulleres. Ademais convén sinalar que a riqueza dos emigrantes non sempre permanecía no país. A maioría convertíase en divisas para o goberno español que, en lugar de empregalas en modernizar Galiza, prefería mantela na miseria, como viveiro de exportación humana, e empregar os recursos obtidos do traballo dos galegos en favorecer e industrializar outras partes do Estado, maiormente Cataluña e Euskadi.

Que esta historia se publique xa no S. XXI, cando tanto se fala da igualdade da muller, cando hai maioría, agora xa non de traballadoras, senón de universitarias, cando existe un goberno paritario e, o que é máis grave, cando moita xente di que o feminismo xa non é necesario porque está todo conseguido, é alarmante. Porque, ademais, non se trata da cegueira do amigo Villares, senón de todo o poder político e social que, non só non cuestiona, senón que premia a obra.

As galegas podemos chorar, indignarnos, berrar...Eu creo que cómpre seguir traballando, estudando, pensando e facendo un país mellor. Outras historias virán, máis veraces e xustas.

ENTREVISTA A ANA MÍGUEZ

A **Festa da palabra** entrevista a **Ana Míguez**, vinculada con GEA no período de 1972-1980. Míguez, que na actualidade preside o Centro de Estudos sobre os dereitos das mulleres, ALECRÍN, de Vigo, encóntrase entre as feministas que protagonizaron os primeiros paso do movemento en Galicia, volcando o seu compromiso ideolóxico na consecución de estratexias de apoio ás mulleres, vítimas da violencia de xénero, nas súas múltiples vertentes: acoso laboral, violencia doméstica, prostitución, etc.

O vencellamento de Ana Míguez coa empresa Álvarez non foi casual, senón o resultado dunha decisión acorde coa súa conciencia feminista. Desde o seu posto de traballadora social actuou como outeadora privilexiada das mulleres e dos homes proletari@s, fundamento imprescindible para coñecer e atacar os cimentos da desigualdade entre os sexos.

Protagonismo feminino

FdP: Foi moi relevante o papel das mulleres en Álvarez.

AM: Sen dúbida, eran a maioría do persoal, fundamentalmente en louza e tamén había en oficinas, pero alí había poucos traballadores. Álvarez compúñase dun grupo de empresas reunidas dedicadas á fabricación de louza, porcelanas e vidro. Estaban distribuídas por Vigo e bisbarra: Coruxo, Cabral e Porriño; Santa Clara fabricaba louza e porcelana e Vanosa vidro. Nesta última a maioría eran homes.

O ano no que comecei a traballar en GEA, 1972, foi moi conflitivo. As mulleres convocaban as folgas e tirábanlles ovos e millo aos homes, de tal xeito que non tiveron máis remedio que secundalas.

FdPS: A qué atribúes o arranque das mulleres.

AM: Eran, en xeral, máis loitadoras que os homes. A zona de Cabral e Lavadores xa tiña unha tradición de esquerdas. Evidentemente había unha discriminación laboral, económica, porque gañaban menos que os homes, pero tamén doutro tipo; por poñer un exemplo, non había servizos onde traballaban e tiñan que desprazarse a outras naves. A dirección estaba reticente a tal adianto, tiven que propoñer varios proxectos ata que aceptaran, por suposto, o máis económico.

FdP: Pardo Bazán tamén solicitou na Biblioteca Nacional, a finais do século XIX, que instalaran un retrete para mulleres e o director contestoulle, moi finamente que era preferible que non se molestara, que lle levaban os libros a casa.

AM: Con todo e iso, noutros aspectos, Álvarez era unha empresa moi avanzada. Foi a primeira empresa neste país en crear un fondo para que as mulleres puideran ir abortar a Inglaterra. Viaxaban soas e a empresa sufragaba os gastos de traslados e estancia durante unha semana, máis ou menos. A clínica levábaas e traíaas do aeroporto e eu recollíaas de regreso.

Información reprodutiva

FdP: Decidían elas abortar?

AM: Si, pero despois dun proceso de concienciación. Falábase con elas. Dábamos charlas sobre anticonceptivos e interrupción do embarazo na empresa. Botaba man do Servicio Social como coartada e reunía a un grupo de mulleres para aprender a facer monecos, osiños de peluche. Contei coa complicidade dunha muller da Sección Femenina, realmente foi grazas a ela que puiden facer este labor. Así, ante a mesa de patronaxe, a miña amiga Celia Miralles e outros médicos amigos, impartían charlas sobre anticoncepción. En Pontesampaio chegábamos a

facelas durante as horas de traballo; reuníanse os operarios, homes e mulleres, por seccións. Informábaselles da penalización dos anticonceptivos, estábamos entre o ano 1972 e 1977. Daquela só se viaxaba a Inglaterra, despois a Portugal.

Había outro hándicap e é que ao estar prohibidos os anticonceptivos non había quen os receitara, e para moitas das mulleres aquel era un tema tabú. Conseguín que un amigo farmacéutico da Praza da Constitución suministrara os anticonceptivos sen receita. Máis adiante, conseguín que o médico da empresa os receitara.

Evidentemente xuntáronse varios factores a favor: a presenza daquela muller de Falanxe e a miña posición de privilexio de traballadora social que propiciaba que as mulleres se me deran abertamente e confiaran nesta autoridade.

Foi das primeiras fábricas en dispor de gardería infantil, a primeira foi a da Artística.

FdP: Houbo xente organizada politicamente.

AM: Moi pouca, daquela era moi arriscado. Si recordo algún sindicalista, como "o bomba", de CCOO. Traballaban demasiadas horas como para dedicarlle tempo á política.

María Xosé Queizán e Ana Míguez

Acoso sexual

FdP: Houbo casos de violencia?

AM: Si, algunhas viñeron ao meu despacho queixándose da persecución dalgún xefe; non da directiva, senón dalgún mando intermedio. De inmediato fíxenllo saber á dirección que sempre atendeu as miñas denuncias e me manifestou o seu apoio, e tampouco toleraban o asedio ás mulleres. Daquela era imposible pasar da amonestación, porque, aínda que existira o acosador e o acto abusivo, este non estaba tipificado como delito. De todas maneiras, teño información contrastada de que nalgunha fábrica de conservas existían camastros que os xefes usaban para violar as mulleres. A chantaxe de manter o posto de traballo a cambio de servizos sexuais era un feito bastante común naquel tempo.

Absentismo laboral

A política que levamos tivo os seus froitos. Descendeu dun xeito notable o absentismo laboral, gracias á prevención dos

embarazos non desexados. A empresa era a primeira interesada en non perder horas de traballo, non só polo embarazo e parto senón pola posterior atención das criaturas; porque daquela si que non colaboraban nada os homes nos labores domésticos. A empresa era consciente, está claro que ninguén dá nada a cambio de nada.

Outro problema que provocaba un gran absentismo laboral era a silicose. Todo o cadro de persoal estaba exposto á enfermidade. Ninguén usaba mascariñas e este po lles ía deixando os pulmóns coma pedras. Eu recordo cando visitaba a nave de vidro ... era entrañable; os homes facíanme figuriñas que me regalaban cada vez que a visitaba; pero tamén me vén á memoria que saía brillante de alí.

Afundimento

FdP: A que cres que se debe a debacle de Álvarez?

AM: Á pura especulación. GEA era unha empresa florecente ate que se fixo o INI cargo dela. Daba traballo a unhas 4.000 persoas e estaba a pleno rendemento cando se decidiu o seu afundimento premeditado. O cadro de persoal estaba composto por un persoal moi especializado, había enxeñeiros checos, alemáns, italianos. O departamento de pintura integrábano verdadeiros artistas que decoraban os búcaros e as fontes a man cun gusto exquisito. Algúns eran xordomudos.

Existía demanda do produto desde fóra e dentro do país. Recordo que había contactos con México, interesados pola produción de Álvarez.

Cando o INI se fixo cargo da empresa conminaron as traballadoras a abandonar o emprego. Ofrecíanlle indemnizacións que eu lles recomendaba rexeitar, pois para elas o máis valioso era manter o posto de traballo. En moitos casos, as mulleres foron obrigadas polos homes a aceptar as indemnizacións. Eu trataba de que se decataran do infausto futuro que as agardaba se se dobregaban a eles. Así moitas metéronse nunha desafortunada cooperativa, que eu mesma promovín, que cando fracasou moitas mulleres quedaron na rúa sen un peso.

MARUJA MALLO: A PINTURA DA NOVA MULLER

A presenza de obras de Maruja Mallo (Viveiro, Lugo, 05/01/1902 - Madrid, 06/02/1995) en tres exposicións realizadas en Galiza nos últimos meses permitiunos contemplar con atención un conxunto significativo de obras da artista viveirense, pouco e mal representada, infelizmente, nas coleccións galegas. As exposicións *A Galicia moderna* (CGAC, Santiago,16 de decembro de 2004-20 de marzo de 2005), *A pintura do 27* (Fundación Caixa Galicia, Santiago, 25 de xuño-18 de setembro de 2005) e *Diáspora* (MARCO, Vigo, 20 de maio-11 de setembro de 2005 e Fundación Luís Seoane, A Coruña, 28 de setembro de 2004, xaneiro, 2006) foron a ocasión para este feliz reencontro da nosa pintora co seu país.

Logo do seu nacemento en Viveiro, Maruja Mallo vive de nena en Tui e despois trasládase coa súa familia a Avilés onde comeza a pintar. En 1922 matricúlase na Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid. En 1924 frecuenta o estudio do pintor Julio Moisés, no que coincide con Salvador Dalí e José Moreno Villa. Remata Belas Artes en 1926, e ese mesmo ano consegue unha bolsa da Deputación de Lugo. No 1927 comeza a colaborar na *Revista de Occidente* e realiza a súa primeira exposición na sala de exposición da revista, sendo un auténtico suceso que a converte na pintora da nova xeración. Fai amizade con Rafael Alberti, Luis Buñuel, Miguel Hernández, Ortega y Gasset e Federico García Lorca e vive nestes anos no ambiente da *Residencia de Estudiantes* madrileña. Máis tarde viaxa a París, toma contacto co surrealismo da man de André Breton e Paul Éluard e celebra unha exposición, moi eloxiada por Picasso e por Bretón.

En 1933, volve a Madrid. O artista uruguaio Torres García, inclúea no Grupo de Arte Construtiva. Dende 1934 participa nas Misións Pedagóxicas e por este tempo coñece o trotskista e sindicalista galego Alberto Fernández Mezquita, e con el móvese nun ambiente ideolóxico achegado ao anarquismo e ao trotskismo.

Ao estalar a Guerra Civil está en Beluso, na ría de Pontevedra, acompañada de Fernández Mezquita. Deciden ir cara a Lisboa cruzando a fronteira de Tui, sendo o seu compañeiro detido e deportado, non volvendo a atoparse, vivindo este último unha serie de peripecias que darán con el nun campo de concentración. Maruja Mallo chega a Buenos Aires o 9 de febreiro de 1937 e escribe un intenso testemuño da represión.

No exilio dá conferencias e deseña tecidos e móbeis. Expón por toda América, pinta murais e gaña en 1948 o primeiro premio da XII Exposición de Nova York. En Buenos Aires coñece a Luís Seoane, Lorenzo Varela e Blanco Amor. En 1945 visita a Illa de Pascua xunto co seu amigo Pablo Neruda. En 1961 decide regresar e instálase definitivamente en Madrid. No 1975 a galería Ruiz-Castillo de Madrid dedícalle unha exposición antolóxica e o CGAC outra en Santiago no 1993, mostra coa que se inaugura o Centro Galego de Arte Contemporánea.

A pintura da nova muller

A pintora comeza a súa obra vinculada ao ámbito cultural español da xeración do 27 e pasa por diferentes etapas. A primeira corresponde ás súas pinturas iniciais de temas de verbenas e deportivos, nos que se poden observar diversas influencias vangardistas, entre elas de fórmulas cubistas e futuristas suavizadas, xunto con referencias clasicistas que non se limitan ao que se podería entender como puramente tradicionais, senón como unha posición que reformula os

modelos do pasado, nunha estética que Gómez de la Serna definía como "cineástica e moderna", e que ten en *O mago* (1926, col. part., Oviedo), *Verbena* (1927, MNCA Reina Sofía, Madrid), *Muller con cabra* (1927, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña), *Elementos para o deporte* (1927, col. part., Madrid) e *Guía Postal de Lugo* (1929, Museo Provincial de Lugo) uns magníficos exemplos. En *Verbena* as raparigas que corren entre a multitude con ás de anxos son a poeta Concha Méndez e a pintora, que deixan constancia das súas saídas e da súa paixón polo popular e as festas. Concha Méndez será tamén a modelo da serie "Bañistas" e do cadro *Figura de deporte* (*Ciclista*) (1930, paradoiro descoñecido).

Muller con cabra é unha obra capital na súa evolución; o cadro, comezado durante unha estadía nas Illas Canarias para visitar a seu pai, tras a morte da nai, é un intento de afondamento nas raíces do popular, mais cunha linguaxe xa inserida na plena modernidade, dotando a muller dun papel central e activo representando unha nova realidade feminina, que a artista reivindica non apenas na súa obra senón tamén no conxunto das súas actividades vitais, apostando por transformar en paralelo arte e vida. Estamos perante unha nova muller que xa non quere ser simple modelo ou obxecto pasivo, que quere camiñar soa e ocupar un papel central na vida e na arte.

En *Elementos para o deporte* crea unha auténtica natureza morta de modernidade na que os obxectos son un retrato de Concha Méndez, a amiga da artista e paradigma da nova muller: deportista, transgresora e moderna, como a propia pintora. O cadro é unha auténtica "*antivanitas*", se nas naturezas mortas barrocas os obxectos podían adquirir un valor moralizante, *Elementos*



Retrato de muller negra, Museo Patio Herreriano, Valladolid

para o deporte deita tamén un sentido simbólico, mais dun simbolismo que aposta por unha sociedade nova, na que aínda os obxectos representados teñen a frescura inxenua e esperanzada que o ideal da modernidade dos anos vinte predica. É evidente a pegada do futurismo co seu culto a todo o moderno (deporte, máquina, inventos...) e mesmo as referencias á pintura metafísica italiana, coa que coincide nesta época na representación de obxectos como raquetas e bolas de tenis e manequíns –figura-símbolo desta pintura-, citas da obra de Carlo Carrà e Giorgio de Chirico. Nas ilustracións desta altura, como a que realiza para o libro *Hollywood* de Xavier Abril (1930), manequíns, instrumentos musicais e edificios reiteran as referencias á arte italiana da década dos vinte.

Guía postal de Lugo, obra formalmente moi próxima a *Elementos para o deporte*, exemplifica un aspecto da súa obra pouco valorado que é a súa relación con Galiza, que se pode rastrexar tamén en obras posteriores. Neste caso a evocación de Lugo faise por medio dunha especie de quebracabezas no que abundan as referencias de carácter popular, paisaxístico e monumental: Torta de Monforte, Sargadelos, Muralla de Lugo, santos e escenas rurais; combinados con rañaceos, autos ou avións, todo elaborado por medio dunha figuración fragmentaria, que como no caso do cadro anterior delata influencias da pintura italiana, da metafísica e dos *Valori Plastici*. *Elementos para o deporte* e *Guía postal de Lugo* adoptan un punto de vista de perspectiva en picado, ambos con representación de aeroplanos, e amosan analoxías con pinturas do futurismo serodio –coa *aeropittura*- non só polas representacións de avións senón tamén pola sucesión en planos vistos desde arriba.

A súa pintura sofre a partir de 1929 unha mudanza radical, inicia a serie "Cloacas e campanarios" que Gómez de la Serna –que escribiu unha monografía sobre a pintora- chama a "época do cardo". Esta evolución hai que enmarcala no ambiente que desde finais dos anos 20 se percibe no contexto español, no que penetran os influxos surrealistas.

Maruja Mallo achégase aos artistas da Escola de Vallecas (Alberto, Benjamín Palencia). Nestas obras percíbese a presenza do telúrico, do primitivo, da paisaxe como experiencia ética e estética, por medio delas a artista proxecta unha ollada crítica sobre unha sociedade en plena convulsión social. O lixo, os esqueletos, os detritos, con fondos escuros presentan un mundo do que emerxe un profundo desacougo. *Figura* (1932, Museo Patio Herreriano, Valladolid) e *Terra e excrementos* (1932, MNCA Reina Sofía, Madrid) pertencen a esta serie de obras nas que a pintura descende a un mundo abisal e onírico, que tanto fascinou os surrealistas, chegando André Breton a facerse cunha das teas desta serie cando a pintora expuxo en París.

Arredor de 1933 e durante os anos seguintes da II República a pintora galega desenvolve unha obra rexida pola orde xeométrica e influída polo construtivismo de Torres García na que a preocupación pola forma, cun rigoroso estudo da sección áurea, ía á par do seu compromiso social. Este estilo acadou a maior elevación e calidade no período inmediatamente anterior á súa marcha e nos primeiros anos de exilio, durante a guerra, con obras como *A sorpresa do Trigo* (1936, col. part. Madrid), cadro que como ela mesma afirmaba "nace da miña fe materialista no reinado da espiga", é dicir nun firme compromiso social, e no que a pintora proxecta a súa ollada construtiva e

comprometida sobre unha sociedade en plena loita pola súa transformación. Para Eugenio Granell este cadro mesmo "adianta a imaxe metafórica de Picasso das mans do campesiño-toureiro morto que ten unha flor no centro do *Guernica*, aínda que as mans da moza están completamente abertas". Obras como *O canto das espigas* (1939, MNCA Reina Sofía, Madrid), *Mensaxe do mar* (1937), *Arquitectura Humana* (1937, col. part.) -primeira obra realizada pola artista no exilio-, *A terra* (1938) ou *O Mar* (1938) seguen estes presupostos. Algunhas delas como *Mensaxe ao mar* ou *Arquitectura humana*, teñen a súa orixe en motivos mariñeiros bosquexados nun caderno durante a súa estadía na ría de Pontevedra en 1936 onde a vai coller o golpe militar de Franco.

Exiliada na Arxentina, principia unha nova etapa da súa obra, ás estruturas xeométricas suma unha acentuación dos trazos surrealistas, que xa estaban presentes na súa obra dos anos trinta, e que agora reaparecen cun sentido diferente, máis orgánico e vitalista, ligado, sen dúbida, á experiencia americana, pero sempre mantendo o rigor xeométrico herdado dos tempos construtivistas. Maruja Mallo non tarda moito tempo en ver proxectada na súa obra a impronta americana, amosando a completa e fascinante revelación que supón para ela o novo continente. Son boa proba deste influxo as súas carautas que lembran os ritos de relixións sincréticas americanas como a obra *Máscaras* (1942, Fundación Caixa Galicia). Este óleo presenta unhas máscaras que se recortan nunha praia na que aparecen motivos mariños estilizados. A referencia ao mar, intensamente vivenciado por ela en Chile ou Uruguai, é constante nas obras destes anos de exilio.

A motivacións semellantes responden os seus "Retratos bidimensionais", intensos retratos de raíz étnica, como *Retrato de muller negra* (1951, Museo Patio Herreriano, Valladolid). Son hieráticas cabezas femininas de fronte ou de perfil -neste caso de perfil-, que a pintora realiza nas décadas dos corenta e cincuenta e que están entre o máis logrado da súa produción. Son representacións de arquetipos étnicos, nos que enxalza a beleza feminina na súa plenitude e, ao mesmo tempo, expresa a saudade por unha nova humanidade. Os trazos fisionómicos están definidos cunha estática monumentalidade, herdeira da súa pintura dos anos trinta.

Maruja Mallo traballa cun debuxo preciso e un sentido da forma xeometrizada e arquitectónica, que hai que pór en relación á súa experiencia co "Grupo Construtivo" de Torres García e ao seu concepto de "matemática vivinte do esqueleto".

Esta pegada da realidade americana tamén se deixa sentir nas obras da serie *Naturalezas vivas*. A pintora deixou testemuño das experiencias que están na orixe destes cadros, e que hai que situar nas súas viaxes por América, e especialmente Chile. Aquí, co seu amigo Pablo Neruda, realiza visitas que servirían de elemento inspirador da súa obra.Os trazos surrealistas, que xa se aprecian nos comezos da súa traxectoria durante os anos trinta, reaparecen agora cun sentido diferente, máis orgánico e vitalista, ligado sen dúbida a esta experiencia do novo continente, nas obras desta serie de *Naturalezas vivas* nas que plasma a súa visión do mundo abisal onde toda a natureza é pura transformación. Nestas obras dos anos corenta domina o xogo ornamental, elaborado sobre unha forte base de deseño de sólida estrutura e ordenamento espacial, que pretende crear un mundo harmónico paralelo ao natural, consonte cunha concepción

panteísta da natureza e a vida. Emprega cores intensas, de artificiosidade surreal, na que os elementos mariños aparecen metamorfoseados, combinando flores con buguinas, vieiras ou estrelas. O rigor construtivo e a preocupación polo trazado xeométrico e o deseño harmónico, pódese percibir moi ben no cadro *Natureleza viva (con rosa)* (1942, col. part.) no que unha buguina se constitúe en eixo espacial que xera unha forma e un territorio novos. Maruja Mallo crea nestas pinturas unha mitoloxía surreal, que está en relación coa súa intensa experiencia da natureza.

Froito desa mesma experiencia son os murais que realizou en 1945 para o cinema *Los Ángeles* de Buenos Aires –hoxe destruídos-. Trátase dunha obra plenamente integrada no traballo arquitectónico na que Maruja Mallo elaborou a súa característica mitoloxía surreal, que está en relación coa súa experiencia da paisaxe americana. No mural os corpos agroman nun mundo de referentes mariños e, como di Melva Luna, nunha crítica de 1945, "a idea primixenia para a formación das razas parte pois do plano oceánico; a profundidade abisal viría a se-lo formidable útero onde se realiza a metamorfose da medusa, estrela ou alga, ata a serea e o anxo que se organizan nesta conversa de planos coordenados para desintegra-lo mito".

As formas emerxen das profundidades oceánicas como elementos primixenios cargados de enerxía vital. Desa enerxía que flúe do conxunto da súa obra e que sempre a acompañou ao longo dunha vida intensa, complexa e chea de autenticidade.

Muller con cabra, 1927, Fundación Barrié, A Coruña

OS NOSOS ARTISTAS NO EXILIO

Dende a actualidade da arte, os postulados modernos son parte do pasado. O idealismo, as batallas estratéxicas, as oposicións ao poder, o enfrontamento á estética burguesa e as rebeldías son sinal dunha época que se reflectiu na obra de moitos artistas galegos. Algúns senten que aquilo foi unha batalla perdida, outros, máis optimistas, ven na crise actual unha depuración , interpretan a emerxencia incesante da superficialidade como a consecuencia dunha especie de catarse colectiva. Hoxe a arte e o poder comparten a mesma imaxe de banalidade aínda que sostidos por uns argumentos tan incuestionables coma abstractos, é unha complicidade que asusta.

Seguindo a Jean-François Lyotard podemos supoñer que a superficialidade e a extravagancia actual máis que un ataque ao modernismo de altos voos "achanda paradoxalmente o camiño para o seu regreso triunfal". Esta visión optimista ten aparencia de verdade e axúdanos a mirar o pasado sen avergoñarnos. Permítenos achegarnos á obra de Ángel Botello, Alfonso R Castelao, Manuel Colmeiro, Isaac Díaz Pardo, Eugenio Granell, Maruja Mallo, Luis Seoane, Arturo Souto, José Suárez e Carlos Velo sen nostalxia e con agradecemento, xa que sabemos que as crises son sempre oportunidades para cambiar e niso estamos.

"Diáspora" é o nome da exposición que reuniu a estes artistas no MARCO de Vigo baixo o lema "10 artistas galegos no exilio latinoamericano 1930-1970". Esta magnífica exposición brindounos a oportunidade de achegarnos a artistas modernos de altos voos que Galicia aportou á consolidación da estética moderna internacional. A arte da primeira metade do século XX reflicte as consecuencias da inestabilidade do sistema. A crise do capitalismo e a ameaza da ruptura é o tema favorito de todas as tertulias. A partir dos anos trinta desátase a crítica social e o activismo político que aportaron unha visión máis realista da

Eugenio Granell. *Cabeza de indio*, 1945

sociedade. A estética tradicional que serviu para ocultar as inxustizas sociais, é remprazada por unha arte que comunica frontalmente e sen complexos os grandes temas humanos.

Estas preocupacións foron abordadas con diferentes achegamentos estéticos. Dende o expresionismo, que gañou adeptos dende finais do século XIX, do que beberon Alfonso R Castelao e Arturo Souto, pasando por propostas que se consolidaron en contacto coas culturas alleas ao capitalismo occidental. No caso de Galicia o activismo social é enriquecido polo proxecto dunha forte xeneración de intelectuais dispostos a colocar a arte galega na modernidade.

Castelao abriu o camiño para moitos, foi o compromiso político e intelectual que asumiu coa súa xente o que impediu que a súa produción plástica fose máis extensa. Na traxectoria de Arturo Souto o influxo do expresionismo europeo é importante. Este pintor andou polo sendeiro da interpretación do espazo ao longo do xesto expresionista en todo o seu traballo. A paleta tenebrista reflicte con dureza a súa biografía e o seu contorno.

Pero a batalla contra a figuración tradicional albergou múltiples propostas. Noutros artistas observamos a intención das emocions máis controladas, co

obxectivo de afianzar a definición formal. Algúns foron herdeiros da iconografía escultórica medieval, asimilada para consolidar unha estética atemporal e esencial. Este é o caso de Luís Seoane e de Isaac Díaz Pardo. O compromiso destes artistas coa súa historia e co seu presente vémolo coa observación das súas obras. O traballo de Luís Seoane é especialmente significativo. Pode observarse o esforzo por trasladar ao proxecto a súa visión do mundo e o compromiso coa súa cultura a través dunha estética achegada ás vangardas internacionais. A súa obra enriquécese coa constante reflexion sobre as linguaxes, co que establece un diálogo constante para a construción dunha identidade visual. Con este fin foxe conscientemente do expresionismo e aposta por un espazo menos evocador de sentimentalismos e máis trascendente.

Na obra de Miguel Colmeiro tamén están presentes moitas das inquedanzas modernas, tanto nas eleccións formais como nos contidos socias das súas creacións. O artista tamén participa da produción de murais, xénero moi vencellado a un proxecto artístico que tivo en América orixes educativas e ideoloxizantes.
Na investigación constante dos modernos non podemos pasar por alto a ollada atenta que moitos dirixiron ás estéticas primitivas. Son



Luís Seoane. *Gran dama impasible*, 1961

propostas dominadas polo cromatismo e por achegamentos visuais inmediatos sobre a natureza. Este é o caso da pintura de Ángel Botello. Saturacións máximas, grandes contrastes de complementarios coa exaltación e a sedución dun diálogo sensual entre a cor e a forma.

Unha ollada á obra de Eugenio Fernández Granell e a de Maruja Mallo ponnos en contacto coa busca da expresión directa que mantiveron tanto os dadaístas como os surrealistas. Un postulado que os mantivo dentro dunha inquedanza romántica do traballo plástico. Unha motivación que tamén tivo José Suárez Fernández nas súas fotografías e que se percibe no traballo de Carlos Velo.

O descubrimento da "segunda realidade", a outra fase da existencia é constante na obra destes tres artistas dende as súas particularidades e a través dos recursos da súa arte.

Nesta loita pola renovación da linguaxe artistica atopamos a cada un dos artistas da diáspora. Todos eles son bos exemplos da apertura intelectual da que foron donos. Ademais da urxencia de saír de Galicia, dos matices persoais e das súas circunstancias individuais, hai tres factores que os unifica: todos eles se incorporaron ás estéticas de vangarda, pero fixérono sendo portadores das súas tradicións e sabendo integrarse e integrando ás súas poéticas persoais aspectos das culturas que os acolleron, eles foron canles da arte e isto dá a medida dos personaxes. Eles souberon selo a expensas do seu exilio.

O esforzo desta exposición quedou reflectido na edición dun libro catálogo. No que se pode consultar un riguroso texto elaborado por Carlos Bernárdez, comisario da exposición. Nel fai un estudo parsimonioso sobre os cincoenta anos de produción plástica galega no exilio.

Para os que non puideron ver a exposición en Vigo aínda teñen oportunidade de facelo na Fundación Luis Seoane, onde permanecerá aberta ata o 8 de xaneiro de 2006.

PRINCESAS, de Fernando León

Fernando León de Aranoa, quen conquistara ao público co seu *Barrio* e pouco tempo despois saltara as fronteiras peninsulares coa galardoada *Los Lunes al sol,* sitúase de novo como infatigable valedor d@s desfavorecid@s en *Princesas*, paradóxico título para unha fita cun amargo transfondo social.

O público non recibiu con indiferencia o filme. Sen deixar de cuestionar @s académic@s que ensalzaron *Los Lunes* en detrimento de *Princesas*, León ratifica o seu talento cinematográfico e arrisca moito máis que coa anterior en canto ao seu compromiso ideolóxico.

O guión de *Princesas* desprega os posibles estados de opinión encol do tema da prostitución, un debate inédito na nosa cinematografía e que, na vida política, vén provocando as máis aceiradas discusións.

¿Por que salta este asunto a un primeiro plano, se non é novo? ¿A que tanto balbordo cando a cidadanía sempre lle deu as costas? Pois ben, pénsese que os pasos que a civilización foi dando foron sempre na procura, na consecución dos dereitos humanos. Dereitos que despois da Revolución Francesa igualarán aos homes socialmente e de vagar, séculos despois, estes dereitos estenderanse ao sexo feminino. A meta foi daquela e será a busca da igualdade. Entendendo a prostitución como unha forma de sometemento, de puxa dos homes sobre as mulleres (igual que no comercio escravista), a prostitución é un escollo insalvable na busca dunha sociedade cada vez máis igualitaria.

Na actualidade, o debate dirímese entre dúas posturas principais: regulamentación ~ abolición. Fernando León non se define claramente cara a ningunha das dúas, máis invita ao público a unha reflexión tomando como punto de partida a experiencia das mulleres involucradas, as súas necesidades, os seus medos esmiúzando, toda a contorna do comercio da carne, asexando a vida das mulleres prostituídas, cun enorme respecto.

Princesas, incomprensiblemente publicitada como unha película sentimental e emotiva, narra as peripecias dun grupo de mulleres supervivintes da prostitución. As protagonistas, Caye (Candela Peña) y Zulema (Micaela Nevárez) van sendo conscientes de que na procura dun medio de vida aparentemente "fácil", vanse sumerxindo nun entramado asfixiante que as explota e degrada, privándoas dos dereitos humanos elementais.

Desde o foro dunha perruquería de barrio, Caye xunto con outras prostituídas madrileñas, crean unha fronte común en contra das outras explotadas do terceiro mundo, que fachendean roubándolles os clientes.

Este problema da feminización da pobreza incentiva a explotación feminina. Como ben reflicte a película, máis do 80 por cento das mulleres prostituídas son estranxeiras que proceden de países cuxa capacidade de desenvolvemento é ínfima. Son froito da miseria e do medo; os proxenetas que as recrutan no seu país de orixe, promételles unha realidade próspera inimaxinable na súa terra.

Mais unidas na dureza da experiencia vital, estas mulleres non tardarán en se decatar de que africanas ou latinas, españolas ou exiliadas do leste de Europa, todas son a coartada dun negocio que as devora física e moralmente. Porque as críticas deste sistema de explotación diríxense sempre sobre as prostituídas, o elo feble da cadea, desviando a culpabilidade dos verdadeiros axentes da explotación.

Como se desa razón fora consciente Ruiz Gallardón, o concello de Madrid vén de inaugurar unha acertada campaña de acoso ao cliente, aos puteiros, verdadeiros axentes desta explotación humana. Partidari@s da legalización reivindican o seu "dereito" a venderse, a deixarse explotar e someter aos desexos dos homes porque "para iso pagan".

Como se converter o corpo e a mente en mercadoría fose un dereito. Porque, na prostitución, a muller redúcese a mercadoría.

Os benpensantes fan a salvidade coas de alto *standing*. "Cada quen negocia co que lle peta"; ninguén o dubida, estamos nunha sociedade capitalista, e como froito desta sociedade hai que analizalo. En *Princesas* tamén se plasma o mundo fantástico de "pretty woman", pero por máis que repugne ideoloxicamente, non hai leis que impidan esta relación mercantil. Pero, frivolidades aparte, a maioría das prostitutas vense abocadas a este comercio, non saen das tendas da Novena Avenida senón dos suburbios, das guerras e das tribus africanas.

Enténdase a prostitución, entón, como un destes fenómenos das sociedades "desigualitarias"; antes dicía que acostuma a estigmatizarse a prostituta deixando indemne ao promotor. Fernando León rexeita a dobre moral que discrimina as prostitutas sen ensuciar en absoluto os clientes.

Pero este desprezo pola muller entronca coa visión bíblica da femia como fonte do mal. Remontémonos á lenda da diabólica Eva no paraíso tentando a Adán a comer da froita prohibida.

Mais a mercadoría exponse porque hai demanda; de non existir clientela, o negocio quebraría. Daquela, o que compra, proba e usa e regula o mercado, non son as putas senón os puteiros e os proxenetas; con todo e iso, estes non reciben o

maltrato social. Perseguir ás prostitutas non significa vencer a prostitución, senón coller o rabo polas follas.

Facendo unha analoxía co conflito escravista norteamericano, do mesmo xeito que a escravitude non son os escravos, a prostitución non se sintetiza nas prostitutas, senón que se trata dun complexo sistema discriminatorio promovido por proxenetas e traficantes de mulleres, mantido por puteiros e que marcha coa connivencia de moitos intereses privados, e públicos, e a indiferencia do resto da sociedade. Un sistema que evidencia que as mulleres están aínda sometidas á vontade dos homes. As mulleres prostituídas son o produto da desigualdade social, e seguirán existindo mentres un home sexa capaz de comprar a integridade dun ser inferior, dunha muller, dunha nena, dun neno. O boiante comercio da carne humana confirma o triunfo do capitalismo brutal que corrobora o eslogan: "todo ten un prezo". É a comercialización da súa carne a que socava a muller prostituída e non ao revés: a muller, previamente aldraxada, véndese a calquera prezo.

Por tanto, como se reflicte na película, as mulleres quedan privadas dunha vida sexual pracenteira. Afeitas ao trato degradante desta actividade, séntense incapaces de se relacionar normalmente cun home, a presión masculina retráeas e bloquéaas.

A explotación emana, pois, da propia faena, é intrínseca a ela; implica a superioridade económica do home que é quen de comprar un corpo ao seu servizo, como na trata de escravos. Nunha sociedade igualitaria, o afecto, o cariño, o desexo sexual non pode ser mercadoría canxeable.

Desde o punto de vista da ambientación do filme, León describe, con pinceladas costumistas, a realidade, intercalándose no fío da historia tomas documentais impactantes como as gravadas na Casa de Campo de Madrid, clientes dispersando o desfile das prostitutas desde os seus coches, como se de gando se tratara. Imaxes que parecerían sacadas da xungla, dunha sociedade precivilizada.

Resulta penoso pensar que os homes necesiten a estas alturas dominar a unha muller para compracerse. E non é que se trate

de corazóns solitarios, ao contrario; o 90% dos puteiros teñen parella ou están casados.

León de Aranoa desviste o tema sen humillar ás actrices, acentuando a súa enteireza e forza vital fronte ao vitimismo. Deste xeito xorde a verdade descarnada, máis cruel, porque o que máis lles doe ás prostituídas non é a violencia física dos clientes, senón a súa obxectivización; a súa "puta vida" reside no seu fracaso persoal e nesa existencia sen sentido. Prostituída refírese a un estadio, non a unha esencia; non se é puta, exércese como tal como recurso á precariedade laboral.

Viven nunha sociedade prerrevolucionaria; a elas non chegou a *Declaración dos dereitos humanos* nun mundo onde non hai delitos contra a liberdade sexual, non hai violación nin violencia de xénero porque todo vale; "o dereito de pernada" medieval. Zulema non pode denunciar as malleiras do seu cliente (un Morris, nunha interpretación máis que verosímil) que lle ofrece "papeis" a cambio de sádicos servizos.

Non obstante, os puteiros (en *Princesas* preséntanse nun amplo panorama de tipos: elegantes, profesionais, funcionarios) son quen de lle recordar á muller o seu lugar de escrava. Resulta moi ilustrativa a escena dos lavabos en que Caye se ve obrigada a practicar unha felatio a un cliente, sen contraprestación económica. Recórdaselle, as 24 horas do día, que é un ser inferior, ao servicio do amo.

Pese a facer valer a propia identidade, fabricando eslogans de "autoaxuda" —"Non somos putas, di Caye, somos princesas" —a prostitución é un fracaso para elas. Ante as súas familias disimulan, ocultan unha vida da que se avergoñan. Contan os aforros que un día lles permita

"deixalo"; nesa actividade non hai ascensos, só un declive rápido e doroso. Mentres, soñan con cousas ben simples: Caye, só quere un noivo que a vaia recoller á saída do traballo.

O director deixa o final aberto, pero dun modo ou doutro escaparán da prostitución antes de que esta acabe con elas.

Fernando León revélase como un magnífico director de intérpretes. Recréase en poderosos planos curtos sobre as actrices que comen a pantalla coa súa beleza e autenticidade. Tamén mima os secundarios: Mariana Cordero, no papel da nai de Caye —que non quere saber para sobrevivir—excelente actriz e pedagoga, viviu moito tempo nas catacumbas do teatro antes de darse a coñecer nas pantallas. Morris está intachable no seu papel de puteiro, desapegado de chichés televisivos.

De ano en ano recibimos estas sorpresas (o ano pasado grazas a *Mar adentro*) para que nos reconciliemos coa nosa filmografía.

Estrea en España: 2 de setembro.

Ficha técnica

Título orixinal: Princesas
Dirección: Fernando León de Aranoa
Produtora: Reposado, Mediapro
Produtor: Fernando León de Aranoa, Jaume Roures
Guionista: Fernando León de Aranoa
Fotografía: Ramiro Civita
Dirección artística: Llorenç Miquel
Vestiario: Bina Daigeler
Maquillaxe: Carlos Hernández
Perruquería: Manolo García
Montaxe: Nacho Ruiz Capillas
Música: Alfonso de Vilallonga, Manu Chao

Ficha artística

Candela Peña (Caye), Micaela Nevárez (Zulema), Mariana Cordero (Pilar), Llum Barrera (Gloria), Violeta Pérez (Caren), Mónica Van Campen (Angela).

ESCRITO POR MULLERES

I. Narrativa *

I. 1. *Narradoras galegas*

ANEIROS, Rosa, *Veu visitarme o mar*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Narrativa, nº 213, 324 pp. (ISBN: 84-9782-251-X).

BLANCO, Camen, *Vermella con lobos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, 95 pp. (ISBN: 84-9782-180-7).

DACOSTA, Beatriz, *Contrato temporal*, IV Certame de Creación Literaria "Terra de Melide", Vigo: Francka Editora, 2004, 228 pp. (ISBN: 84-932575-4-0).

GARCÍA MÉNDEZ, Paloma e Begoña MARTÍN ACERO, *Mar de cores*, ilust. de Paloma García Méndez, Edición de autor, marzo 2004, 51 pp. (ISBN: 84-609-0082-7).

MAYORAL, Marina, *Ao pé do magnolio*, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. Literaria, nº 201, 210 pp. (ISBN: 84-8288-674-6).

MOREDA RODRÍGUEZ, Eva, *Singularis Domitilla*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004, 55 pp. (ISBN: 84-9750-278-7).

MOURE, Teresa, *A xeira das árbores*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2004, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Medusa/Narrativa, 127 pp. (ISBN: 84-7824-457-3).

PAZ, Begoña, *A ferida*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Abismos, nº 6, 116 pp. (ISBN: 84-9782-090-8).

PEDREIRA, Emma, *As cinzas adentras*, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, xullo 2004, col. Mandaio, 192 pp (ISBN: 84-933327-6-3).

REIMÓNDEZ, María, *O caderno de bitácora. Aventuras espaciais*, IV Premio de Novela Mulleres Progresistas, ilust. Serxio Suárez, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, marzo 2004, col. Narrativas, 157 pp. (ISBN: 84-87783-80-5).

I. 2. *Traducións ou versións*

PIÑÓN, Nélida, *A república dos soños*, trad. de Carmen e Mª Dolores Torres París, Vigo: Galaxia, decembro 2004, col. Literaria, nº 213, 936 pp. (ISBN: 84-8288-767-X).

WOOLF, Virginia, *As ondas*, trad. María Cuquejo, Vigo: Galaxia, agosto 2004, col. Clásicos Universais, 246 pp. (ISBN: 84-8288-722-X).

I. 3. *Antoloxías*

VARELA, Carme e Xosé Ramón Fandiño (eds.), *Premios Pedrón de Ouro. Certames XXVII (2001), XXVIII (2002) e XXIX (2003)*, Sada: Ediciós do Castro, setembro 2004, col. Narrativa, 294 pp. (ISBN: 84-8485-153-2).

II. Poesía

II. 1. *Poetas galegas*

COMESAÑA BESTEIROS, María, *Zoonose*, XVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, outubro 2004, col. Colección de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 36 pp. (ISBN: 84-8485-160-5).

DONO, Maite, *Desilencios*, XXXIIIº Premio Esquío de Poesía, prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, febreiro 2004, col. Esquío de Poesía, nº XCVb, 59 pp. (ISBN: 84-95289-84-2).

ESPINOSA, Estíbaliz, *Número e*, X Premio de Poesía Espiral Maior, A Coruña: Espiral Maior, abril 2004, col. Espiral Maior Poesía, 66 pp. (ISBN: 84-95625-88-1).

FIGUEROA PANISSE, Adela, *Vento de amor ao mar*, ilustr. Jesús Herrero e Laura Campoy, prólogo de María Pilar García Negro, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, decembro 2004, col. Poesía, 97 pp. (ISBN: 84-8485-136-2).

GÓMEZ, Lupe, *Levantar as tetas*, A Coruña: Espiral Maior, xuño 2004, col. Poesía, nº 144, 83 pp. (ISBN: 84-95625-96-2).

HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, Mª Concepción, *Impresiones del Bierzo/Impresións do Bierzo*, Madrid: Ediciones Torremozas, xaneiro 2004, col. Serie Prímula, 105 pp. (ISBN: 84-7839-309-9).

KRUCKENBERG, María do Carme, *Luz para un novo amencer*, edic. bilingüe; introdución de Eva Llórens, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, setembro 2004, col. Poesía, 64 pp. (ISBN: 84-8485-152-4).

NOVO, Olga, *A cousa vermella*, A Coruña: Espiral Maior, marzo 2004, col. Espiral Maior Poesía, 134 pp. (ISBN: 84-95625-90-3).

PATO, Chus, *Charenton*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Poesía, nº 6, 130 pp. (ISBN: 84-9782-221-8).

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, *Non queres que o poema te coñeza*, II Premio Caixanova de Poesía, Santiago de Compostela: P.E.N. Clube Escritores Galicia, marzo 2004, col. Arte de Trobar, nº 4, 139 pp. (ISBN: 84-933404-0-5).

SÁNCHEZ MOREIRAS, Miriam, *Contra Rochester*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Poesía, nº 5, 63 pp. (ISBN: 84-9782-217-X).

VIDAL CARAMÉS, Clementina, *Alquimia*, A Coruña: Espiral Maior, xullo 2004, col. A Illa Verde, nº 37, 120 pp. (ISBN: 84-95625-97-0).

VILLALTA, Luísa, *En concreto*, Premio da Crítica Galicia, A Coruña: Espiral Maior, 2004, col. Espiral Maior Poesía, nº 145, 95 pp. (ISBN: 84-95625-98-9).

II. 2. *Reedicións comentadas e facsímiles*

CASTRO, Rosalía de, *Poesía Galega Completa II. Follas Novas, Poemas Soltos. Traduccións*, edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Clásicos Galegos, 351 pp. (ISBN: 84-7824-438-7).

CASTRO, Rosalía de, *Follas Novas/Hojas Nuevas*, edición bilingüe; trad. de Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, Padrón, A Coruña: Fundación Rosalía de Castro, 2004, Centro de Estudios Rosalianos, 2004, 453 pp. (ISBN: 84-87668-21-6).

DACOSTA, Marta, *Crear o mar en Compostela*, Premio de poesía "O Grelo 1993", textos introdutorios de Rafa e Miro Villar, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago, 2004, col. Poeta en Compostela, nº 2, 63 pp. (ISBN: 84-8064-135-5).

LORENZO ABEIJÓN, Áurea, *Queixas*, edición de Aurora Marco, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2004, col. Memoralia, nº 4, 95 pp. (ISBN: 84-9659-41-2).

SOTO, Isabel (coord.), *Rosalía Ilustrada*, ilust. de Xaquín Marín, Xosé Cobas, Fran Jaraba, Nacho Hortas, Ánxeles Ferrer, Suso Cubeiro, María Fe Quesada, Manuel Uhía, Miguelanxo Prado, Pepe Carreiro, Xan López Domínguez, Fausto, Norberto Fernández, Fran Bueno, Andrés Meixide, Kiko da Silva, Pablo Otero Peixe, Primitivo Marcos, Miguel Robledo, Fernando Iglesias, Federico Fernández Alonso, Óscar Villán, Fino Lorenzo e Raquel González , Padrón-A Coruña: Fundación Rosalía de Castro, 2004, 73 pp. (ISBN: 84-87668-19-4).

TORRES, Xohana, *Poesía reunida (1957-2001)*, edición e prólogo de Luciano Rodríguez, Santiago de Compostela: P.E.N. Clube Escritores Galicia, setembro 2004, col. Arte de Trobar, nº 5, 325 pp. (ISBN: 84-933404-1-3).

VILLAR JANEIRO, Helena e Xesús Rábade Paredes, *Cabeleira de pedra*, textos introdutorios de Afonso Becerra e X.L. Axeitos, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago, 2004, col. Poeta en Compostela, nº 4, 46 pp. (ISBN: C-84-8064-139-8).

II. 3. *Traducións ou versións*

DICKINSON, Emily, *Dickinson*, edición bilingüe; tradución de Carlos Coira e limiar de Carlos Casanova, Lugo: Tris-Tram, 2004, col. Poesía de Peto, 59 pp. (ISBN: 84-89377-49-9).

II. 4. *Antoloxías*

CASTRO, Rosalía de, *Rosalía*, escolma e introdución de Mª Xesús Lama, Lugo: Tris-Tram, 2004, col. Poesía de Peto, 67 pp. (ISBN: 84-89377-48-0).

POZO GARZA, Luz, *Memoria solar. Obra poética*, introd. de Carmen Blanco, Ourense: Linteo, xullo 2004, 875 pp. (ISBN: 84-960067-04-1).

QUEIZÁN, Mª Xosé, *Non o abras como unha flor*, prólogo de Marga Romero e estudo de Mónica Bar Cendón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Alternativas, 357 pp. (ISBN: 84-9782-181-5).

ZERNOVA, Elena (editor), *Compañeira tristeza. As poetas galegas do século XX*, San Petersburgo: Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, 2004, col. Antoloxía da literatura galega, nº IX, 187 pp. (ISBN: 5-288-03624-1).

III. Teatro

III. 1. *Dramaturgas galegas*

ANTÓNIO, Inma, *Os cárceres do esquenzo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 40, 58 pp. (ISBN: 84-9782-211-0/84-453-3874-9).

IV. Día das Letras Galegas

IV. 1. *Creación: Reedicións comentadas e facsímiles*

CUQUEJO ENRÍQUEZ, María, Carmen FARIÑA MIRANDA e María LOJO ABEIJÓN (eds.), *De Rosalía a Xoaquín Lorenzo. Escolma do Día das Letras Galegas 1963-2004* , Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004, 68 pp. (ISBN: 84-453-3773-4).

IV. 2. *Monografías, edicións críticas e libros colectivos*

ÁLVAREZ, Rosario (coord.), *Día das Letras Galegas. Xaquín Lorenzo, Xocas*, limiar da coordinadora, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, abril 2004, Departamento de Filoloxía Galega, 2004, 241 pp. (ISBN: 84-9750-363-5).

V. Ensaio. Teoría xeral. Crítica

V. 1. *Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos*

ALÉN, María Pilar, *Breve Historia da Música Galega*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, outubro 2004, 62 pp. (ISBN: 84-96403-16-5).

ÁLVAREZ, Rosario e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, limiar de Antón Santamarina, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2004, col. Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega, 770 pp. (ISBN: 84-95892-24-3).

CUQUEJO ENRÍQUEZ, María, Carmen FARIÑA MIRANDA e Luís Alonso Girgado (eds.), *Cadernos Ramón Piñeiro (V): Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, 93 pp. (ISBN: 84-453-3830-7).

DÍAZ, María América, *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo (1957-1979)*, limiar de Isaac Díaz Pardo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, abril 2004, col. Documentos, nº 186, 752 pp. (ISBN: 84-8485-141-9).

DOMÍNGUEZ DAPENA, Cristina, *Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz*, Vigo: Galaxia/ Xunta de Galicia, 2004, col. Biblioteca de Teatro. Breviarios, 71 pp. (ISBN: 84-8288-777-7)/ (ISBN: 84-453-3969-9).

FERREIRO, Charo e Inmaculada PENA (coords.), *Xornadas sobre Xulián Magariños*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, decembro 2004, col. Difusión cultural, nº 42, 250 pp. (ISBN: 84-453-3955-9).

HERRERO FIGUEROA, Araceli, *Estudos sobre Emilia Pardo Bazán e recompilación de dispersos*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2004, col. Literatura, 195 pp. (ISBN: 84-8192-255-2).

MARCO, Aurora (coord.), *Avilés de Taramancos. A paixón pola terra*, Noia: Consello da Xuventude de Galicia, 2004, col. xente nova, 99 pp. (DL: C-1323-2004).

MORENO, M. Victoria, *Diario da luz e a sombra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Crónica, 125 pp. (ISBN: 84-9782-233-1).

OGANDO, Iolanda, *Teatro histórico: construción dramática e construción nacional*, Betanzos: Universidade da Coruña, outubro 2004, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 34, serie Azul, 236 pp. (ISBN: 84-9749-117-3).

PUJALES PRATS, Cristina (coord.), *O son da memoria. Actas do I, II e III Encontro*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2004, col. Base, 541 pp. (ISBN: 84-95415-90-9).

QUEIZÁN, Mª Xosé, *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Ensaio, nº 11, 95 pp. (ISBN: 84-9782-117-3).

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*, VI Premio de Investigación Filolóxica 'Dámaso Alonso', Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004, 271 pp. (ISBN: 84-9750-375-9).

RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé, *Galegos en México. Pasado e presente*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004, 547 pp. (ISBN: 84-688-7359-4).

ROIG RECHOU, Blanca-Ana (coord.), *Informes de literatura 1995-2002*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, CD-Rom (ISBN: 84-453-3737-8).

TAJES MARCOTE, Begoña, Xesús Alonso Montero e Henrique Monteagudo (eds.), *Actas do I Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo"*, limiar de Alfonso Zulueta de Haz, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2004, col. Base, 750/636 pp. (ISBN: 84-95415-79-8).

TOBÍO FERNÁNDEZ, María de los Ángeles, *Anacos da vida dunha muller galega*, limiar de Katheleen March, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2004, col. Documentos, 76 pp. (ISBN: 84-8485-128-1).

V. 2. *Reedicións comentadas e facsímiles*

CUQUEJO ENRÍQUEZ, María e Luís Alonso Girgado, *Centro Gallego (Publicación do Centro Galego de Montevideo)*, edición facsimilar, Santiago de Compostela: Xunta de

Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, [186] pp. (ISBN: 84-453-3952-4).

FARIÑA MIRANDA, Carmen (ed.), *Tierra Gallega (Semanario Regional Ilustrado)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, Libro e CD-Rom, 206 pp. (ISBN: 84-453-3977-X).

Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909), Alonso Girgado, Luís (direc.), edición, introdución e índices de Carmen Fariña Mirada, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, Libro e CD-Rom, 166 pp. (ISBN: 84-453-3879-X).

LOJO ABEIJÓN, María (ed.), *Eco de Galicia (A Habana 1917-1936)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, Libro e CD-Rom, 118 pp. (ISBN: 84-453-3829-3).

V. 3. *Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas*

GARCÍA NEGRO, Mª Pilar (ed.), *Rosalía Castro. Notas biográficas*, prólogo e tradución de Mª Pilar García Negro e epílogo de Francisco Rodríguez., Vigo: Edicións A Nosa Terra, maio 2004, col. Nós os galegos, 103 pp. (ISBN: 84-96203-73-5).

PIZÁN, Cristina de, *A cidade das mulleres*, introd. Mª Carmen Pallares Méndez, trad. Susa Blanco Montecelas, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Xunta de Galicia, _2004, col. As letras das mulleres, 356 pp. (ISBN: 84-453-3808-0) (ISBN: 84-7824-446-8).

VI. Literatura infantil e xuvenil

VI. 1. *Narrativa*

VI. 1. 1. Narradoras galegas

BLANCO, Concha, *Boris*, ilust. Orballo, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. árbore/galaxia, nº 124, serie Laranxa, máis de 8 anos, 62 pp. (ISBN: 84-8288-689-4).

BLANCO, Concha, *Sara*, A Coruña: Casals, maio 2004, col. O Trolebús, nº 21, a partir de 13 anos, 77 pp. (ISBN: 84-218-3171-2).

BOULLOSA, Palmira G., *¡Cuac!, Quac!, Kuak!, ¡Cuac!*, ilust. Ángeles Maldonado, Madrid: OEPLI, 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], 103 pp. (DL: M-13707-2004).

CARBALLEIRA, Paula, *A era de Lázaro*, Vigo: Galaxia, xuño 2004, col. Costa Oeste, idade recomendada [mocidade], 144 pp. (ISBN: 84-8288-713-0).

CASALDERREY, Fina, *Eu son eu*, ilust. Josep Vicó, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 2, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-141-6).

CUETO-FELGUEROSO, Paloma, *A raniña voadora*, ilust. Montse Arbelo e Joseba Franco, Vigo: Gárgola, maio 2004, col. A biblioteca de Carolo, nº 2, a partir de 6 anos, 54 pp. (ISBN: 84-933258-7-2).

O trasno velliño, ilust. Paula Paradela, Vigo: Gárgola, maio 2004, col. A biblioteca de Carolo, nº 1, a partir de 6 anos, 54 pp. (ISBN: 84-933258-6-4).

DÍAZ NÚÑEZ, Celia, *Adeliña*, I Premio de Literatura infantil e xuvenil "Pura e Dora Vázquez", ilust. Luís Sendón, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, maio 2004, idade recomendada lectorado autónomo, 113 pp. (ISBN: 84-96011-62-3).

FERNÁNDEZ, Ana María e Xoán Babarro, *Na barriga do dragón*, ilust. Víctor Rivas, Santiago de Compostela:

Alfaguara/Obradoiro, 2004, col. Infantil/Xuvenil, idade recomendada a partir de 8 anos, 126 pp. (ISBN: 84-8224-434-5).

FERRER, Ánxeles, *A pequena árbore*, ilust. da autora, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Merliño, idade recomendada [prelectorado], [32] pp. (ISBN: 84-9782-199-8).

O grilo Gastón, ilust. da autora, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña encantada, idade recomendada [prelectorado], [48] pp. (ISBN: 84-403-0446-3).

FERRÍN, Chus, *¿Onde está o sol?*, ilust. da autora, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Bolboreta, idade recomendada Prelectorado, [26] pp. (ISBN: 84-7824-445-X).

GRACIÁN, Ánxela, *Chis Chisgarabís*, ilust. Xulia Barros, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 7, serie Azul, a partir de 8 anos, 123 pp. (ISBN: 84-263-5185-9).

LORIGA, Lupe, *Kofu: o neno de chocolate*, ilust. Ana García Martínez, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2004, col. Contos de mamá, idade recomendada [lectorado autónomo], [23] pp. (ISBN: 84-96293-36-X).

O zapateiro máxico, ilust. Ana García Martínez, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2004, col. Contos de mamá, idade recomendada [lectorado autónomo], [23] pp. (ISBN: 84-96293-23-8).

MARCOS TA, *Os xemelgos*, ilust. Simon Espinosa Faci, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2004, col. Contos de mamá, idade recomendada [prelectorado], [22] pp. (ISBN: 84-9782-152-1).

MILORO COSTAS, Rosario, *¡Cóntame un conto, Alfonsiño!*, ilust. Erea Ledo Vázquez, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. Elefante Contacontos, nº 32, serie Rosa, mais de 5 anos, 31 pp. (ISBN: 84-7680-503-9).

OTERO, Renata, *Mola que chova*, Vigo: Galaxia, xullo 2004, col. árbore/galaxia, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-8288-726-2).

REGUEIRO, Conchi, *Un marciano neste mundo*, Finalista do I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira, A Coruña: Baía Edicións, novembro 2004, col. Meiga Moira, nº 2, idade recomendada a partir de 12 anos, 222 pp. (ISBN: 84-96128-76-8).

RUÍZ, Dolores, *Historia invisible do bico Simón*, ilust. Belén Padrón, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. árbore/galaxia, nº 126, serie Azul, a partir de 10 anos, 81 pp. (ISBN: 84-8288-692-4).

SÁNCHEZ, Gloria, *Rato Pincho (Ou a verdadeira historia dos ourizos)*, ilust. Pablo Otero "Peixe", Vigo: Galaxia, xullo 2004, col. árbore/galaxia, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-8288-725-4).

VI. 1. 2. Reedicións e adaptacións

ANEIROS, Rosa, *O xardín da media lúa*, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, outubro 2004, col. árbore/galaxia, nº 4, idade recomendada [mocidade], 46 pp. (ISBN: 84-8288-711-4).

CASAL, Uxía, *As ás de Xenoveva*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, nº 86, serie Azul, a partir de 10 anos, 123 pp. (ISBN: 84-8288-759-9).

TORRES, Xohana, *Polo mar van as sardiñas*, ilust. Federico Fernández, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. árbore/galaxia, nº 122, a partir de 8 anos, 27 pp. (ISBN: 84-8288-677-0).

VI. 1 .4. Antoloxías

AGRA PARDIÑAS, Mª Jesús e Blanca-Ana Roig Rechou (coord.), *A memoria das*

guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega. As súas repercusións na infancia e adolescencia, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/GALIX, 2004, 141 pp. (ISBN: 84-9782-248-X).

VI. 2. *Poesía*

VI .2 .1. Poetas galegas

FERNÁNDEZ, Ana María, *¿Quen vive aquí?*, ilust. Irene Fra, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, nº 121, serie Azul, a partir de 10 anos, 45 pp. (ISBN: 84-8288-678-9).

O país de amarnos, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Punto de encontro, idade recomendada [lectorado mozo], 62 pp. (ISBN: 84-403-0445-5).

SÁNCHEZ, Gloria, *Adiviñas de animais*, ilust. Óscar Villán, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, abril 2004, col. Alfaguara Infantil, idade recomendada primeiros lectores, 21 pp. (ISBN: 84-8224-527-9).

VILLAR JANEIRO, Helena, *Na praia dos lagartos*, Premio Arume 2003, soleira de Xosé Neira Vilas, ilust. Xosé Vizoso, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, xullo 2004, col. Arume de poesía para nenos, idade recomendada [lectorado autónomo], 79 pp. (ISBN: 84-8485-146-X).

VILLAR JANEIRO, Helena e Xesús Rábade Paredes, *Dona e Don*, ilust. María Lires, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, nº 120, serie Laranxa, a partir de 8 anos, 57 pp. (ISBN: 84-8288-676-2).

VI. 4. *Ensaio. Teoría xeral. Crítica*

VI. 4. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

AGRA PARDIÑAS, María Jesús e outras, *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Servizo Galego de Igualdade, 2004, 91 pp. (ISBN: 84-453-3878-1).

AGRELO COSTAS, Eulalia (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 2002*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Gálix. Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil_, febreiro 2004, col. Guías culturais, nº 31, 178 pp. (ISBN: 84-453-3709-2).

MOCIÑO GONZÁLEZ, Isabel (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 2003*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Gálix. Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, novembro 2004, col. Guías culturais, nº 32, 159 pp. (ISBN: 84-453-3934-6).

* Esta bibliografía foi extraída do *Informe de Literatura 2004*, dirixido por Blanca-Ana Roig Rechou e publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O FUTURO DA EDICIÓN EN GALEGO

Os datos da edición galega

Existe hoxe en Galicia (e en lingua galega) unha industria editorial propia, parte activa e determinante do desenvolvemento do noso sistema literario. Hai trinta anos, en 1975, editáronse apenas 68 títulos en galego; e en 1980, a comezos do proceso autonómico, 187. Nos últimos catorce anos a edición realizada en Galicia multiplicouse por tres xa que en 2004, publicáronse en Galicia 2.618 títulos, dos que 1.849 títulos fórono en galego, unha cantidade nada desprezable, que supón o 57,62% de toda a edición realizada no país.

O libro editado en Galego non se edita só en Galicia. Algo a ter moi en conta cando se fala do sector editorial en galego. A pesar das variacións interanuais, podemos afirmar que o 80% do libro en galego se edita en Galicia e o 20% restante fóra, fundamentalmente en Madrid por parte de empresas editoriais educativas. Convén salientar, tamén, que o libro en galego editado en Galicia tivo nestes catorce anos un crecemento superior (340%), tanto con respecto ao total do editado en Galicia como ao do conxunto do libro en galego. A produción en galego realizada fóra de Galicia apenas se duplicou no mesmo período.

O crecemento da edición en galego realizada en Galicia é maior que a realizada noutras linguas (pensemos maioritariamente en castelán, aínda que nos últimos anos, non exclusivamente). A pesar das diferenzas anuais, podemos afirmar que nos últimos catorce anos, arredor do 60% do libro editado en Galicia o foi en galego e o 40% en castelán. Porén, e coa excepción do ano 2002, o da aparición da Biblioteca 120 editada por *La Voz de Galicia*, a tendencia dos últimos cinco anos, é que o crecemento interanual do libro editado en castelán é maior co do libro editado en galego.

No periodo que analizamos (1990-2004) a edición privada en galego medrou un 139%, mentres que a edición pública reduciuse case nun 30%, representando só o 12% do número de títulos publicados, o que demostra que hai unha tendencia clara e constante de redución da edición pública en galego, aínda que este descenso non afecta por igual a todos os axentes editoriais. Así, a edición promovida pola Administración Autonómica (Xunta de Galicia e Consello da Cultura Galega), o principal editor público (entre o 55% e o 65% de toda a edición, segundo os anos), é quen máis reduciu o número de títulos publicados en galego (ata case a metade); mentres que as administracións locais (concellos e, fundamentalmente, deputacións provinciais) o fan en menor medida. Porén, os servizos de publicacións das Universidades, sobre todo nos últimos catro anos, aumentan o seu volume de edición case nun cincuenta por cento.

Tamén é de salientar que o libro galego amosa unha marcada tendencia a contar cunha única edición, xa que apenas chegan ao 20% o número de segundas ou posteriores reedicións. Outrosí sucede co número de traducións que supón entre o 12 e 20% das obras editadas, aínda que nos tres últimos anos se comproba un importantísimo aumento.

O sector privado do libro galego fabrica anualmente arredor dos dous millóns douscentos mil de exemplares e facturou en 2004 en torno aos 22 millóns de euros (apenas o 12% da totalidade mercado do libro en Galicia), contando cun catálogo histórico que estimamos en 19.000 títulos editados, dos cales case 7.000 están vivos no mercado. Nos últimos vinte e cinco anos, a edición en galego multiplicou por dez a súa produción, que, a súa vez, supón o 91,68% do total da nosa edición ao longo da historia.

Datos que avalan que poidamos falar por vez primeira na nosa historia da existencia dun

mercado estable, e polo tanto, dun público para o libro galego. Un mercado e unha industria modestos constituída por trinta e cinco editoras, na súa case totalidade agrupadas na Asociación Galega de Editores, que editan máis de mil títulos cada ano, cunhas tiradas medias en torno aos 1.900 exemplares e cunha oferta plural que vai dende a novela ao ensaio, da crónica de actualidade ao manual universitario e o libro de texto para o ensino obrigatorio, das complexas e laboriosas obras enciclopédicas ás coleccións de poesía, álbums infantís, turismo, gastronomía, dicionarios, libros de agasallo ou bibliofilia.

O libro galego hoxe presenta unha oferta variada e extensa, formalmente de calidade equiparable á ofrecida en calquera outro mercado europeo; aínda que moi orientada cara ao sistema escolar, xa que a metade da súa produción e das súas vendas, está constituída por libros de texto e obras de literatura infantil e xuvenil (promocionados de forma específica na canle escolar e paraescolar). Sendo importante, ademais, o peso das novidades literarias galegas, máis de trescentas cada ano, cunha tiradas medias entre os mil e os mil douscentos exemplares (baixas, moi baixas, se as comparamos coas dos libros publicados en castelán), mais, a pesar de constituír só o 11% do volume de edición por número de exemplares producidos, cunha grande importancia na conformación do actual catálogo vivo (máis de dous mil títulos, que supoñen o 29% dos fondos galegos dispoñibles nas nosas librarías).

O libro editado orixinalmente en galego abriuse na última década a un moi incipiente proceso de apertura ao mercado exterior, sobre todo nos eidos da edición de álbum infantil (grazas, sobre todo, á contribución decisiva de Kalandraka editora) e de grandes obras de referencia (onde xermolaron proxectos da importancia empresarial de Edicións Hércules ou Nova Galicia Edicións) o que transforma radicalmente as expectativas de crecemento do sector. Proceso de internacionalización ao que non é alleo, tampouco, o pulo, tamén experimentado neste periodo, da tradución estable a outras linguas dun número reducido de autores galegos de narrativa (Manuel Rivas, Suso de Toro, Agustín Fernández Paz, Xosé Carlos Caneiro, Alfredo Conde, ademais dunha longa nómina de autores e, neste caso tamén, autoras de literatura infantil e xuvenil).

O libro galego e o sector da edición privada en Galicia constitúe –a pesar das súas cifras humildes e das súas carencias en ámbitos específicos (desde a edicións científico-técnica á de traducións de clásicos e contemporáneos)– unha realidade felizmente cristalizada, recoñecida tanto no pequeno mercado interior, como cada máis admirada nun mercado exterior abaneado polos temores da apocalipse da edición globalizada.

As razóns do cambio

Hai trinta anos o editor galego (de selos como Galaxia, Ediciós

do Castro ou Edicións Castrelos) era un activista intuitivo, utópico, empresarialmente case marxinal e fortemente ideoloxizado. Na maior parte dos casos, aquel activismo voluntarista dos editores en lingua galega continúa hoxe sendo necesario, acaso porque sexa esencial á edición de cultura; mais a utopía foise materializando, a marxinalidade foi desaparecendo e a intuición deu paso decididamente aos criterios profesionais de carácter empresarial, que son os que manexamos na actualidade a maior parte das editoras galegas.

Por outra banda, e feito non menos relevante, este despregue da industria galega da edición provocou a ocupación dun cada vez máis significativo número de persoas (case un milleiro), entre postos de traballo directos e indirectos, así como o desenvolvemento dun sector auxiliar de artes gráficas, que se ocupa dos procesos de pre-impresión, impresión e encadernación.

Que sucedeu pois nestes últimos trinta anos para que se producise este nacemento da industria do libro galego? Cales foron as razóns que permitiron semellante salto de xigante? Contestar a estas preguntas require unha explicación complexa. Houbo unha xeira de factores que entendo contribuíron a conformar esta nova realidade que permitiu a transformación dun sector cultural de resistencia nun emerxente sector industrial.

Primeiro: a existencia dunha nova realidade política, estabilizada na Constitución Española de 1978 e no recoñecemento da lingua e a cultura como sinais de identidade propia (Estatuto de Autonomía, 1980). A incorporación da lingua galega aos planos curriculares do ensino non universitario a partir do curso 1979-1980, e os posteriores desenvolvementos normativos emanados da Lei de Normalización Lingüística de 1983, instalou a lingua galega por vez primeira nos usos e necesidades do sistema educativo non universitario, ao igual que calquera lingua oficial, e inicia un proceso de desenvolvemento de xéneros, recursos e todo tipo de materiais de apoio sobre a definición dun público potencial obxectivo. Foi a partir deste feito decisivo, ocorrido entre 1979 e 1984, desde o que en realidade podemos falar da existencia dunha masa crítica suficiente, sobre a que establecer as bases da empresa editorial en Galicia.

Segundo: a creación de institucións de poder e planificación (Xunta de Galicia e o Parlamento Galego), que dotaron ao país de recursos para un certo desenvolvemento autónomo, especialmente no que atinxe a educación e da cultura (os máis vencellados ao proceso da lectura na lingua do país). Dotación, porén, que se amosou moi insuficiente no eido da cultura e, especialmente escaso, no caso do libro e a lectura. A pesar de case vinte e cinco anos de Autonomía o noso índice de libros en bibliotecas públicas por habitante (1,1), así como o do gasto anual por habitante en promoción da lectura pública (0,66 €) continúan estando moi afastados das medias europeas.

Terceiro: un aumento obxectivo da competencia cultural e intelectual da poboación, escolarizada por primeira vez con noticias sobre a súa propia identidade e capacitada para acceder ao discurso literario e ao uso culto da lingua propia. Con todo, os índices de lectura da poboación galega sitúanse por baixo da media española, no décimo posto do conxunto das CC.AA., así como, tamén, o índice de libros producidos na lingua propia por habitante continúa sendo sensiblemente máis alto ca en Cataluña e Euskadi.

Cuarto: a creación dun mercado obxectivo (non voluntarista nin necesariamente ideoloxizado e destinado a militantes galeguistas) semellante, aínda que proporcional á nosa demografía, a calquera outra sociedade

moderna. Este mercado amosouse suficientemente flexible e poroso para admitir que algúns títulos acadasen cifras de venda inimaxinables noutrora (desde *O lapis do carpinteiro* con case 70.000 exemplares vendidos en librarías e clubes do libro, ao éxito acadado por promocións dalgúns xornais, como foi o caso da Biblioteca 120 de *La Voz de Galicia*). Aínda que tamén convén apuntar sobre esta mesma cuestión que as vendas do libro en Galicia supoñen só 4,7% das totais do estado, cando a nosa poboación é o 6,6%, feito que amosa que os galegos mantemos un diferencial de 1,9% puntos no consumo de lectura con respecto ao que correspondería á nosa poboación.

Quinto: a mellora das condicións socioeconómicas de vida e, consecuentemente, do consumo de libros. Outro feito innegable, aínda que as provincias do interior, Lugo e Ourense, continúan manténdose á cola de case todos os índices de benestar das provincias españolas (índices de lectura, incluídos), e para o libro galego apenas constitúen, entre as dúas, só o 10% da súa facturación. O libro galego véndese nun 90% nas dúas provincias atlánticas.

Sexto: e como consecuencia de todos os anteriores, a aparición de proxectos empresariais e de profesionais especializados, preocupados por dar resposta ás demandas desa nova realidade: creando, editando, organizando, distribuíndo e xestionando ese produto que denominamos libro. O desenvolvemento do tecido editorial galego produciuse dende 1979, sobre todo, a partir da creación de Edicións Sotelo Blanco e de Edicións Xerais de Galicia (a empresa que na miña opinión serviu de motor da modernización e profesionalización do noso sector). Este espírito de profesionalización e modernización levou a fixar un marco de relacións contractuais cos autores, a organizar os catálogos en coleccións temáticas e graduadas, a mellorar os procesos de fabricación e a utilizar materiais de maior calidade, a estimular o deseño dos produtos (recoñecida con múltiples premios nacionais), a ocuparse especificamente dos procesos de promoción e de comunicación co público (tarefa de visibilización non conseguida plenamente, ao non contar cun apoio máis decidido dos medios de comunicación, mesmo os de carácter público).

Os problemas e os retos do futuro

A cultura galega, que pertence a ese delicado grupo de nacións sen estado empeñadas en continuar no novo século sen claudicar de si mesmas, instaladas no horizonte difícil da globalización e da nova Europa (loitando contra o proceso de norteamericanización do imaxinario cultural) irremediablemente, digo, a cultura galega (e polo tanto o libro en galego) deberá facer fronte a non poucos desafíos, dificultades e contradicións.

Este é o reto da nova modernidade: o salto cualitativo que nos permita non quedar descolgados da trepidante carreira dos tempos, abocados a unha encrucillada histórica de semellante transcendencia á que significou a imprenta no século XV. Cando comezabamos a albiscar moi tímidos síntomas de normalización da industria editorial en galego (moi notables en ámbitos como o infantil e xuvenil ou a ficción narrativa), volvemos estar nunha nova encrucillada histórica decisiva: a posibilidade ou non de engancharnos ao multisoporte dixital, á edición convencional cultural baixo demanda e á concentración da comercialización dos produtos (desaparecerá ao medio ou longo prazo a libraría como espazo comercial especializado?). Velaí algunhas das claves para o futuro dun sector editorial como o galego que sabe debe ser moi dútil á innovación tecnolóxica, máis áxil



para responder ás novas demandas e máis diversificado e creativo que ata agora sobre os novos soportes.

Outrosí sucede coa crise provocada pola implantación da modalidade de préstamo escollida pola Xunta de Galicia para a gratuidade do libro escolar que, previsiblemente, de non ser rectificada, provocará unha importante diminución da facturación das editoras educativas, que pode chegar a provocar unha diminución do 30% dos seus ingresos. Problema que afectará, tamén, ao feble tecido libreiro do país, sostido nun 40% pola venda do libro de texto e sometido á durísima presión da sobreoferta de novidades (unha auténtica saturación) editadas en castelán.

O futuro da edición en galego, polo tanto, deberá facer fronte a retos e problemas complexos: a influencia das novas tecnoloxías dixitais que transfiren a responsabilidade do editor do soporte ao contido; á crise provocada pola súa gran dependencia dun mercado escolar que inevitablemente diminúe e deberá afrontar unha nova reforma educativa na que a lectura e a biblioteca escolar deben converterse en eixos; á inflacción de títulos de rotación veloz nas mesas de novidades dunha rede libreira que diminúe o seu número de puntos de venda, a súa presenza sobre o territorio e o seu carácter de fondos de cultura; aos baixos índices de lectura e de dotación bibliotecaria pública; ou á escasa presenza do libro e da literatura galega traducidos a outros sistemas editoriais.

Diante destes retos, entendo que a aposta de futuro dos editores galegos ha de ser a da calidade, a da intelixencia e a do esforzo. Editar, seguramente, menos títulos, mais de maior calidade e excelencia literaria. Os editores galegos temos novas oportunidades se asumimos sen complexos o discurso da diversidade das identidades e na medida que saibamos compartilo en ámbitos máis amplos, máis abertos e solidarios.

Diante do reto das novas tecnoloxías e da globalización para os editores galegos non caben máis receitas: imaxinación e creatividade para reforzar o noso mercado do libro cara o interior e proxectalo cara o exterior, para o que precisamos unha institución pública, como o proposto Instituto Rosalía de Castro, que aglutine nunha estratexia de país todas as actividades de proxección da nosa lingua, literatura e edición. Persoas creadoras e profesionais expertas da edición non faltan en Galicia. O futuro é tan prometedor coma incerto.

* **Manuel Bragado** é director de Edicións Xerais de Galicia

VOZES DO DESERTO, de Nélida Piñon

O universo do femenino e da imaginaçom em Vozes do Deserto

A literatura brasileira ainda continua a ser pouco conhecida na Galiza e em geral no conjunto do Estado, com raras excepçons. É este o caso de Nélida Piñon; cuja presença freqüente entre nós facilita o acesso e a divulgaçom da sua obra. Através das suas intervençons na imprensa, de conferências e de outros actos de que participa quando nos visita temos o privilégio de aceder a determinadas tomadas de posiçom desta autora de ascendência galega. Assim, em finais do ano 2004 saiu na Galiza - na Candeira Editora- o seu último romance, no original. Trata-se de *Vozes no deserto*, umha metáfora sobre a própria arte de narrar através da figura de Scherezade.

O destaque conseguido por Nélida nos últimos anos a nível internacional, sobretodo através de prémios como os da Associação Paulista de Críticos de Arte, o Golfinho de Ouro ao conjunto da sua obra, o Juan Rulfo –de enorme prestígio na América Latina-, os doutoramentos honoris causa (entre eles o da Universidade de Santiago de Compostela) e, recentemente, o Premio Príncipe de Asturias das Letras colocam a autora brasileira numha posiçom central no ámbito internacional que repercute na posiçom que ocupa no campo literário brasileiro. Desde hai algúns anos, Nélida Piñon arrasta o seu elevado capital simbólico do campo literário para outros campos, nomeadamente para o cultural e para o espaço social, sendo solicitada cada vez mais para participar de eventos sociais e culturais.

Desde meados dos anos oitenta no Brasil, e a partir da década de 90 também no exterior –sobretodo na França, na Galiza e no resto do Estado- Nélida deixou de ser unicamente umha conhecida para os seus pares de ofício, umha escritora com vários livros publicados que poucas pessoas liam para passar a ser conhecida de um público maior. Nom se trata, no entanto, da 'equivalente em mulher de Jorge Amado'; para já porque as escolhas repertoriais e as tomadas de posiçom de umha e outro fôrom/som mui diferentes. Se dele se dizia nos mercados europeus e norte-americanos que era o *brazilian writer*, Nélida nom ocupa essa posiçom. Os seus textos, entre nós, conhecem-se sobretodo polo papel que os emigrantes galegos tivêrom na construçom do seu romance *A República dos Sonhos* (1984) e polo facto de ela própria ter família galega (pai e os quatro avós) e polas amizades que a unem à nossa terra. Os prémios e os louvores por ela conseguidos nos últimos anos projectárom sobre a escritora carioca umha marca de 'galeguidade' que de algum modo fijo com que fora considerada também 'nossa'; num fenómeno de *apropriaçom simbólica* em que alguns agentes do sistema entendem que pode projectar parte desse capital simbólico sobre o sistema literário galego e, em certo modo, contribuir para legitimá-lo.

Nesta conquista de umha posiçom cada vez mais central no sistema literário brasileiro foi importante, entre outros, o facto de a escritora ter sido a primeira presidenta da Academia Brasileira de Letras (ABL), justamente no ano do seu centenário (1997). Nélida, académica desde o ano 1990, foi a quarta mulher[2] em ocupar este posto na instituiçom fundada em 1897 e que até 1977 impedira a entrada das mulheres entre os seus membros. A mudança operada na ABL nos finais da década de 70 foi vivida mui directamente por N. Piñon como por outras escritoras que nesses momentos procuravam umha posiçom afastada das periferias do campo literário ou simplesmente poder entrar nele. Era o caso de Maria Alice Barroso, Patricia Bins, Sônia Coutinho, Zulmira Ribeiro Tavares, Edla Van Steen... e, funcionando já como modelos, Clarice Lispector e Lygia Fagundes Telles.

A luta-de-forças no campo literário brasileiro desses anos

M. Carmen Villarino Pardo[1]

I.S.S.N.: 1139-4854

levou Nélida Piñon a adoptar diversas tomadas de posiçom que a levárom a publicar livros de contos, romances, novelas, assinar manifestos contra a ditadura instalada no Brasil, actuar como cronista de jornais, ocupar postos de responsabilidade no sindicato de escritores do Rio de Janeiro... De tal modo que a jovem que entrou no campo literário em 1961 com o romance *Guia-Mapa de Gabriel Arcanjo* e que em *Madeira feita cruz* (1962) mantém escolhas repertoriais próximas da nova narrativa é a mesma que publica a antologia de contos *Tempo das frutas* (1966) e em 1969 o que –para algúns críticos- é bom exemplo da épica latino-americana, *Fundador,* com que consegue a sua primeira mençom honorífica (do Prêmio Walmap). Já na década de 70, Nélida desenvolve na sua narrativa a ideia de o corpo feminino ser a 'casa da paixom', tal e como aparece na novela de 1972 *A casa da paix*ão, Premio da Associação Paulista de Críticos de Arte.

Neste texto, assim como em determinadas cenas de *Fundador* e em crónicas suas enviadas desde Washington para a ediçom internacional de *O Cruzeiro* (a propósito de manifestaçons para a libertaçom da mulher), ou em contos dos livros *Sala de Armas* (1973) e *O calor das coisas* (1980), e mesmo no tratamento das várias personagens femininas de *A República dos Sonhos* e no texto "A intriga de Sara" em *O pão de cada dia* (1994) encontramos os ecos de umha temática feminina facilmente constatável. O mundo feminino é umha das escolhas repertoriais que mais delatam o texto nelidiano, porque essas presenças manifestam umha tomada de posiçom que, desde hai anos, revela Nélida.

Nom é estranho, pois, para quem ler o último romance desta autora encontrar umha forte presença do universo feminino. *Vozes do deserto,* o seu décimo-sexto livro, traslada-nos à Bagdá do século XV, ao mundo musulmano e coloca o/a leitor/a perante a luta de poder entre o califa e a súbdita; entre o poder político e o poder da seduçom oratória. A luta diária por continuar com vida converte Sherezade e a sua irmá Dinazarda (com ajuda da escrava Jasmine) em organizadoras de hábeis argúcias que calmam os rancores do califa e permitem a emergência dum poder submerso na mao destas mulheres; no fundo e historicamente 'das mulheres', que durante séculos nom tivêrom oportunidade de poder manifestar em primeira pessoa as suas ideias.

Através deste romance conhecemos e aproximamo-nos mais da mulher que se converte em ardilosa narradora, que alarga a geografia do califa, dosifica as intrigas e regulamenta o tempo das aventuras que transmite... para poder alargar a sua própria vida. Assim, a princesa culta e inteligente é aprendiz no ofício de amante mas revela-se como experta e hábil contadora de histórias. É heroína e nom vítima.

Os aposentos de palácio onde se conjugam coito e narraçons convertem-se no único lar para a filha do Vizir; geografia restrita para viver e, no entanto, espaço de fantasias carregadas de erotismo e sensualidade para - sem mais limites que os da imaginaçom- contagiar e alimentar a volúpia do califa mais do que com os próprios encontros carnais a que cada noite tem que entregar-se.

Sherezade fabulava sobre o quotidiano, a partir das aprendizagens de Fátima –a sua ama de companhia- e das visitas que com ela fazia ao bazar, o lugar a onde chegavam as diferentes vozes do reino, também 'vozes do deserto', e com elas as mercadorias, os ruídos, os odores, os rostos e as aventuras. Com estes ingredientes que transforma em seduçom, a jovem Sherezade conquista a curiosidade do ditador que, por vingança, pretende matar cada noite umha donzela. As *mil e umha noites* de Sherezade ao lado do califa representam umha poupança de outras tantas vidas no reino; simbolicamente, toda umha história de submissom por motivos mui diferentes e arraigados nas diferentes tradiçons que a própria escritora Nélida Piñon já trabalhou noutros textos.

A voz submersa durante séculos, a memória transmitida oralmente aos filhos e a consciência de um papel poucas vezes protagonista no decorrer da história 'oficial' fai com que aqueles que convertem a mulher em sujeito sejam cúmplices dumha desligitimaçom do silêncio de tantos anos. N. Piñon, sem adoptar etiquetas, é umha dessas escritoras que resgata histórias para, como algum crítico indicou, converter-se numha 'moderna Sherezade'. Ela fai-no através do texto impresso e do ofício de escritora a que tanto esforço dedica, nom só como profissional a nível individual mas também como defensora dos direitos do ofício e daqueles que o exercem.



Neste novo texto pretende resgatar vozes que chegam da Bagdá de Seiscentos; noutros, as de umha mulher só que espera a chegada do companheiro quando ele quer e como quer ("Ave de paraíso", "Colheita") ou a de quem, apesar de todas as dúvidas e reclames, aceita a sua condiçom de mulher casada em "I love my husband"; noutros casos -como *A República dos Sonhos*- um leque diverso de possibilidades que mostram umha filha rebelde (Esperança) que é também mai solteira e o conflito de educar a sua filha num regime de ditadura patriarcal e política, em contraste com umha mai que representa os valores tradicionais (Eulália), umha irmá que serve para emparentar a família de imigrantes com a aristocracia local (Antônia), umha filha que abre novos horizontes ao converter-se em escritora (Breta) e umha acompanhante familiar que é praticamente a mesma escrava que, por lei, já nom existe no Brasil do século XX.

O universo feminino é amplo e adopta diferentes modalidades nas combinaçons repertoriais que a autora estabelece, como vemos, nos diferentes textos. De algum modo está presente a veia existencialista que marcou os textos de Clarice Lispector, mas Nélida fica menos na circularidade de pensamento em que vivem as personagens da autora de *Laços de família* e trabalha mais com os ecos vindos de tradiçons e de vivências. Conta as histórias de Sherezade e convida-nos ou arrasta-nos através da seduçom da narrativa (que convida a ler e reler, a ouvir e voltar a ouvir) a entender o pensamento da moça que, com aparente frialdade, se entrega cada noite e voluntariamente aos desejos do califa.

Nélida é ousada no tratamento destas histórias no feminino e sobre o feminino; e boa mostra som a novela *A casa da paixão*

(1972) e este *Vozes do deserto.* Neste último, a seduçom está presente nas armadilhas narrativas da autora mas também no léxico que escolhe, nas imagens que desenha e nas personagens que (re)constrói. De tal modo que, apesar de conhecermos as histórias de Sherezade, somos capazes de deixar-nos levar polo novelo sedutor desta tecedora de histórias, que cada dia renova porque, como a Sara bíblica que Piñon recriou noutro texto, o sorriso clandestino que está por trás das suas narraçons converte-se num dos elementos mais importantes da intriga; e trás os véus que cobrem a narradora ou que a separam das testemunhas que a observam estamos nós, leitores e leitoras *voyeuristas* que buscamos –talvez como o califa- descobrir muitas outras facetas.

Sete anos passárom desde a publicaçom do seu anterior romance *Tebas do meu coração* - com excepçom de *A roda do vento*, infanto-juvenil. Nesse tempo encontrámos mais a figura da intelectual do que a da escritora propriamente dita. No entanto, trás os livros de Fragmentos, de Contos e de Crónicas que medeiam entre aquele romance de 1987 e este de 2004 encontramos umha Nélida, escritora e intelectual, que mereceu por este último trabalho um dos trofeus mais prestigiados no sistema literário brasileiro: o 'Prêmio Jabuti 2005' e o 'Prêmio ao melhor romance brasileiro de 2005'.

Parece ano de prémios para Nélida e, com eles, ano ou período de balanço. Umha operaçom esta, que a autora fai com freqüência desde meados dos anos 90 e a que assistimos em numerosas entrevistas, com a precauçom devida de nom caermos no que o sociólogo francês P. Bourdieu denomina de 'ilusom biográfica'.

A sua dilatada trajectória literária permite-nos viajar à literatura brasileira de hoje, e com ela visitar a obra de Machado de Assis, fundador da ABL e escritor que admira muito nas suas facetas de contista, cronista e romancista; mas também poderíamos parar na obra de Guimarães Rosa, que, com Clarice Lispector –amiga pessoal e referente da obra nelidiana-, Osman Lins e a própria N. Piñon se convertêrom (a diferentes níveis) em renovadores da linguagem narrativa do século XX brasileiro; ou a de Maria Alice Barroso e Lygia Fagundes Telles, mulheres impulsionadoras da narrativa de autoria feminina, e a obra de Murilo Rubião na linha do real maravilhoso no Brasil... Nom falamos de tendências, nem de geraçons, nem de escolas; mas si de diferentes tomadas de posiçom que colocam a trajectória de Nélida e a doutros colegas de ofício no reclame metafórico que também evoca o título "vozes do deserto".

As mil e umha noites de Sherezade também podem ser as da literatura brasileira, sobrevivente a um 'boom latinoamericano' que nom incluiu os seus escritores e com umha presença ainda tímida nos mercados internacionais, mas que começa a ter voz própria sem ter que vir carregada de um 'baul de exóticos' como algum editor europeu procurou nos anos 70.

M. Carmen Villarino Pardo.
Univ. de Santiago de Compostela-Grupo Galabra

NOTAS

(1) Professora Titular de Literatura Brasileira na Univ. de Santiago de Compostela. Autora, entre outros trabalhos, da Tese de Doutoramento *Aproximação à obra de Nélida Piñon. A trajectória de Nélida Piñon no sistema literário brasileiro da segunda metade do século XX*, CD-Rom, Univ. de Santiago de Compostela, 2000.

(2) Rachel de Queiroz, Dinah Silveira de Queiros, Lygia Fagundes Telles e Nélida Piñon, por essa ordem de ingresso na Academia.

RAFAEL LLUIS NINYOLES, *IDIOMA E PODER SOCIAL*

De todos os posíbeis modos de facermos e de construírmos o país, existe un, o do ámbito da cultura, da investigación e da divulgación, que debe, ao noso ver, ser preferentemente ponderado. Nesta dimensión, non cabe dúbida de que as traducións doutras linguas para a nosa constitúen unhas das accións máis transcendentes a este respecto, non só por facilitaren que poidamos ter acceso a diferentes obras e distintas realidades culturais, mais tamén por empregaren o galego como vehículo normal de comunicación. É por este motivo que celebramos que un clásico da sociolingüística, como o traballo de Rafael L. Ninyoles *Idioma e poder social*, poida ser lido no noso idioma, e é tamén debido a esta circunstancia que damos os máis sinceros parabéns aos responsábeis da tradución, María Pilar García Negro e Antonio Molexón Domínguez, polo magnífico labor de adaptación ao galego. Non comezan aquí as relacións do investigador valenciano co país, pois remontan, como sinala García Negro no "Limiar", a anos atrás, ben como conferencista, como relator de congresos etc. Á volta destes vínculos, tamén non está de máis lembrarmos que non é a primeira vez que Ninyoles pode ser lido na lingua propia da Galiza, xa que



contamos coa *Estructura social e política lingüística*, versión galega publicada en 1991 e realizada por Xermán García Cancela (Ninyoles 1991).

Voltando ao texto que nos ocupa, e aínda se tratando dunha referencia fundamental na (socio)lingüística moderna, a obra, que foi editada pola dinámica editora Laiovento, viña circulando dun xeito certamente irregular entre as pesoas interesadas na materia ou, cando menos, viña sendo coñecida dun modo deficiente por ese eventual público, pois desde a súa edición orixinal en español no ano 1972 o recurso da fotocopia ou do resumo tornouse no seu medio de difusión máis habitual, como indica García Negro:

> *É, para nós, unha grande alegría poder contar, para o curso 2005-2006, coa edición en galego de obra tan recomendada e tan oferecida aos nosos estudantes en fotocopia ou en resumos orais, formatos nada edificantes, mais forzosos cando non se conta co libro en galego nen sequer co orixinal en español, hai moito tempo esgotado e, mesmo, inexistente por desaparecemento da editora española (p. 14).*

A presente tradución para o galego soluciona, por tanto, esas flutuantes vías transmisoras e cobre así un necesario baleiro que se facía notar precisamente debido a eses medios de transmisión. Como é sabido, *Idioma e poder social* fundaméntase, mais non só, na situación sociolingüística de Valencia, isto é, no catalán empregado neses territorios, embora a capacidade de análise que se verifica no texto e os presupostos teóricos adoptados resulten válidos, na maior parte dos casos, para o caso galego. E, aínda que ambos os contextos presentan notábeis diferenzas entre si, non se pode obviar que o confronto das dúas realidades vai facilitar o aparecemento de

agudas apreciacións e reflexións para a Galiza, totalmente en vixencia a pesar dos máis de trinta anos transcorridos: pénsese, a modo de exemplo, nas relacións entre catalán e valenciano (presentemente dúas linguas *por decreto*) co español como idioma imposto e compárense co galego e co portugués, tamén co castelán como instrumento de alienación entre nós.

Outrosí, non resulta unha tarefa doada recensionarmos un clásico coñecido e estudado, máxime a termos en conta que unha notábel parte do que Ninyoles expón en *Idioma e poder social* foi asumida por non poucas obras posteriores, chegando mesmo a popularizaren moitas das nocións e conclusións que alí figuran. Quereriamos, no entanto, focar o noso interese para estas páxinas da *Festa da palabra silenciada* á volta do uso da lingua por parte do universo feminino ou, dito doutra maneira, facermos albo nas características que condicionan a utilización da linguaxe por parte das mulleres. Ninyoles (2005: 83) sinala que estas levan sido "vítimas de toda clase de adscricións imaxinarias", o que implica pautas conscientes de sublimación compensatoria incapaces de inverteren o seu estatus, ou procesos de idealización impericulosa ou até a falacia dun remorso inoperante, que transparecen, aliás, en determinados trazos canto ao emprego da lingua por parte do colectivo feminino.

Dicíamos máis arriba que a actualidade da obra do lingüista valenciano é digna de nota mesmo cando transcorreron máis de tres décadas, mais, tamén na época actual, continúan a vigorar algunhas pautas de comportamento lingüístico verificadas en razón do sexo. Así, deixando de parte sociedades tradicionalmente consideradas exóticas polo mundo occidental, como as que sinala Hudson (1981: 132) relativamente a algunhas sociedades amerindias (en que parece haber, de feito, unha moito acusada diferenciación de elementos lingüísticos entre mulleres e homes nas formas verbais, nos xéneros dos nomes etc.), danse algunhas tendencias nos fenómenos de variacionismo lingüístico nas comunidades occidentais. Como resulta lóxico deducirmos, tales usos obedecen a factores socioculturais antes que a unha distinción real orixinada pola fisioloxía e, dentro deses factores, poderían ser salientados, poñamos por caso, os seguintes:

1. Asimilación ao estándar ou á variedade de prestixio. *O mundo laboral estivo restrinxido até á nosa época case exclusivamente aos homes, ao paso que as mulleres tiñan de se dedicar a outras responsabilidades 'mais propias da súa condición'. Aqueles son valorizados polo que* fan *e estas, en oposición, polo que* son *(Wardhaugh, 1992: 232) e a fala se converte nunha das primeiras evidencias do que se é; subsecuentemente, parece mudar máis a linguaxe considerada rústica ou vulgar entre as mulleres do que entre o xénero masculino, orientándose para variedades, pronuncias ou sotaques que se consideran máis*

prestixiosos, pois os homes non senten tanta necesidade de seren mellor considerados polo resto dos membros da comunidade (o seu traballo xa os dignifica). Isto tamén transparece, en termos xerais, na menor presenza dos palabróns nas variedades lingüísticas utilizadas polas mulleres, pois a marca do indecoroso, do inapropiado, do soez ou daquilo que puider desafinar no concerto da lingua é sentida máis evidente e, por conseguinte, máis criticábel no caso do colectivo feminino.

2. Mudanza de código. *O extremo desta asimilación pode inclusivemente atinxir, nos territorios en que conviviren máis dunha lingua en situación de diglosia, a adopción daquela que se considerar de maior estatus do punto de vista sociolóxico, como ten acontecido entre o húngaro e o alemán en Oberwart, Áustria, conforme ten estudado Gal (1979), ou como ten tamén acontecido nalguns estratos da sociedade galega, en que coexisten en conflito o español e o galego; non resulta raro acharmos parellas heterosexuais en que é a nai a que adoita falarlles en español aos fillos ou ás fillas, ao paso que o pai non sente esa necesidade na mesma medida. Neste sentido, a interrelación entre lingua dominada e muller face a lingua dominante e home fica moito ben sintetizada en García Negro (1993: 78), que apunta para o primeiro binomio os seguintes trazos: natureza, infancia, sentimento, vida privada, usos primarios, enaltecemento compensatorio e discriminación efectiva; no entanto, para o segundo par, sinala os contrarios: civilización, vida adulta, racionalidade, vida pública, usos secundarios, práctica necesaria e hexemonía social.*

3. Diferenciación acentuada da variedade de prestixio. *Os puntos (1) e (2) só teñen lugar, segundo Labov (1981: 184), en sociedades en que a muller ten ou comeza a ter un papel máis destacado nas relacións sociais e na estrutura laboral, pois estudos desenvolvidos nalgunhas rexións, como en certas zonas da India, evidencian a tendencia contraria, isto é, a súa linguaxe fica máis afastada da variedade mellor considerada socialmente precisamente por as mullres non teren posibilidade ningunha de ultrapasaren os ámbitos a que tradicionalmente ficaran adscritas. Aquí resulta revelador comprobarmos como os índices de escolarización detectados na Galiza tradicional coincidían cos máis baixos se se trataba de mulleres: Saavedra (1992: 229), por exemplo, expón nun mapa como á volta de 1860 a maior parte dos municipios galegos coñecía unha cifra arredor de menos do 3% para os casos de fillas que podían acudir ás escolas.*



Como síntese final, pensemos por un momento en termos de idioma e de poder social, tal como se intitula a obra de Rafael Lluís Ninyoles, e procuremos respostas, aliás moito doadas de as acharmos, a cuestións como as seguintes:

que lingua ou variedade lingüística ten o universo feminino, e non só, como marca de prestixio na sociedade galega? Que outro idioma se acha no pólo contrario e protagoniza pasivamente a mudanza de código para a lingua considerada mellor vista? Como costuman ser as pautas de comportamento lingüístico na Galiza até na nosa época? Que grupo social, o dos homes ou o das mulleres, tivo máis necesidade de mudar de lingua? En que medida ten influído a secular marxinalización da muller na súa toma de decisións a respecto do mantemento ou mudanza de código no noso país? A explicación ás respostas que empregariamos para respondermos a estas preguntas e a outras moitas susceptíbeis de seren formuladas ben a podemos encontrar ao longo das páxinas de *Idioma e poder social*.

Por este motivo, e aínda por outros que xa foron parcialmente aflorados nestas apresadas palabras (o feito de se tratar dun clásico traducido para o galego, a circunstancia de poderen ser comparábeis e aplicados non poucos dos conceptos e das reflexións que figuran na obra ao caso da Galiza, o valor que ten como obra asaz consultada mais deficientemente transmitida por motivos editoriais etc.), non podemos facer cousa que non sexa, máis unha vez, darmos os parabéns aos dous tradutores, María Pilar García Negro e Antonio Molexón Domínguez polo magnífico traballo de versionaren e adaptaren o orixinal ao galego. Tamén non podemos deixar de ampliar esta parabenización á empresa editora, Laiovento, verdadeiro referente na renovación do pensamento, dos modelos culturais e da investigación no noso país. Como afirma a profesora Souto (1996: 19), "ao tradutor tampouco é permitido desentender-se da dimensom pragmática do seu trabalho", pois o texto "que ele escreve destina-se a um público concreto sobre o qual se procura, com esse texto, causar um determinado efeito". E non temos a menor dúbida de que este "determinado efeito", que é aprendermos e reflectirmos en termos de lingüística social sobre a nación en que vivimos, vai materializarse entre nós, galegas e galegos, grazas ao labor dos tradutores e á oportunidade de saír do prelo nesa editora.

Tradución: *María Pilar García Negro e Antonio Molexón Domínguez*. Santiago de Compostela, Laiovento, 2005

REFERENCIAS BIBIOGRÁFICAS

Gal, S. (1979): *Language Shift: Social Determinants of Linguistic Change in Bilingula Austria* (Nova Iorque: Academic Press).

García Negro, M. P. (1993): *Sempre en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Hudson, R. A. (1981): *La sociolingüística* (Barcelona: Anagrama).

Labov, W. (1981): "What can be learned about change in progress from synchronic description?", in Sanoff, D. / Cedergren, H. (eds.): *Variation Omnibus* (Edmonton: Research Linguistic Inc.)

Ninyoles, R. L. (1991): *Estructura social e política lingüística*. Tradución de Xermán García Cancela (Vigo: Ir Indo).

Ninyoles, R. L. (2005): *Idioma e poder social*. Tradución de María Pilar García Negro e Antonio Molexón *Domínguez* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Saavedra, P. (1992): *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Souto, E. (1996): *Traduçom e ensino lingüístico* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Wardhaugh, R. (1992): *Introducción á sociolingüística* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

HERBA MOURA, de Teresa Moure

A tan manida declaración de Lúkacs a propósito da novela do XIX, considerándoa a "epopea da burguesía" debe ser, como xa o vai sendo, revisada e actualizada. En primeiro lugar á hora de entendermos que é o "epos", isto é, a esencia da épica, e, en segundo lugar, porque a vida burguesa hai xa moito tempo que deixou de ser merecedora do atributo. No primeiro dos casos, se entendemos o "epos" simplemente no seu sentido de memorable e exemplar, conxunto de acontecementos memorables acaecidos a un personaxe exemplar, daquela compartiremos a idea de que, cando menos, hai aínda algunhas novelas posibles. Aínda acontecen cousas memorables e, por suposto, aínda hai moitísima xente exemplar, seres que, tanto polas súas cualidades como polos seus defectos, poden e deben ser tomados como exemplo. No segundo dos casos, e na medida en que a cultura de masas vai "globalizando" o planeta, como unha forza centrípeta tendente á unificación, xorde unha forza centrífuga destinada á procura da singularidade, do diferente, do específico fronte ao xenérico.

O memorable é, por tanto, o singular e, neste sentido, a loita ou o litixio entre o individuo e a sociedade perduran como modelos do "epos", por máis que non sempre o singular adquira a categoría de exemplar.

Mais tamén é certo que a ficción, en tanto que falso significado do texto literario, formado en realidade de significantes que adquiren as formas de tempos, espazos, funcións narrativas, tramas, actantes, etc., adquiriu ao longo do século precedente unha formulación retórica, de maneira que a constatación da existencia desas estruturas narrativas trouxo consigo tamén a súa inadecuación práctica, o seu maneirismo.

Eses son, ao meu ver, os problemas da novela actual. Qué e quén merecen ser contados e cómo dotar a esa narración dun mecanismo interno que se desfaga das formulacións retóricas e nos reencontre coa ficción en estado puro. Esta pureza da ficción, como a da auga, como a do aire, merece ser tida en consideración, en tanto que síntoma dos novos tempos e, en gran medida, separaría a literatura (chamémoslle) industrial, produto téxtil, máis que textual, feito para o consumo, da literatura de coñecemento, da literatura de engrandecemento, de procura de respostas, de formulación de preguntas. A literatura como contaminación, como ruído, fronte á literatura como aire puro, como auga fresca.

Pois ben, sentados os eixos de polarizacións semánticas entre os que devala a narrativa contemporánea (memorable-non memorable, exemplar-non exemplar, espefícifo-xenérico, retórico-non retórico, coñecemento-consumo), cabe situar as propostas de calquera texto novelesco como un electrón que se move entre os diferentes focos de atracción e repulsión da súa enerxía. E velaí que *Herba Moura,* a novela de Teresa Moure publicada por Xerais, e gañadora do premio de novela da Editorial no ano 2005, adquire un posicionamento sintomático que cómpre analizar. Posicionamento no que cómpre encontrar os síntomas do seu xénero, da súa clase, da súa nación, da súa época.

En primeiro lugar, o memorable, en tanto que histórico (e non esquezamos a frase de Nietzsche sinalando a Historia como a caixa do esquecemento, na medida en que a Historia sinala máis o que debe ser esquecido que o que debe ser lembrado), permite ser reformulado a día de hoxe en tanto que reparación dos erros e dos agravios históricos, entre eles claro está, o de miles e miles de mulleres esquecidas, desenfocadas, desmaquilladas, perturbadas por unha concepción do memorable que as separaba do centro da imaxe,

lateralizándoas ou, simplemente, borrándoas. Claro está que a Historia, en tanto que relato, ben diferente daquel "ser como devir", inatinxible e, sobre todo, non verbalizable, é, claramente, un discurso ideolóxico. Daquela o relato da Historia pode facerse, malia a súa obriga de obxectividade, desde diferentes perspectivas, con diferentes cámaras, iluminacións, efectos especiais, personaxes secundarios e, tamén, principais. E por aí que se abre unha nesga, unha fírgoa, como diría Manuel Luís Acuña, que nos permite colocar no centro do discurso a muller, a muller quintaesenciada, a muller por antonomasia, esa muller que, como dicía Lacan (*la fémme n'existe pas*), non existe pero que si é un constructo cultural e, por tanto, ideolóxico. E velaí Teresa Moure e as súas mulleres exemplares, as súas mulleres épicas.

O relato da muller convértese, por tanto, nunha das epopeas contemporáneas. A súa loita actualiza as guerras de Troia e as viaxes de esforzados navegantes. A súa Itaca convértese nunha reconstrución de si mesma, máis alá do xénero, en tanto que ser humano, na igualdade, na xustiza, na pluralidade marabillosa do mundo.

Falemos, por tanto, de mulleres. Esa podería ser unha consigna. E falemos, tamén, de homes, mais outorgándolles un papel que cómpre redifinir, unha posición que, en calquera caso, non debe ser nin central nin todo o contrario.

Neste sentido resulta de enorme interese a figura de Descartes, o grande filósofo, o vello racionalista enfermo e decadente, o falo non erecto. A elección (erección) deste Descartes consumido resulta, ao meu ver, sintomática. En primeiro lugar, como símbolo dun tempo e dun modelo de pensamento; en segundo lugar, porque á súa beira, asoman mulleres con idéntica fame de saber.

A posible relación erótica entre a Raíña de Suecia e o filósofo non ten lugar. Pola contra, Descartes falece. O seu óbito resulta, daquela, de todo punto sintomático.

Se a figura do heroe errante é, como dicía Norman Brown, fálica e erecta, metáfora do propio espermatozoide errante á procura da súa consunción no orgasmo da fecundación, daquela qué será da heroína errante. Digamos que a muller errante non está animada por idéntico afán de conquista. Don Juan, en tanto que mito especificamente feminino, non ten parangón masculino. A novela de



cabalerías, a novela de vaqueiros, a novela de detectives (malia *Ten o seu punto a fresca rosa* de María Xosé Queizán), xorden especificamente connotadas polo xénero, coa competencia suposta de ilustrarnos por completo sobre como debe ser un home e unha muller.

Xorde aquí a pregunta de cómo ficcionalizar a muller partindo dun código ficcional construído polos homes. Elaborando outros códigos. Formulando novas propostas.

Cabería preguntarse daquela se a novela feminista só pode ser novela de vangarda ou, cando menos, novela de experimentación. E entendamos aquí a vangarda non tanto no sentido do seu modo de escrita (e *Herba Moura* sitúase a medio camiño entre unha linguaxe convencional e unha linguaxe experimental) como no sentido de formular novas rotas, novos camiños, que a afasten do deterioro en que caeu o discurso narrativo predominante (novela negra, novela rosa, ciencia-ficción...) e a integren nun discurso novidoso que, en *Herba Moura*, encontra o método da análise, da autoanálise, da descrición pormenorizada, das receitas de cociña, dos poemas intercalados, dos epistolarios...

Mais cómo fuxir dunha novela que sexa mera galería de mulleres memorables. Deixando que a ideoloxía fique no latente. Evitando, por tanto, o explícito, convertendo a mensaxe en subliminal. Porque a ideoloxía, como sinalaba Althusser, nunca di que é ideoloxía. E o lector (a lectora) quere ler sen ser adoutrinado, sen ser obxecto de proselitismo.

Herba Moura preséntasenos, neste sentido, como unha novela de enorme sensibilidade. Non son precisos os alardes de convicción da autora, e os segmentos de discurso doutrinal, cando aparecen, fano a través do discurso das protagonistas da historia, mesmo de xeito irónico, formulándose máis como interrogantes que como afirmacións.

Hai ademais outra polaridade sobre a que convén reparar. Aquela que se establece entre as dúas protagonistas femininas: a raíña de Suecia e a amante de Descartes. Mentres a primeira é a Razón, con maiúsculas, a segunda é o equilibrio entre racionalismo e irracionalismo. O triunfo desta última vertébrase arredor da desaristocratización da raíña, a súa renuncia ao cargo, o achegamento a Amsterdam, a introdución no mundo material e familiar da muller humilde, a posterior relación epistolar. Neste sentido ambas as dúas maniféstanse como ideoloxemas, como resolucións imaxinarias dunha contraposición real. Razón e intuición, consciencia e inconsciencia, xúntanse para propór un modelo de "indecidible", no sentido derridiano, que vai máis alá da historia convencional das tensións evolutivas da filosofía occidental. Todo está por facer. Temos razón e temos intuición. As dúas nos desvelan pero tamén nos enganan. Empreguémolas con intensidade, pero con tino.

No fondo, mesmo disposto a modo de suxerencia, o tema dunha epistemoloxía feminina, dun modo peculiar de achegamento ao saber.

Lida con entusiasmo indisimulable nas primeiras duascentas páxinas, a novela de Teresa Moure confírmanos unha vontade semiótica que pode levala a construír aínda textos de maior densidade tanto estética como conceptual e que semella coñecer cales son as preguntas sobre as que escribir, o inventario das nosas dúbidas, o almacén da nosa exitación, unha vez que carecemos en moitos casos de respostas. Unha escrita da dúbida e da interrogación que, con todo, parte das certezas dun mundo que podería ser ben distinto. Certezas que forman parte da súa estratexia non discursiva, do seu preámbulo non ficcional.

A PALABRA DAS FILLAS DE EVA, de Teresa Moure

Unha nova escola de pensamento alternativo nace na Galiza da man de Teresa Moure.

Coma unha nova filosofía galega, a obra de Moure está chamada a ocupar un espazo baleiro no pensamento feito dende a Galiza. Deixando a un lado a forma de coñecemento establecida, imposta, masculina, e xerando, propoñendo un saber que non se quere fechar nas fronteiras do coñecemento que se constitúe coma lexítimo en Occidente; o científico creado ao servizo do mundo capitalista.

A obra de Teresa Moure non é só do mundo da literatura, a súa escrita é coñecemento e sentimento. Reivindicado a tenrura, o saber consolar, o saber coidar o patrimonio da subcultura feminina. Neste sentido rompe as barreiras dos límites entre as disciplinas sen deixarse enclaustrar nin na literatura, nin na socioloxía, nin na historia, nin na antropoloxía, nin na filosofía, nin na lingüística.

Fronte aos posicionamentos clásicos da sociolingüística que situan a linguaxe coma un reflexo da estrutura social, Teresa Moure proponnos outra ollada: Entender a linguaxe coma formadora da estrctura social. Para Teresa Moure a linguaxe vén imposta e socializanos nuns valores. Neste senso, a formación dos roles de xénero é a característica da linguaxe dominación máis transversal, onde se establece en calquera estrato social o masculino coma o científico, racional fronte ao feminino sentimental, paixonal.

O importante para ser contado é a vida do masculino, a usurpadora dominación masculina deixa ás mulleres sen fala. O discurso masculino chámase racional, equilibrado, científico, non atende aos sentidos. Teresa Moure móstranos que se son os homes os que constrúen as categorías, os valores da nosa sociedade, eles son tamén os posuídores do discurso público.

Hai que deixar ben claro que no ensaio de Teresa Moure e na súa obra en xeral, no seu pensamento, non se enfronta o masculino ao feminino. A obra de Teresa Moure é unha reivindicación da subcultura feminina sen caer en dualismos architópicos. Fainos reflexionar, repensar o mundo propoñendo unha liberación de homes e mulleres. A revalorización da linguaxe feminina entre outras cousas pode permitirlle aos homes gozar dos seus sentimentos máis íntimos, dun discurso que valore a tenrura, o afecto. Tamén é importante salientar a inexistencia do rexeitamento ao saber científico e racional, máis ben a explicación das limitacións destes saberes, a visualización doutros paradigmas e a invención do camiño propio para a construción dun mundo novo, dun mundo posibel. A linguaxe alternativa ten a chave para a creación doutro mundo posibel, utilicémola.

Coda:

O que ben a transmitirnos Teresa Moure no seu ensaio apoteósico é que a linguaxe se constitúe coma formadora do feito social, se somos conscientes disto, podemos entón conseguir mudar a linguaxe facendo visíbeis outras palabras, a palabra das esquecidas, dos marxinados, construíndo un mundo novo baixo uns paradigmas distintos aos establecidos pola linguaxe masculina *totalizadora, maximizada.*

O libro de Teresa Moure *A palabra das fillas de Eva* é unha chamada a rebelión trala toma de consciencia de que os modelos nos veñen dados, establecidos, prefixados sen a participación das mulleres. A obra de Teresa Moure en xeral reflicte un compromiso ético contra as desigualdades e pola diferenza, pola diversidade.

OS MELES CONXUGAIS para Pardo, Blasco, Blixen e Yourcenar

"Os meles conxugais" condúcese como un xogo especulativo sobre a literatura e os seus contidos conceptuais. Para esta indagación foron seleccionados varios contos naturalistas (finais do XIX) e outros contemporáneos: *Noche de bodas* (1893) de Vicente Blasco Ibáñez; *O encaixe roto* (1898) que pertence a unha época de superación do naturalismo de Emilia Pardo Bazán, o conto simbolista *A páxina en branco* (1957) de Karen Blixen e *A primeira noite (1993)* de Marguerite Yourcenar.

A introducción destes últimos contos, de escritoras contemporáneas, pretende compoñer desde tendencias estéticas ou literarias opostas, un campo semántico común, corroborado por un punto de encontro narrativo a través do sutil *Encaixe roto* de Pardo Bazán.

Quedan pois reflectidas antagónicas concepcións vitais e distantes gustos estéticos segundo a concepción intelectual da pluma que escribe pero tamén en diferentes modalidades construtivas, rexistros narrativos e voces.

O tema compartido polos contos é a cerimonia nupcial e todas as circunstancias que preceden e prolongan ese paso decisivo para as mulleres e que estará en función da contorna cultural e da clase social á que pertencen.

Todo o periplo cultural e político de Emilia Pardo Bazán (1851-1921)estivo guiado polo seu compromiso no campo da formación da muller. A denuncia da infraeducación feminina arrinca desde os primeiros textos, ensaios, novelas ou ponencias para congresos. Tamén nos seus artigos da *Mujer española* denuncia a escasa relevancia que os políticos lle conceden á educación feminina, escollo insalvable cara a unha igualdade de dereitos entre os sexos.

A desigualdade e a incomprensión entre os cónxuxes parece ser o detonante do fracaso matrimonial na parella de *Un viaje de novios* (1881).

O conto de ***O encaixe roto*** *-Contos de Amor (1898)-* tracexa esta perturbadora dualidade entre os desexos e os convencionalismos sociais, cunha mestría insólita. Nesta mesma orde ideolóxica situaríase o perturbador conto de Margarite Yourcenar titulado *A primeira noite,* que ispe cunha muda reflexión dos personaxes -en estilo indirecto libre- a unión de seres irreconciliables.

Nesta filigrana narrativa, Pardo Bazán adéntrase no postnaturalismo, tendencia na que se instala a autora a partir de 1890, e abre unha mirada sutilísima sobre as relacións entre home e muller, baseándose na recíproca consideración.

O conto está guiado por unha narradora-testemuña, nesa ambigüa relación entre unha voz narradora autorial que tanto lle gusta usar a Pardo Bazán. Trátase dunha narración dialogada, con subhistoria que transforma o esquema tradicional do conto.

Dúas mulleres dialogan encol da negativa dunha

delas, Micaelita Aránguiz, a casar. O conflito non radica neste abandono do noivo diante do altar; nin sequera no estupor de familiares e invitados polo desplante de Micaelita, senón na impotencia da noiva, que non atopa argumentos asequibles para xustificar a súa renuncia. Realmente, segundo a conciencia da época, nada xustificaría o desprezo polo matrimonio, moito menos na clase social á que pertence Micaelita. Ela explicará á súa interlocutora que o abandono do noivo no altar, non fora unha decisión doada; non dentro do seu rango, no que primaría gardar a compostura e as convencións sociais.

Pardo Bazán fai reflexionar á personaxe, e dese proceso psicolóxico devén unha conclusión ideolóxica que explica que a misoxinia é interclasista.

Micaelita, durante un encontro no balneario, explica que a causa da súa renuncia ao matrimonio fora «tan sinxela non quixen dicila». Como tampouco quixo acalar os rumores sobre a ruptura.

A clave está no encaixe, unha reliquia familiar, que o noivo cede á súa prometida para a voda. Ese mesmo día, mentres lucía o encaixe fachendosa e ilusionada, -«o seu tecido, tan fráxil e á vez tan resistente, prendía en sutís mallas os nosos corazóns»-, perante o home ante o que se ía entregar en corpo e alma, Micaelita engánchao, producíndolle unha esgazadura que lle serviu como premonición. Ao ver a cara do seu prometido de «menosprezo, ira e dureza», comprendeu que non debía casar con el.

Como no tempo de noivado o mozo mostrábase cortés, educado, suave, nada parecía indicar que debaixo desa afabilidade habería un déspota oculto. Pardo Bazán utiliza ao noivo para arremeter de cheo contra a hipocresía social: Bernardo gardou a compostura porque estaba rodeado de xente, «pero naquel instante fugaz, alzouse o telón, e detrás apareceu espida un alma». A noiva é



vítima dunha estafa, pero non pode retractarse e volverse atrás, os da súa clase nunca o entenderían; aínda así faino, e avergoña á boa sociedade, é unha rebelde. Neste punto a crítica sucédese á constatación de que esta iniciativa sería impensable nunha muller, se non fora pola súa posición social. Porque as razóns «naturais e vulgares» non abondan para que unha muller poida trocar o seu destino.

O encaixe simboliza dúas cousas segundo a recepción: para Micaelita, a perda da inocencia; para o noivo a perda da virxindade.

Ante o horror que lle producía acceder a este matrimonio -sería sen dúbida unha muller maltratada- Micaelita rompe co seu destino, ante o altar, producindo un inusual repudio do home por parte da muller, disposta a cargar coa etiqueta de solteirona o resto dos seus días.

Anque non se pode dicir que Emilia Pardo Bazán fora unha viva detractora do matrimonio, xulga con coñecemento de causa o costume patriarcal dos matrimonios pactados polas familias, como o seu propio con 16 anos. Esta ruptura metafórica do veo, desacredita a idílica vida conxugal que imaxinaba a protagonista.

Isak Dinesen (1885-1962) Publica varios volumes de contos desde o ano 1934; nunha das series tituladas *Contos de Albondocani* dos Últimos contos, *Last Tales* (1957), figura ***A páxina en branco.*** Nesta peza simbólica e didáctica réndese unha homenaxe á literatura oral de tradición feminina. Igual que no conto de Pardo, o texto está estruturado cunhas secuencias narrativas superpostas, unha voz narradora-testemuña homodiexética que, introducirá a un personaxe que a relevará como narradora principal, e relatará a lenda que dá título ao conto.

Na fábula desta segunda narradora é onde recae a súa ensinanza estético-artística da arte de contar historias, que se guiará como as súas antecesoras, polo precepto de: "cando a narradora é leal á historia, é o silencio quen fala".

Para ilustrar o anterior precepto, o personaxe relata unha lenda. A autora busca unha deliberada saída do naturalismo, primando máis a suxerencia, o simbólico, elevando o peso da connotación, fronte ao que se expresa.

Blixen desprázanos na *Páxina en branco* a un mundo inaprensible: inconcreción situacional, recorrendo ao tópico lendario da "ciudade antigua", "murallas"; a narradora é unha velliña feiticeira. Ela relata a historia dun lenzo, exposto na galería dun convento; o único lenzo inmaculado, entre outros moitos tinguidos de vermello menstrual. O lenzo impoluto pertence a unha princesa portuguesa e, a diferencia dos demais, está enmarcado sen nome.¿por que non está firmado? ¿Por que produce conmoción en quen o mira?

A páxina en branco, está tratada como un elemento polisémico, que suscita unha reflexión acerca da propia materia literaria; a falta de contido desa páxina baleira podería remitir ao proxecto (inédito) dun imaxinario xenuinamente feminino. Di a feiticeira: «Pídovos, boas xentes que vindes escoitar as miñas historias, que observedes esta páxina e recoñezades nela a sabeduría da miña avoa e de todas as mulleres narradoras.»

A rebeldía da princesa portuguesa que non ofreceu a



súa virxindade será castigada con non pasar á historia —o marco anónimo—.

A protagonista de *O encaixe roto,* tamén prefire pasar inadvertida pola historia, antes que enfrontarse á humillación.

A "princesiña" do conto rompeu outro tabú propio do seu status social, o mito sexista da virxindade, ou o que é o mesmo, un corpo fragmentado e alleo. Igual que Micaelita, que tampouco responde ás espectativas creadas e castígaselles co silencio, unha forma de crueldade como calquera outra.

Seguindo o consello da vella, «non deixes nunca de ser leal á historia» e se non podes contala, ese silencio podería ser interpretado como unha estratexia de subversión.

Blixen tamén expón o tópico romántico da dor que produce a creación, que ben describe Rosalía: «Mollo no propio sangue a dura pruma rompendo a vea hinchada e escribo» (Follas Novas,).

Noche de bodas, pertence ao volume *Cuentos valencianos* (1903) de Vicente Blasco Ibáñez (1867-1928). Con este conto de amor non correspondido, Blasco presenta un inesperado punto de vista sobre este evento conxugal. Se nos contos anteriores, o punto de referencia era a noiva, neste o protagonista é o cura da cerimonia, que debe renunciar ao seu amor, non tanto polos votos sacerdotais como pola súa orixe humilde.

Un repaso ao argumento clarificará esta idea: o párroco de Benimaclet, Visantet, estréase no oficio coa voda dunha amiga da infancia e xuventude, Toneta, de quen está namorado.

A voda desenvólvese alegre, distendida, primitiva. A igrexa, máis que un lugar de culto preséntase como un espazo de disfrute sensorial:

O cura séntese como na gloria, as flores, os coros, a multitude, todo aos seus pés. Significa o ascenso desde o terruño do mísero labrego ao privilexio do altar maior: «Ben pagaba os honores da súa clase, a elevación social sobre a miseria que naceu».

Do soño irá despertando o novo cura cando espía a parella de noivos intimando fisicamente. Visantet, a pesar do seu baño relixioso non consegue calar o seu interior primitivo, vital, o animal salvaxe que comeza a despertar dentro del. Procura reafirmarse interiormente recorrendo á súa vocación: el está por riba dese ambiente de *gañanes erizados*; el non era un home, ¡era un cura!

O retrato do proceso psicofísico do personaxe está abordado en estilo indirecto libre, moi adecuado para un diálogo interno coa súa consciencia. Non hai hipocrisía no crego, Blasco ispe de convencións os verdaderos impulsos amorosos de Visantet: «o sexo, que despertara nel para sempre como inacabable tormento,

desvanecía toda esperanza de tranquilidade».

Hipocrisía e dobre moral que inunda os demais contos e que tamén é a pedra angular de *A primera noite* de Yourcenar. A diferencia do marido de *A primera noite,* o cura de *A noite de vodas* viaxa cara ao recoñecemento da súa propia identidade. A súa compostura religiosa, recoñece, tratou de rodealo de prexuízos. O odio ás mulleres non era máis que o medo a amalas.

Na *Primeira noite,* o marido ensaia e practica a dobre moral e despreza os sentimientos, que non son propios dos homes, menos na institución matrimonial. Non busca na muller a complicidade senón o sometemento. Esta mesma intención mostrarían os esposos dos contos de Pardo Bazán e Blixen. A diferencia é que na *Primeira noite* a muller non percibe o son de alerta, o esgazamento do encaixe que salva a Micaelita dun matrimonio alienante.

No conto de Blasco, novamente o "lenzo" asoma como elemento connotativo da feminidade ligado á sensualidade de Toneta: «ao aire os seus fermosos brazos e marcada baixo o fino lenzo a súa robustez harmoniosa». Nova reflexión didáctica de Blasco que atinxe a todo ser humano: a autenticidade como medio para alcanzar a plenitude do ser humano, lonxe de dogmas particulares. Blasco debuxa a un ser patético, que chora mentres a súa nai lle prepara o almorzo. A pesar dos desexos insatisfeitos, a sinceridade con que está construído o personaxe principal fai desta *Noche de bodas* unha fábula conmovedora.

Deixando a un lado *A páxina en branco,* que enfila o territorio do abstracto e a liberdade interpretativa, en todos os contos o matrimonio figura como un *borderline,* unha fronteira, que cambiará - ou podería ter cambiado (*O encaixe roto)*- as súas vidas para sempre. Os relatos delatan a confusión do ser humano, a escasa marxe de manobra das mulleres nunha institución moi arraigada en valores arcaicos, como o matrimonio. Un destino, topicamente ilusionante que en poucas horas se vén abaixo. Entón hai que crear unha nova historia, enfrontarse valentemente a reiniciar outra páxina en branco; os tres gardan esa fermosa filosofía.

BIBLIOGRAFÍA:

BLASCO IBÁÑEZ, Vicente (1995): *Noche de bodas y otros relatos,* Madrid, Aguilar, relato corto

—: *El paraíso de las mujeres* (1978), Barcelona, Plaza y Janés, 1ª ed. 1922

—: *La voluntad de vivir* (1999), Madrid, Cátedra, 1ª edición completa, prologada por Facundo Tomás

DINESEN, Isak (1985): *Últimos cuentos*; Barcelona, Bruguera.

PARDO BAZÁN, Emilia (1998): *La cuestión palpitante,* (Edición de Estrella de Diego), Madrid, Clásicos de Biblioteca Nueva.

—: *La mujer española y otros escritos* (1999) Madrid, Edición de Guadalupe Gómez Ferrer, Ediciones Cátedra Feminismos.

—: *Obra completa (1981)* Biblioteca de Autores Gallegos, Santiago de Compostela, Edicións Sálvora.

QUEIZÁN, María Xosé, trad. (1999): Blixen, Karen; Pardo Bazán, Emilia; Perkins, Charlotte: *Fenda, locura e Morte,* Vigo, Edicións Xerais Peto, colección As literatas.

Festa da palabra silenciada (outono 1989), Monográfico dedicado a Emilia Pardo Bazán, Vigo, edita FIGA e Concello de Vigo.

NÚMEROS ANTERIORES

Rosalía de Castro
(esgotado)

Francisca Herrera
Garrido (esgotado)

Xohana Torres

Literatura infantil

Emilia Pardo Bazán

Medios de comunicación

O erotismo

Colonialismo e sexismo

Dez anos de
movemento feminista

Novísimas pintoras
galegas

Poetas Pura e Dora
Vázquez

Encontro de poetas
peninsulares e das illas

Arquitectura e urbanismo

50 anos de revolución sexual. *O segundo sexo*

15 anos de poesía feminina galega na Festa da Palabra

Abolición! A Prostitución a exame

I premio de investigación "Festa da Palabra" As traballadoras da *Artística*

O Rromipén. Cultura xitana

Solicite o seu número atrasado a domicilio, contra reembolso, cun desconto progresivo.

1 exemplar . . . . . 10 €
2 exemplares . . . . . 7 € cada unidade
3 exemplares . . . . . 5 € c/u
4 exemplares . . . . . 4 € c/u
5 ou máis exemplares. . . 3 € c/u

Nome: . . . . . .

Enderezo: . . . . . .

Cidade: . . . . . .Código: . . . . . .

Cantidade	Títulos / nºs

ÍNDICE

Editorial **3**

Ciencia e feminismo: unha perspectiva desde a filosofía **6**

Física: unha ciencia con gran presenza feminina **12**

Complementariedade sexual e futuro da especie **21**

Mario Bunge, filósofo da física **22**

Maric-Einstein ou a condición humana da Teoría da Relatividade **28**

Ione Robinson e a causa republicana **33**

As mulleres galegas expulsadas da historia **40**

Entrevista a Ana Míguez **42**

Maruja Mallo: a pintura da nova muller **45**

Os nosos artistas no exilio **50**

Princesas, de Fernando León **52**

Escrito por mulleres **55**

O futuro da edición en galego **62**

Vozes do Deserto, de Nélida Piñon **67**

Rafael Lluis Ninyoles, *Idioma e poder social* **71**

Herba Moura, de Teresa Moure **75**

A palabra das fillas de Eva, de Teresa Moure **78**

Os meles conxugais para Pardo, Blasco, Blixen e Yourcenar **79**

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
BIBLIOTECA

FESTA DA PALABRA

SILENCIADA

Publicación Galega Feminista
Galicia. 2005

20

FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS

Concellaría da Muller
Concello de Vigo